

PLENO DO PARLAMENTO

***9 de abril de 2019
às 10.00 horas***

ÍNDICE

	<u>Páx.</u>
Convocatoria do Pleno	<u>1</u>
Relación de membros da Cámara	<u>7</u>
Listado para votación	<u>9</u>
 Punto 1. Textos legislativos	 <u>12</u>
1.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (doc. núm. 44223,10/PL-000012)	<u>13</u>
<i>Publicación do ditame da comisión, BOPG n.º 454, do 02.04.2019</i>	<u>14</u>
1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, de renda social galega (doc. núm. 46311, 10/PPL-000034)	<u>85</u>
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019</i>	<u>87</u>
 Punto 2. Comparecencia	 <u>143</u>
48487 (10/CPP-000098) Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación que está a atravesar a industria en Galicia	<u>144</u>
 Punto 3. Mocións	 <u>146</u>
3.1 48321 (10/MOC-000135) Grupo Parlamentario de En Marea Quinteiro Araújo, Paula e Villares Naveira, Luis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 47129, publicada no BOPG n.º 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)	<u>147</u>
3.2 48332 (10/MOC-000136) Grupo Parlamentario de En Marea Solla Fernández, Eva Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 46711, publicada no BOPG n.º 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)	<u>151</u>
3.3 48353 (10/MOC-000137) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	

Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia no ano 2019 para a mellora da atención primaria no Sistema público de saúde. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 47099, publicada no BOPG n.º 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)..... [154](#)

Punto 4. Proposicións non de lei [157](#)

4.1 42462 (10/PNP-003196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia conxuntamente coas tres universidades de Galicia para revisar o actual sistema de taxas académicas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 410, do 14.01.2019..... [158](#)

4.2 43484 (10/PNP-003250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019..... [162](#)

4.3 46671 (10/PNP-003503)

Grupo Parlamentario de En Marea

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de interese, coas “portas xiratorias” e cos posible casos de enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019..... [168](#)

4.4 46917 (10/PNP-003525)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a declaración de impacto ambiental que debe emitir o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da mina de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019..... [174](#)

4.5 47818 (10/PNP-003612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 3 máis

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa aplicación do superávit orzamentario das comunidades autónomas e dos incentivos previstos na disposición adicional 151 da Lei de orzamentos xerais do Estado, así como a actuación que debe levar a cabo para o impulso dun plan anual de mellora da atención primaria da saúde

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019..... [179](#)

4.6	47995 (10/PNP-003627)	
	Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
	Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis	
	Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019.....</i>	<u>183</u>
4.7	48070 (10/PNP-003633)	
	Grupo Parlamentario Popular de Galicia	
	Fernández Prado, Martín e 14 máis	
	Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co Plan director para o corredor Atlántico presentado o 20 de febreiro en Madrid.	
	<i>Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 450, do 27.03.2019.....</i>	<u>189</u>
4.8	48111 (10/PNP-003635)	
	Grupo Parlamentario Popular de Galicia	
	Moreira Ferro, Jacobo e 16 máis	
	Sobre a posición e as demandas que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da Avogacía do Estado de avirse nos recursos interpostos contra o acordo de prórroga da concesión de Ence nos terreos de Lourizán, en Pontevedra, así como sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos seus traballadores.	
	<i>Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 450, do 27.03.2019.....</i>	<u>194</u>
Punto 5.	Interpelacións	<u>199</u>
5.1	29769 (10/INT-000977)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis	
	Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018.....</i>	<u>200</u>
5.2	31757 (10/INT-001058)	
	Grupo Parlamentario de En Marea	
	Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David	
	Sobre a política laboral da Xunta de Galicia en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018.....</i>	<u>204</u>
5.3	43462 (10/INT-001432)	
	Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
	Prado Cores, María Montserrat e 5 máis	
	Sobre a política do Goberno galego en materia de mellora da atención primaria	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019.....</i>	<u>208</u>

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta[213](#)

6.1 48467 (10/POPX-000139)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as razóns do incumprimento da normativa vixente en materia de transparencia.....[214](#)

6.2 48481 (10/POPX-000140)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a incidencia do centralismo para o desenvolvemento de Galicia.....[216](#)

6.3 48482 (10/POPX-000141)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a situación na que se atopa o compromiso do Goberno galego respecto das residencias de persoas maiores.....[218](#)

Punto 7. Preguntas ao Goberno.....[220](#)

7.1 42134 (10/POP-004895)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 7 máis
Sobre as medidas da Xunta de Galicia destinadas a garantir o abastecemento de auga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 410, do 14.01.2019.....[221](#)

7.2 42696 (10/POP-005014)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coas obras en centros educativos da rede pública galega para este exercicio orzamentario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019.....[224](#)

7.3 45387 (10/POP-005417)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación da atención sanitaria na comarca do Condado-Paradanta, no que atinxe aos centros de saúde das Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e Ponteareas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019.....[227](#)

7.4 47467 (10/POP-005666)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos
Sobre a elaboración pola Consellería de Sanidade dalgún plan para a protección da saúde humana en relación coa contaminación por lindano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019.....[231](#)

7.5	48474 (10/PUP-000239)	
	Grupo Parlamentario de En Marea	
	Miranda Pena, Flora María	
	Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade para o deseño dun plan para abordar a situación da atención á saúde mental en Galicia	234
7.6	48480 (10/PUP-000240)	
	Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
	Prado Cores, María Montserrat e 5 máis	
	Sobre as razóns dos atrancos que está a poñer o Sergas para a construción canto antes do centro de saúde de Moaña	238
7.7	46815 (10/POP-005582)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis	
	Sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas nos anos 2017 e 2018 ao plan para fixar poboación no rural elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019</i>	242
7.8	47943 (10/POP-005722)	
	Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
	Rivas Cruz, José Luis e 5 máis	
	Sobre a opinión do Goberno galego respecto da resposta do comisario de Medio Ambiente da Comisión Europea a unha pregunta dunha eurodeputada galega en relación co posible aumento da superficie forestada con eucalipto en Galicia	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019</i>	245
7.9	48458 (10/PUP-000238)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel	
	Sobre as consecuencias da vaga de lumes rexistrada en Galicia no primeiro trimestre de 2019	249
7.10	46881 (10/POP-005599)	
	Grupo Parlamentario Popular de Galicia	
	Rey Varela, José Manuel e 9 máis	
	Sobre a existencia dalgún contacto doutras administracións coa Consellería do Mar para o asinamento dun convenio ou colaboración para a implantación de melloras produtivas na ría de Ferrol	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019</i>	251



A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 9 de abril de 2019, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 2 de abril de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos lexislativos

- 1.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (doc. núm. 44223,10/PL-000012)
Publicación do ditame da comisión, BOPG n.º 454, do 02.04.2019
- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, de renda social galega (doc. núm. 46311, 10/PPL-000034)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019

Punto 2. Comparecencia

48487 (10/CPP-000098)
Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación que está a atravesar a industria en Galicia

Punto 3. Mocións

- 3.1 48321 (10/MOC-000135)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 47129, publicada no BOPG n.º 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)
- 3.2 48332 (10/MOC-000136)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 46711, publicada no BOPG n.º 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)



- 3.3 48353 (10/MOC-000137)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia no ano 2019 para a mellora da atención primaria no Sistema público de saúde. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 47099, publicada no BOPG n.º 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)

Punto 4. Proposicións non de lei

- 4.1 42462 (10/PNP-003196)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia conxuntamente coas tres universidades de Galicia para revisar o actual sistema de taxas académicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 410, do 14.01.2019

- 4.2 43484 (10/PNP-003250)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019

- 4.3 46671 (10/PNP-003503)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de interese, coas
enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas ☐ portas xiratorias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019

- 4.4 46917 (10/PNP-003525)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a declaración de impacto ambiental que debe emitir o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da mina de Touro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019

- 4.5 47818 (10/PNP-003612)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 3 máis
Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa aplicación do superávit orzamentario das



comunidades autónomas e dos incentivos previstos na disposición adicional 151 da Lei de orzamentos xerais do Estado, así como a actuación que debe levar a cabo para o impulso dun plan anual de mellora da atención primaria da saúde

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019

- 4.6 47995 (10/PNP-003627)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019
- 4.7 48070 (10/PNP-003633)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 14 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co Plan director para o corredor Atlántico presentado o 20 de febreiro en Madrid.
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 450, do 27.03.2019
- 4.8 48111 (10/PNP-003635)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Moreira Ferro, Jacobo e 16 máis
Sobre a posición e as demandas que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da Avogacía do Estado de avirse nos recursos interpostos contra o acordo de prórroga da concesión de Ence nos terreos de Lourizán, en Pontevedra, así como sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos seus traballadores.
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 450, do 27.03.2019

Punto 5. Interpelacións

- 5.1 29769 (10/INT-000977)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018
- 5.2 31757 (10/INT-001058)
Grupo Parlamentario de En Marea



Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre a política laboral da Xunta de Galicia en relación co dispositivo de
prevención e extinción de incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018

- 5.3 43462 (10/INT-001432)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de mellora da atención
primaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

- 6.1 48467 (10/POPX-000139)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as razóns do incumprimento da normativa vixente en materia de
transparencia
- 6.2 48481 (10/POPX-000140)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a incidencia do centralismo para o desenvolvemento de Galicia
- 6.3 48482 (10/POPX-000141)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a situación na que se atopa o compromiso do Goberno galego
respecto das residencias de persoas maiores

Punto 7. Preguntas ao Goberno

- 7.1 42134 (10/POP-004895)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 7 máis
Sobre as medidas da Xunta de Galicia destinadas a garantir o
abastecemento de auga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 410, do 14.01.2019
- 7.2 42696 (10/POP-005014)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coas obras en centros
educativos da rede pública galega para este exercicio orzamentario



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019

- 7.3 45387 (10/POP-005417)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación da atención sanitaria na comarca do Condado-Paradanta, no que atinxe aos centros de saúde das Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e Pontearreas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019
- 7.4 47467 (10/POP-005666)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos
Sobre a elaboración pola Consellería de Sanidade dalgún plan para a protección da saúde humana en relación coa contaminación por lindano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019
- 7.5 48474 (10/PUP-000239)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade para o deseño dun plan para abordar a situación da atención á saúde mental en Galicia
- 7.6 48480 (10/PUP-000240)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as razóns dos atrancos que está a poñer o Sergas para a construción canto antes do centro de saúde de Moaña
- 7.7 46815 (10/POP-005582)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas nos anos 2017 e 2018 ao plan para fixar poboación no rural elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019
- 7.8 47943 (10/POP-005722)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da resposta do comisario de Medio Ambiente da Comisión Europea a unha pregunta dunha eurodeputada galega en relación co posible aumento da superficie forestada con eucalipto en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019



- 7.9 48458 (10/PUP-000238)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as consecuencias da vaga de lumes rexistrada en Galicia no primeiro trimestre de 2019
- 7.10 46881 (10/POP-005599)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rey Varela, José Manuel e 9 máis
Sobre a existencia dalgún contacto doutras administracións coa Consellería do Mar para o asinamento dun convenio ou colaboración para a implantación de melloras produtivas na ría de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 02/04/2019 18:29:54



RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Flora María Miranda Pena	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Patricia Otero Rodríguez	S
Rosa Oubiña Solla	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Julia Torregrosa Sañudo	EM
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia X Lexislatura

(actualizada 9 de outubro de 2018)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Alvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Angeles	P			
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
5. Blanco Paradelo, Moisés	P			
6. Blanco Rodríguez, Noela	S			
7. Cal Ogando, Marcos	EM			
8. Casal Vidal, Francisco	EM			
9. Castiñeira Broz, Jaime	P			
10. Chao Pérez, Luca	EM			
11. Cuña Bóveda, María de los Angeles	EM			
12. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
13. Egerique Mosquera, Teresa	P			
14. Fernández Fernández, Raúl	S			
15. Fernández Gil, César Manuel	P			
16. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
17. Fernández Prado, Martín	P			
18. García Míguez, María Angeles	P			
19. Gómez Salgado, Carlos	P			
20. Lago Peñas, José Manuel	EM			
21. Losada Alvarez, Abel Fermín	S			
22. Mato Otero, Beatriz	P			
23. Miranda Pena, Flora María	EM			
24. Moreira Ferro, Jacobo	P			
25. Mouriño Villar, Antonio	P			
26. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
27. Novo Fariña, María Isabel	P			
28. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
29. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
30. Otero Rodríguez, Patricia	S			

31. Oubiña Solla, Rosa	P			
32. Pazos Couñago, José Alberto	P			
33. Pérez Seco, José Manuel	S			
34. Pierres López, María Luisa	S			
35. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
36. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
37. Prado del Río, Paula	P			
38. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quinteiro Araújo, Paula	EM			
42. Rey Varela, José Manuel	P			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Angel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Torregrosa Sañudo, Julia	EM			
59. Trenor López, Gonzalo	P			
60. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel	P			
61. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
62. Vázquez Verao, Paula	EM			
63. Vega Pérez, Daniel	P			
64. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
65. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

66. Quintana Carballo, Rosa María	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. González Vázquez, José	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO

71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

1. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

- 1.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª,
 Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e
 Servizos, sobre o proxecto de lei de rehabilitación e de
 rexeneración e renovación urbanas de Galicia (doc. núm.
 44223,10/PL-000012)
 Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 454, do 02.04.2019

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia [155139](#)

■ Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

- G. P. de En Marea (doc. núm. 48395) [155206](#)
- G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 48391) [155207](#)
- G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 48350) [155208](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do 29 de marzo de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 44223 (10/PL-000012)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

BOPG nº 417, do 23.01.2019

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (10/PL-000012, doc. núm. 44223), o 29 de marzo de 2019

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do día 29 de marzo de 2019, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (10/PL-000012, doc. núm. 44223), de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

D I T A M E

Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

Exposición de motivos

I

A rehabilitación edificatoria, a rexeneración e a renovación urbanas son hoxe conceptos fundamentais no ámbito da estruturación do territorio e do espazo urbano, baseadas elas no sostemento social, económico e ambiental.



A situación de deterioración de moitos ámbitos, tanto urbanos coma rurais, ten causas diferentes que foron analizadas nas actuacións previas á elaboración do texto desta lei, das que se destacan os condicionantes de carácter normativo, administrativo, económico e, especialmente, os ligados á habitabilidade e a accesibilidade das vivendas e aos factores sociais e demográficos, entre os que se constata, en moitos casos, o envellecemento da poboación residente. Estas dinámicas implicaron o progresivo declive e abandono destes ámbitos, que en moitos casos, sobre todo nas vilas pequenas e nos núcleos rurais, ademais de supoñer a perda dun rico patrimonio cultural, se fixo extensivo a todo o núcleo poboacional no cal se insiren. Por iso, cómpre adoptar diferentes medidas que permitan atallar esta situación sempre desde a perspectiva de que a mellor forma de conservar é habitar, ocupar os espazos e xerar actividade.

Hai que salientar que a rehabilitación e a reutilización dos espazos residenciais abandonados ou degradados, xa sexa nas cidades, nas vilas ou nos núcleos rurais, xogan un papel fundamental nas políticas de vivenda como solución eficiente, sustentable e de futuro á hora de dar resposta ás necesidades de vivenda da poboación, de conservar o patrimonio construído e de minorar os impactos no medio.

A partir do coñecemento do tecido urbano e da súa evolución, a través dos procesos de rehabilitación, rexeneración e renovación búscase acadar o obxectivo de conservar o rico patrimonio edificatorio, tanto no ámbito rural coma nas vilas e nas cidades galegas, de manter os seus usos característicos e a súa poboación tradicional e, asemade, conseguir atraer as novas xeracións para que se poidan asentar nos espazos renovados.

Os conxuntos históricos deben desenvolver un papel activo como espazos que doten a cidade dun valor engadido, formando parte do conxunto da vida cidadá e repercutindo favorablemente no desenvolvemento global da cidade ou da vila.

Coa implantación e o pulo dos equipamentos culturais, coa dinamización da actividade comercial, coa preservación e a mellora dos espazos públicos de calidade e coas axudas á rehabilitación edificatoria, para acadar a mellora da habitabilidade e a eficiencia enerxética das vivendas e dos edificios, preténdese o mantemento da poboación tradicional fronte a procesos de xentrificación.

A conservación dos asentamentos nos ámbitos rurais debe axudar a manter un mellor equilibrio na repartición da poboación sobre o territorio, co fin de evitar o abandono e o despoboamento destas zonas e de facilitar o mantemento de actividades económicas e de servizos que doutra forma están abocados a desaparecer.

Neste senso, a intervención pública é fundamental para impulsar e fomentar a recuperación do construído. A mellora destes espazos debe xurdir do deseño de accións coordinadas que doten de vitalidade estas zonas e as fagan atractivas como ámbitos de residencia e actividade.

Por todo o anterior, considérase necesario contar cunha ferramenta legal eficaz que facilite as actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas, especialmente naqueles espazos máis vulnerables e abandonados, coa finalidade de mellorar as edificacións e os espazos públicos e de servir ademais de instrumento para o desenvolvemento económico, na procura, en definitiva, de satisfacer o interese xeral na preservación do noso patrimonio edificado, de dinamizar as nosas vilas e cidades e de mellorar a calidade de vida de todos os galegos e as galegas.



Así, esta lei, de acordo coas liñas estratéxicas apuntadas, nace coa vocación de crear un marco estable, integrado e claro que permita impulsar e axilizar as actuacións en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas, ao facilitar as intervencións das persoas particulares e ao coordinar as políticas públicas nesta materia. Así mesmo, permitirá dar resposta ás necesidades de actuación nas vivendas e nos locais, mellorar os servizos e as infraestruturas, integrar as políticas de protección do patrimonio cultural, atender as necesidades de mobilidade das persoas residentes e fomentar a eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables en consonancia coas directrices europeas.

En consecuencia, a lei pon especial incidencia, ademais de na rehabilitación dos edificios, na rexeneración urbana de áreas degradadas a través da realización de plans de viabilidade, diagnose e integración, en prol de conseguir a recuperación e a accesibilidade dos espazos urbanos e posibilitar o deseño de programas dirixidos ao asentamento da poboación.

A lei persecue, en aplicación dos principios de proporcionalidade e eficiencia, simplificar as tramitacións administrativas necesarias para a realización das actuacións de rehabilitación, co fin de impulsar a participación pública e privada nas actuacións de rexeneración e renovación de ámbitos urbanos ou rurais en estado de abandono, e conseguir unha verdadeira transformación destes espazos, o que permite a conservación do noso patrimonio construído, facilitalles o acceso á vivenda a moitos cidadáns e cidadás e mellora a calidade de vida das persoas xa residentes.

Desde o punto de vista da seguranza xurídica, esta lei ten pleno encaixe no marco europeo e estatal. Ela enmárcase na Estratexia común europea nas materias de rehabilitación e de desenvolvemento sustentable, recollida na Carta de Leipzig sobre cidades europeas sustentables de 2007, na Declaración de Marsella do 25 de novembro de 2008, na Declaración de Toledo do 22 de xuño de 2010 e na Estratexia Europa 2020, aprobada polo Consello Europeo o 17 de xuño de 2010. Así mesmo, esta lei garda coherencia co resto do ordenamento xurídico nacional, no que o Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, regula, para todo o territorio estatal, as condicións básicas que garanten un desenvolvemento sustentable, competitivo e eficiente do medio urbano, mediante o impulso e o fomento das actuacións que conducen á rehabilitación dos edificios e á rexeneración e a renovación dos tecidos urbanos existentes, cando foren necesarias para lles asegurar aos cidadáns e ás cidadás unha adecuada calidade de vida e a efectividade do seu dereito a gozaren dunha vivenda digna e adecuada.

Por último, hai que sinalar que a lei se tramitou con suxeición ao principio de transparencia, buscando a participación activa das potenciais persoas destinatarias.

II

A lei estrutúrase nun título preliminar, catro títulos, dúas disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

O título preliminar establece o obxecto da lei e as disposicións comúns ás diferentes actuacións que nela se prevén.

Inclúese un glosario de conceptos que teñen unha especial relevancia no texto da lei. Para estes efectos, recóllense as definicións que figuran no Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro,



polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, así como no Real decreto 314/2016, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación, código ao que remite a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, dado que é normativa básica, co engadido daqueloutros termos que non aparecen definidos en ambos os textos.

Regúlase tamén neste título o informe de avaliación de edificios, co que se dá resposta á situación creada tras a Sentenza 143/2017, do 14 de decembro de 2017, do Tribunal Constitucional, e ofrécese un marco normativo na Comunidade Autónoma de Galicia.

III

O título I, de acordo co criterio marcado pola normativa básica estatal, regula a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas como actuacións no medio urbano. Neste senso, é necesario apoiar as actuacións de conservación de edificios e vivendas, mellorando as condicións de habitabilidade, velando por dotalas da seguridade estrutural que precisan, incentivando a mellora da eficiencia enerxética e actuando no eido da eliminación de barreiras arquitectónicas para garantir a accesibilidade, sen esquecer a especial incidencia que teñen na nosa comunidade autónoma o medio rural e as vivendas unifamiliares.

Establécense os requisitos e os efectos da delimitación dun ámbito de actuación, mediante un acordo administrativo de identificación da actuación illada de rehabilitación ou de delimitación dunha área de actuación conxunta, xa sexa realizada e aprobada ben por un concello ou ben pola Administración autonómica.

Inclúense as medidas que facilitan as actuacións de rehabilitación, tanto para a realización de obras orientadas a mellorar a accesibilidade e a eficiencia enerxética das edificacións coma para intervenir en inmobles que se atopan en total abandono e deterioración, mediante a regulación dos procedementos de expropiación, venda e substitución forzosas, co que se pode minorar o dereito de propiedade do solo nunha porcentaxe non superior ao cincuenta por cento do seu valor, de tal xeito que estas edificacións non sexan un obstáculo permanente para a recuperación dun ámbito. En todo caso, sinálase a necesidade de arbitrar mecanismos que garantan os dereitos das persoas propietarias ou ocupantes que non dispoñen de recursos para afrontaren directamente os gastos das actuacións.

Respecto destes procedementos, é importante salientar que a regulación busca dotar a administración actuante dun mecanismo áxil que permita garantir o cumprimento das obrigas de edificación, conservación e rehabilitación dos inmobles, axustado á normativa básica estatal e completando a regulación da lexislación do solo de Galicia, prevista exclusivamente para os concellos en que exista un Rexistro de Soares, ao que se lle confire carácter voluntario en virtude da disposición derradeira primeira.

Inclúense así mesmo unhas medidas orientadas a axilizar a tramitación das autorizacións administrativas para as intervencións de rehabilitación nos camiños de Santiago.

Este título dedícase tamén á planificación e á xestión da rehabilitación edificatoria e da rexeneración e renovación urbanas desde unha perspectiva urbanística. Neste ámbito, hai que sinalar a



regulación dun procedemento de tramitación simplificada dos instrumentos de planeamento para as modificacións puntuais non substanciais, de escasa entidade e alcance reducido e local, que afecten unha superficie moi limitada do ámbito e que non modifiquen a clasificación do solo.

Así mesmo, neste título regúlanse as consecuencias do incumprimento do deber de conservación e de rehabilitación polas persoas propietarias dos inmobles, así como o procedemento para declarar o dito incumprimento.

Establécense tamén unhas normas de aplicación directa para todos aqueles ámbitos que están, ou deberían estar, regulados por un plan especial de protección, co obxecto de articular unhas normas que sexan aplicables de inmediato e que permitan modular as determinacións do planeamento xeral ou dos plans especiais, ou reducir certas barreiras á rehabilitación, mantendo o criterio básico da protección dos elementos e das edificacións que así o merezan. Xa que logo, inclúense unha serie de actuacións permitidas en función do nivel de protección da edificación, de tal xeito que, sen desatender a debida protección do inmovible nin do ámbito onde se localiza, poidan realizarse intervencións que permitan dispoñer dunha edificación cos niveis de prestacións e confort actualmente requiridos e posibilitar a súa recuperación e ocupación, o que constitúe, sen dúbida, a mellor forma de conservación.

IV

O título II regula as áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica, coa potenciación das xa existentes áreas de rehabilitación integral (ARI), para lles dar un contido máis amplo ás actuacións que hai que realizar e prever o financiamento das actuacións dentro do seu ámbito.

A declaración destas áreas de rehabilitación integral afecta ámbitos urbanos en estado de deterioración e que precisan dun apoio público para que as persoas residentes e as persoas propietarias poidan acometer actuacións de mellora nas súas vivendas, á vez que o concello realiza intervencións nos espazos públicos. Estas áreas serán declaradas pola Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, logo dos informes que se coiden oportunos.

Aqueles ámbitos especialmente degradados dos que a súa delimitación coincida, total ou parcialmente, cun conxunto histórico declarado ben de interese cultural (BIC) poderán ser declarados polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de vivenda, e logo dos informes oportunos, como áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe), de tal xeito que se poidan realizar actuacións de rehabilitación ao mesmo tempo que se articulan medidas sociais, urbanísticas, ambientais e económicas, enmarcadas nunha estratexia administrativa global e unitaria. Nestes ámbitos cómpre dispoñer dun plan de dinamización como un instrumento estratéxico, que marcará as actuacións que se deben realizar tanto en materia de rehabilitación das vivendas e de protección do patrimonio cultural coma de todas aquelas medidas que contribúan a unha revitalización integral do ámbito. O plan será aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e deberá incluír medidas de impulso das diferentes administracións participantes.

Singular atención merecen as zonas de especial necesidade de rehabilitación (ZER) que se declaran para edificios específicos ou conxuntos deles, cando for preciso realizar unha intervención urxente debido ao seu estado de deterioración, á súa especial incidencia para a recuperación do



ámbito ou ao interese xeral de certas actuacións para facilitar a instalación de dotacións ou equipamentos que teñan unha especial relevancia ou constitúan un importante impulso para a recuperación económica ou social do ámbito.

Tamén neste título se presta unha especial atención aos núcleos rurais en estado de abandono, coa proposta de formas de actuación que posibiliten a súa rehabilitación, mediante un procedemento público de venda, rexistros municipais e unha plataforma informática, a nivel autonómico, para a difusión dos anteditos procedementos.

V

O título III contén diferentes medidas orientadas á coordinación e á simplificación administrativas, e así mantense a importancia das oficinas de rehabilitación coa creación dunha rede de oficinas para mellorar a súa eficacia e coordinación. Para estes efectos, crearase unha plataforma informática de rehabilitación, con acceso compartido para todas as oficinas, onde se poderán fixar as directrices, realizar as consultas, compartir as solucións técnicas e dispoñer dun sistema de información xeográfica, orientado a facilitar a programación das actuacións, así como calquera outra información que se considere oportuna.

Así mesmo, créanse os centros Rexurbe, vinculados ás áreas de rexeneración urbana de interese autonómico. Estes centros requirirán uns medios materiais e persoais e mais unha solvencia técnica que lles permita asumir competencias da Administración local e autonómica na planificación e na execución das actuacións de rexeneración, tanto desde o punto de vista de vivenda e patrimonio cultural coma social e económico.

VI

O título IV está dedicado ás medidas de fomento e ao financiamento dos procesos de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas. Así, inclúense medidas de apoio para posibilitar acceder a diferentes tipos de financiamento público: fondos estruturais europeos, estatais, autonómicos e locais, ademais de buscar outras fórmulas, como instrumentos financeiros ou incentivos fiscais. Así mesmo, é imprescindible establecer formas de colaboración público-privada para atraer os investimentos dos promotores inmobiliarios e das persoas particulares ás actuacións en materia de rehabilitación edificatoria.

Nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico, ademais de seren aplicables todas as medidas previstas con carácter xeral para as áreas de rexeneración urbana, poderanse realizar intervencións directas da Xunta de Galicia, de tal xeito que, en función das súas dispoñibilidades orzamentarias, adquira e rehabilite edificios. Estas intervencións terán a finalidade de iniciar a recuperación da zona, de tal forma que supoñan un estímulo para que a iniciativa privada continúe coa rehabilitación doutras unidades edificatorias.

Nesta liña, ademais das axudas ás persoas particulares, é necesario establecer axudas ás persoas promotoras para que recuperen edificacións completas, destinando unha parte delas ao alugamento cunha renda máxima taxada; favorecer a constitución de cooperativas para a rehabilitación; poñer edificacións en mans de quen as vaia rehabilitar mediante un dereito de su-



perficie, cesión, permuta de cousa futura, arrendamento con ou sen opción de compra ou venda, para reducir o investimento inicial ou facilitar a adquisición dos inmobles, ou fomentar a rehabilitación con destino á vivenda de promoción pública concertada; implantar plans de promoción do envellecemento activo e da convivencia interxeracional, e fomentar a implantación de actividades comerciais e de servizos tanto públicos coma de profesionais no ámbito.

Ademais deste apoio á iniciativa privada, a lei é consecuente cos obxectivos expostos e prevé expresamente medidas destinadas a posibilitar o realoxamento e o retorno das persoas habitantes das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico, así como axudas para a rehabilitación con destino a equipamentos de carácter social, cultural ou educativo e para a urbanización, a reurbanización, o acondicionamento e a mellora da accesibilidade nos espazos públicos.

Merece especial atención o canon de inmobles declarados en estado de abandono que se crea nesta lei como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, con natureza de imposto, de carácter real e finalidade extrafiscal, que somete a gravame os inmobles declarados en estado de abandono nos ámbitos en que estea declarada unha área de rexeneración urbana de interese autonómico. Este tributo nace coa finalidade de impulsar as actuacións de rehabilitación nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico e evitar o estado de abandono das edificacións existentes nestas áreas, co que se reduce, consecuentemente, o número de inmobles en estado de abandono. Os ingresos efectivamente obtidos pola recadación deste tributo, deducidos os custos de xestión, destinaranse a financiar as actuacións e as medidas de dinamización e mais a protección da área de rexeneración urbana de interese autonómico en que se recaden. Esta afección nace da finalidade mesma do canon, de xeito que as persoas propietarias incumplidoras contribúan efectivamente á recuperación, ao impulso e á dinamización da área Rexurbe, que, non debe esquecerse, é unha área de interese autonómico.

VII

A lei inclúe cinco disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

A disposición adicional primeira, dedicada á adquisición directa de terreos e/ou edificacións por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo, recolle a posibilidade de que o Instituto adquira directamente bens inmobles no marco das actuacións previstas na lei, co obxectivo de axilizar os procesos de rehabilitación edificatoria, de rexeneración e de renovación urbanas. A disposición adicional primeira *bis* establece que o Observatorio da Vivenda de Galicia prestará especial atención ao estudo e á análise das actuacións de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas en Galicia, e difundirá a información xeral, estatística ou técnica resultante. A disposición adicional segunda posibilita a aplicación das medidas específicas de fomento e financiamento das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico a outros ámbitos. A disposición adicional terceira prevé medidas que faciliten as actuacións vinculadas á extensión de redes de servizos nos conxuntos históricos. E a disposición adicional cuarta recolle a posibilidade de que as medidas desta lei se poidan levar a cabo mediante uns acordos de colaboración coa Igrexa católica como propietaria dunha boa parte do patrimonio cultural de Galicia.

As disposicións transitorias refírense á homoxeneización dos catálogos de protección, ao réxime das áreas de rehabilitación declaradas e ao das oficinas de rehabilitación existentes, así como, a última, ao Consorcio do Casco Vello de Vigo.



Remata a lei con seis disposicións derradeiras, entre as cales merecen especial atención as tres primeiras, que modifican diferentes textos legais vixentes. Así, a primeira disposición derradeira modifica a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no relativo ao Rexistro de Soares e á tipificación da infracción polo incumprimento do deber de cubrir no tempo e na forma o informe de avaliación dos edificios; a segunda, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, para estender o réxime de autorizacións previsto no artigo 58 aos bens catalogados con plans especiais de protección aprobados definitivamente e mais para engadir un dos dous novos supostos á regulación das infraccións leves e outro ás infraccións graves; a terceira, a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, no tocante ás actuacións do Instituto Galego da Vivenda e Solo. A disposición derradeira cuarta habilita a Lei de orzamentos para modificar calquera elemento do canon de inmobles declarados en estado de abandono, e na entrada en vigor da lei prevese expresamente que o dito canon se comezará a exixir desde o 1 de xaneiro do ano 2020.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Principios xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta lei ten por obxecto regular a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e a renovación urbanas na Comunidade Autónoma de Galicia, con especial incidencia na conservación e a mellora dos conxuntos históricos, dos núcleos rurais e do patrimonio edificado, na habitabilidade das vivendas, na súa accesibilidade e a dos espazos públicos, na modernización tecnolóxica, na cuestión social e mais na dinamización económica.

Artigo 2. *Definicións*

Para os efectos do disposto nesta lei, e sen prexuízo do sinalado no artigo 40 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, os conceptos incluídos neste artigo serán interpretados e aplicados co significado e co alcance seguintes:

a) Actuacións edificatorias: as actuacións de nova edificación, as de substitución da edificación existente e as de rehabilitación edificatoria, sempre que non se trate das actuacións de transformación urbanística definidas no Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aínda que poidan requirir obras complementarias de urbanización.

b) Obras de nova edificación: as obras de construción dun novo edificio sobre un soar baleiro.

c) Obras de substitución dunha edificación existente: as obras que implican a demolición dun edificio, ou das partes del que se conserven, e a construción sobre o soar baleiro dun novo edificio.

d) Actuacións de rehabilitación edificatoria: as actuacións que consisten na realización das obras e dos traballos de mantemento ou de intervención nos edificios existentes, nas súas instalacións e



nos espazos comúns, nos termos dispostos pola Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

e) Actuacións de mantemento: as actuacións de rehabilitación edificatoria que consisten no conxunto de traballos e obras que se deben efectuar periodicamente para previr a deterioración dun edificio, ou as reparacións puntuais que se realicen neste, co obxecto de o manter en bo estado para que, cunha fiabilidade axeitada, cumpra cos requisitos básicos da edificación.

f) Actuacións de intervención nos edificios existentes: as actuacións de rehabilitación edificatoria que consisten na ampliación, na reforma ou no cambio de uso que se realicen nos edificios existentes que non teñan a consideración de actuacións de mantemento.

g) Obras de ampliación: as obras en que se incrementa a superficie ou o volume construídos dunha edificación existente.

h) Obras de reforma: calquera traballo ou obra nun edificio existente distinto do que se leve a cabo para o exclusivo mantemento do edificio.

i) Cambio de uso: as actuacións que, comportando ou non a execución de obras, teñan por obxecto modificar o uso actual ou previsto nun edificio, ou nunha parte del, por outro permitido pola lexislación urbanística.

j) Actuacións sobre o medio urbano: as actuacións de rehabilitación edificatoria e as de rexeneración e renovación urbanas, desenvolvidas en solo urbano ou de núcleo rural.

k) Actuacións illadas de rehabilitación: as actuacións identificadas como tales pola administración competente, seguindo o procedemento recollido nesta lei, co obxecto de rehabilitar edificacións existentes cando existan situacións de insuficiencia ou degradación dos requisitos básicos de funcionalidade, seguridade e habitabilidade das edificacións.

l) Actuacións de rexeneración e renovación urbana: as actuacións que afectan tanto edificios coma tecidos urbanos, e que poden chegar a incluír obras de nova edificación en substitución de edificios previamente demolidos.

m) Actuacións de rexeneración e renovación urbana de carácter integrado: as actuacións de rexeneración e renovación urbana cando articulen medidas sociais, ambientais e económicas enmarcadas nunha estratexia administrativa global e unitaria.

n) Conxunto histórico: a agrupación de bens que conforman unha unidade de asentamento de poboación, continua ou dispersa, cunha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade que resulta un testemuño cultural significativo polo interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico, aínda que individualmente os elementos que a conforman non teñan unha especial relevancia, e que, consonte o disposto na lexislación do patrimonio cultural da Comunidade Autónoma de Galicia, teñan a consideración de ben de interese cultural ou de ben catalogado.

Artigo 3. *Principios e criterios da rehabilitación edificatoria e da rexeneración e a renovación urbanas*

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia favorecerán cos seus plans, proxectos e programas a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e a renovación urbanas, aplicando os principios de protección, conservación e reutilización do patrimonio construído, cohesión social, perspectiva de xénero, desenvolvemento urbano compacto, sustentabilidade e eficiencia enerxética.

2. A planificación das actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas axustaranse aos criterios seguintes:

- a) O fomento da calidade de vida da cidadanía e a habitabilidade das súas vivendas.
- b) A protección, a conservación e o acrecentamento dos bens inmobles que forman parte do patrimonio cultural de Galicia, posibilitando a adecuación das edificacións aos usos que garantan a súa preservación e a revitalización do ámbito en que se sitúan de forma coherente coa salvagarda dos seus valores culturais.
- c) A dinamización económica dos conxuntos históricos e o mantemento da vitalidade urbana.
- d) A promoción da diversidade, a igualdade e a cohesión social, a calidade e a accesibilidade dos espazos públicos.
- e) A mestura de usos, mediante a admisión da maior compatibilidade das actividades produtivas e comerciais co uso residencial.
- f) O desenvolvemento das infraestruturas dirixidas ás novas tecnoloxías da información.
- g) A redución do consumo enerxético mediante a utilización de sistemas pasivos, o fomento da utilización de sistemas centralizados de produción de enerxía e o uso de enerxías renovables, tanto a nivel de edificacións coma de conxuntos urbanos.
- h) O aforro de auga e o mellor aproveitamento dos recursos hídricos.
- h *bis*) A perspectiva de xénero, tendo en conta os aspectos económicos e sociais.
- h *ter*) A integración de persoas e de colectivos en risco de exclusión.
- h *quater*) O alcance da máxima garantía posible para a accesibilidade en condicións de igualdade de todas as persoas, sexan cales sexan as súas limitacións e o carácter permanente ou transitorio destas, propiciando a supresión ou a diminución de barreiras arquitectónicas, urbanísticas ou de comunicación.
- h *quinques*) O fomento do uso sustentable do patrimonio edificado, propiciando o seu uso intensivo e incentivando a rehabilitación fronte á obra nova.



2 bis. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a realización de programas de cara ao aumento da concienciación e da sensibilidade respecto dos valores do patrimonio construído, así como da consecución de espazos dotados cunha maior calidade urbanística, de tal forma que favoreza a concienciación sobre a situación de deterioración de moitos inmobles ou ámbitos, tanto urbanos coma rurais, e na busca dunhas solucións eficientes e sustentables, nun modelo que se dirixirá preferentemente ás persoas en idade escolar.

Artigo 4. *Persoas obrigadas e os seus deberes*

1. Sen prexuízo do disposto na normativa do solo de Galicia, as persoas e as comunidades titulares de terreos e construcións, instalacións e edificios teñen o deber de os manter nas debidas condicións de seguridade, salubridade, eficiencia enerxética, ornato público e decoro, coa realización neles dos traballos e das obras precisas para conservalos ou melloralos, co fin de manter as condicións requiridas para a habitabilidade, a accesibilidade ou o uso efectivo correspondente cun consumo enerxético responsable. No caso de que os bens inmobles da súa titularidade formen parte do patrimonio cultural de Galicia tamén están obrigadas a conservalos, mantelos e custodiarlos debidamente para evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

2. No caso de transmisión, as persoas adquirentes subrogaranse nos dereitos e deberes das anteriores persoas titulares, así como nas obrigas asumidas por estas fronte á administración competente e que figuren consignadas rexistralmente, nos termos establecidos pola lexislación estatal e pola normativa do solo de Galicia.

3. O incumprimento dos deberes de conservación, mellora, rehabilitación edificatoria ou rexeneración e renovación urbanas habilitará a Administración municipal, e nos casos previstos nesta lei a Administración autonómica, para a execución subsidiaria das obras ou dos labores pertinentes, así como para a aplicación do réxime de venda ou substitución forzosas ou expropiación polo incumprimento da función social da propiedade, sen prexuízo doutras medidas que se conteñan na lexislación sobre a ordenación territorial e urbanística.

CAPÍTULO II

Informe de avaliación dos edificios

Artigo 5. *Concepto de informe de avaliación dos edificios*

1. O informe de avaliación do edificio (IAE) é un instrumento que acredita a situación en que se atopa un edificio en relación co seu estado de conservación, co cumprimento da normativa vixente sobre accesibilidade e co seu grao de eficiencia enerxética.

2. Corresponde aos concellos velar polo cumprimento da obriga de redactar os informes de avaliación dos edificios.

Artigo 6. *Contido do informe de avaliación dos edificios*

1. O informe de avaliación do edificio identificará o edificio con expresión da súa referencia catastral e a súa identificación rexistral a través do Código rexistral único (CRU), ao que se refire o artigo 9 da Lei hipotecaria, e conterá, como mínimo, a seguinte información:



a) A avaliación do estado de conservación do edificio, que incluíra o seu estado xeral, o dos seus elementos estruturais e construtivos e mais o das instalacións que non requiran, pola súa normativa sectorial, inspeccións técnicas específicas, así como as patoloxías ou deficiencias que se poidan apreciar coa inspección visual. No caso das instalacións que requiran, de acordo coa súa normativa de aplicación, unha inspección técnica específica, o persoal técnico que efectúe a avaliación do edificio limitárase a requirirlles ás persoas usuarias, propietarias ou administradoras a presentación dos correspondentes contratos de mantemento, os boletíns, os informes ou os outros documentos que acrediten o cumprimento das exixencias propias de cada instalación.

b) A avaliación das condicións básicas de accesibilidade universal e non-discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e a utilización do edificio, de acordo coa normativa vixente, para establecer se o edificio é susceptible ou non de realizar axustes razoables para satisfacelas.

c) A certificación da eficiencia enerxética do edificio, co contido e mediante o procedemento establecido pola normativa vixente.

d) En edificios catalogados e declarados bens de interese cultural (BIC), a avaliación do estado de conservación dos elementos merecentes de protección cultural de acordo coas determinacións do catálogo, a declaración do ben como de interese cultural ou as normas que determinen a súa protección.

e) A avaliación de calquera outra condición básica da edificación que se determine de xeito regulamentario.

2. Regulamentariamente determinárase o contido detallado, a estrutura, o alcance e os efectos derivados dos informes de avaliación dos edificios.

Artigo 7. Obrigatoriedade do informe de avaliación dos edificios

1. Están obrigadas a dispoñer do informe de avaliación do edificio as persoas propietarias únicas de edificios, as comunidades de propietarios e propietarias ou as agrupacións de comunidades de propietarios e propietarias de edificios que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

a) Os edificios de uso residencial de vivenda colectiva cunha antigüidade de máis de cincuenta anos, agás que a normativa municipal estableza unha antigüidade inferior.

b) O resto dos edificios cando así o determine a normativa municipal, que poderá establecer especialidades de aplicación do citado informe en función da súa situación, antigüidade, tipoloxía ou uso predominante.

2. Se o edificio conta cunha inspección técnica de edificios (ITE) en vigor, poderanse incorporar os datos desta ao informe de avaliación do edificio sen necesidade de realizar unha nova inspección, sempre e cando o contido desta se axuste ao disposto no regulamento que o desenvolva.

3. O informe de avaliación do edificio deberá presentarse no concello en que está situado o inmovible e incorporarse ao libro do edificio.



4. O incumprimento do deber de presentar o informe de avaliación do edificio no tempo e na forma terá a consideración de infracción urbanística co carácter e as consecuencias que atribúa a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Artigo 8. Vixencia e periodicidade do informe de avaliación dos edificios

1. O informe de avaliación do edificio terá unha vixencia de dez anos desde a data da súa elaboración. Os concellos poderán establecer unha vixencia menor mediante unha ordenanza municipal.

2. No suposto previsto no punto 2 do artigo anterior, a vixencia do informe de avaliación do edificio será de dez anos transcorridos desde a data de elaboración da inspección técnica de edificios.

Artigo 9. Capacitación para subscribir o informe de avaliación dos edificios

1. O informe de avaliación do edificio deberá ser subscrito polo persoal técnico facultativo competente. Para tal efecto, considérase persoal técnico facultativo competente o que estea en posesión de calquera das titulacións académicas e profesionais que habilitan para a redacción de proxectos ou a dirección de obras e para a dirección de execución de obras de edificación, segundo o establecido na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, ou teña acreditada a cualificación necesaria para a realización do informe, segundo as disposicións aplicables en materia de capacitación profesional.

O dito persoal técnico, cando o coide necesario, poderá solicitar, en relación cos aspectos relativos á accesibilidade universal, o criterio experto das entidades e das asociacións de persoas con discapacidade que contén cunha acreditada traxectoria e teñan entre os seus fins sociais a promoción da dita accesibilidade.

2. Cando se trate de edificios pertencentes ás administracións públicas, poderá subscribir os informes de avaliación dos edificios, de ser o caso, o persoal dos correspondentes servizos técnicos que, pola súa capacitación profesional, poida asumir as mesmas funcións a que se refire o punto anterior.

3. As deficiencias que se observen en relación coa avaliación do disposto no artigo 6 xustificaranse no informe baixo o criterio e a responsabilidade do persoal técnico competente que o subscriba.

Artigo 10. Rexistro de Informes de Avaliación de Edificios

1. A Administración da Comunidade Autónoma creará un Rexistro de Informes de Avaliación de Edificios, no cal os concellos deberán rexistrar os informes que se presenten no seu termo municipal.

2. A consellaría competente en materia de vivenda poñerá á disposición gratuíta dos concellos unha aplicación informática na que rexistrar os ditos informes.



TÍTULO I

Actuacións sobre o medio urbano

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 11. *A iniciativa na ordenación das actuacións no medio urbano*

1. A iniciativa para propoñer a ordenación das actuacións sobre o medio urbano, nos termos establecidos pola lexislación básica estatal, corresponderá:

- a) ás administracións públicas
- b) ás entidades públicas adscritas ou dependentes delas
- c) ás persoas físicas e xurídicas propietarias e titulares de dereitos reais ou de aproveitamento
- d) ás comunidades e ás agrupacións de comunidades de persoas propietarias
- e) ás cooperativas de vivenda constituídas para o efecto e
- f) ás empresas, entidades ou sociedades que interveñan en nome de calquera dos suxeitos citados nas alíneas c), d) e e).

2. A dirección do proceso, tanto nos supostos de iniciativa pública coma privada, corresponde ás administracións públicas ou ás entidades adscritas a elas.

Artigo 12. *Requisitos previos para a ordenación das actuacións no medio urbano*

1. As actuacións sobre o medio urbano que precisen unha intervención pública requirirán que o concello ou, se é o caso, a Administración autonómica delimite o ámbito da actuación, mediante un acordo administrativo de identificación da actuación illada de rehabilitación ou de delimitación dunha área de actuación conxunta, agás que a intervención da administración se limite á imposición de multas coercitivas ou de ordes de execución subsidiaria.

Os ámbitos da actuación conxunta poderán ser continuos ou descontinuos.

No caso en que sexa preciso proceder á repartición de cargas e beneficios, a identificación da actuación illada de rehabilitación ou de delimitación da área de actuación conxunta establecerá o sistema de xestión adoptado para o ámbito.

2. A delimitación do ámbito en que se poden realizar as actuacións sinaladas no punto precedente pode corresponder:

- a) Ao concello, e neste caso aplicárase, para os efectos previstos nesta lei, exclusivamente o réxime establecido neste título, ademais da súa lexislación específica.



b) Á Xunta de Galicia, en calquera das clases reguladas no título II, suposto no cal lle será aplicable o réxime previsto nesta lei.

3. As intervencións sobre o medio urbano que precisen a modificación da ordenación urbanística do ámbito requirirán a previa ou simultánea tramitación do novo instrumento de planeamento ou a modificación daquel.

O documento de planeamento poderá incluír a delimitación dos ámbitos de xestión de acordo coa normativa urbanística e prever, se é o caso, a identificación das actuacións illadas de rehabilitación ou dos ámbitos de xestión conxunta de rehabilitación edificatoria ou de rexeneración ou renovación urbanas.

Poderanse identificar actuacións illadas de rehabilitación ou delimitar ámbitos de actuación conxunta con posterioridade á aprobación do instrumento de planeamento que modifique a ordenación do ámbito.

4. O acordo administrativo mediante o que se delimiten os ámbitos de actuación conxunta ou se autoricen as actuacións que deban executarse de maneira illada garantirán, en todo caso, a realización das notificacións requiridas pola lexislación aplicable e o trámite de información ao público, cando este sexa preceptivo. O dito acordo conterá, ademais e como mínimo, os extremos seguintes:

a) A identificación dos inmobles incluídos no ámbito que se vai delimitar e a descrición das actuacións que é preciso executar.

b) A identificación dos inmobles incluídos no ámbito nos cales as actuacións de rehabilitación edificatoria superen o límite do deber legal de conservación.

O deber legal de conservación, que constituirá o límite das obras que se deban executar por conta das persoas propietarias cando a administración as ordene por motivos turísticos ou culturais, ou para a mellora da calidade ou sustentabilidade do medio urbano, establécese, de acordo coa lexislación estatal, na metade do valor actual de construción dun inmovible de nova planta, equivalente ao orixinal, en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, se for o caso, quede en condicións de ser legalmente destinado ao uso que lle sexa propio. Cando se supere o dito límite, as obras que o excedan para obter melloras de interese xeral serán por conta dos fondos da administración que impuxo a súa realización.

c) O avance, se é o caso, da equidistribución que sexa precisa.

Enténdese por tal a distribución, entre todas as persoas afectadas, dos custos derivados da execución da correspondente actuación e dos beneficios imputables a esta, incluíndo entre estes as axudas públicas e todos os que permitan xerar algún tipo de ingreso vinculado á operación.

A equidistribución poderá afectar tanto actuacións de transformación urbanística coma actuacións edificatorias.



A equidistribución tomará como base as cotas de participación que correspondan a cada unha das persoas propietarias na comunidade de propietarios e propietarias ou na agrupación de comunidades de propietarios e propietarias, e nas cooperativas de vivendas que se puidesen constituír para o efecto, así como a participación que, se é o caso, corresponda, de conformidade co acordo ao que se chegase, ás empresas, entidades ou sociedades que vaian intervir na operación, para retribuír a súa actuación.

d) Deberá ter en conta a situación socioeconómica das persoas ocupantes das edificacións así como a das súas propietarias, para que se garantan os seus dereitos e se consideren solucións alternativas na xestión cando pola súa situación económica, a súa idade ou outras circunstancias non poidan afrontar directamente os gastos da actuación.

e) O sistema de xestión deberá arbitrar mecanismos específicos para garantir a tutela real e efectiva da actuación por parte da administración, así como os dereitos das persoas ocupantes e propietarias das vivendas ou edificacións e mais as determinacións da alínea d).

f) Sempre que sexa posible, deberase garantir a permanencia das persoas ocupantes nas vivendas durante a actuación. En todo caso, asegurárase o dereito de realoxamento e de retorno, especialmente cando aquelas se atopen en situación de vulnerabilidade económica e social.

Artigo 13. *Efectos da delimitación espacial dun ámbito de rehabilitación edificatoria ou de rexeneración ou renovación urbanas*

1. A delimitación espacial do ámbito de actuación sobre o medio urbano, sexa conxunta ou illada, unha vez firme na vía administrativa, marca o inicio das actuacións que se deben realizar, de conformidade coa forma de xestión pola que optase a administración actuante.

Esta delimitación habilita, de ser o caso, o inicio do procedemento de equidistribución de beneficios e de cargas entre as parcelas afectadas e comporta a declaración da utilidade pública ou, se é o caso, o interese social, para os efectos da aplicación dos réximes de expropiación, venda e substitución forzosas dos bens e dos dereitos necesarios para a súa execución, e a súa suxeición aos dereitos de tanteo e retracto a favor da administración actuante, ademais daqueles outros que expresamente deriven do disposto na lexislación aplicable. Regulamentariamente, determinarase o procedemento para o exercicio dos dereitos de tanteo e retracto.

A dita declaración poderase estender aos terreos precisos para conectar a actuación de urbanización coas redes xerais de servizos, cando for necesario.

2. Será posible ocupar as superficies de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou doutros elementos que garantan a accesibilidade universal, así como as superficies comúns de uso privativo, tales como vestíbulos, descansos, sobrecubertas, beirís e soportais, tanto se se sitúan no solo coma no subsolo ou no voo, cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución, e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos libres, das dotacións e dos demais elementos do dominio público.

O acordo firme na vía administrativa a que se refire o punto 1, ademais dos efectos previstos no artigo 42.3 do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, lexítima a ocupación das



superficies de espazos libres ou de dominio público que sexan de titularidade municipal. A aprobación definitiva será causa suficiente para que se estableza unha cesión de uso do solo polo tempo en que se manteña a edificación ou, de ser o caso, a súa recualificación e desafectación, con alleamento posterior á comunidade ou á agrupación de comunidades das persoas propietarias correspondente.

Cando for preciso ocupar bens de dominio público pertencentes a outras administracións, os concellos poderanlle solicitar á persoa titular a cesión do seu uso ou desafectación, a cal procederá, se é o caso, de conformidade co previsto na lexislación reguladora do ben correspondente.

3. O disposto no punto anterior será tamén aplicable aos espazos que se requiran para a realización de obras que consigan reducir, polo menos, nun trinta por cento a demanda enerxética anual de calefacción ou refrixeración do edificio, e que consistan:

a) Na instalación de illamento térmico ou de fachadas ventiladas polo exterior do edificio, ou no cerramento ou o acristalamento das terrazas xa teitadas.

b) Na instalación de dispositivos bioclimáticos apegados ás fachadas ou ás cubertas.

c) Na realización das obras e a implantación das instalacións necesarias para a centralización ou a dotación de instalacións enerxéticas comúns e de captadores solares ou outras fontes de enerxía renovables, nas fachadas ou nas cubertas, cando consigan reducir o consumo anual de enerxía primaria non renovable do edificio, polo menos, nun trinta por cento.

d) Na realización de obras nas zonas comúns ou nas vivendas que logren reducir, polo menos, nun trinta por cento, o consumo de auga no conxunto do edificio.

4. Nos edificios, sexa cal for o seu uso, protexidos polo seu valor cultural (bens de interese cultural e catalogados) nos que resulte necesaria a súa adaptación ás condicións mínimas de accesibilidade, habitabilidade ou eficiencia enerxética, e esta entre en contradición coa normativa de protección do patrimonio cultural, poderanse autorizar solucións alternativas respecto das exixencias técnicas nestas materias que resulten sustentables e respectuosas coas características e cos elementos de valor cultural do edificio que permitan a rehabilitación das vivendas e/ou dos edificios, de forma que prevaleza o uso residencial orixinal ou característico.

5. As actuacións derivadas das intervencións de rehabilitación, dirixidas á mellora das condicións de accesibilidade e da eficiencia enerxética sinaladas nos puntos 2 e 3 deste artigo, non computarán para os efectos de edificabilidade, volume máximo edificable e ocupación de parcela, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento das aliñacións, sempre que así o estableza o acordo de delimitación do ámbito.

Artigo 14. *Actuacións de rehabilitación edificatoria nos camiños de Santiago*

1. As actuacións de rehabilitación edificatoria nos ámbitos delimitados dos camiños de Santiago deberán ser compatibles coa conservación e a protección dos seus valores propios e mais garantir as características principais do territorio afectado, mantendo os núcleos tradicionais e as activida-



des agropecuarias e forestais. Estas actuacións de rehabilitación non supoñerán en ningún caso un perigo de destrución, deterioración ou menoscabo dos seus valores culturais.

2. Nos edificios localizados no territorio histórico dos camiños de Santiago que non contén con protección cultural específica será aplicable o recollido na sección 1ª do capítulo V do título I desta lei.

CAPÍTULO II

A planificación das actuacións no medio urbano

Sección 1ª. Planificación e instrumentos para as actuacións no medio urbano

Artigo 15. Planificación das actuacións no medio urbano

1. As actuacións de rehabilitación edificatoria e as de rexeneración e renovación urbanas planifícanse mediante un plan xeral, un plan especial ou calquera outro dos instrumentos indicados nesta lei e na lexislación de ordenación do territorio, urbanismo e de protección do patrimonio cultural.

2. A planificación das actuacións dará prioridade ás actuacións de rehabilitación sobre as de substitución, e dentro das primeiras, a aquelas que permitan o mantemento da poboación residente no ámbito.

3. Cando os procesos de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas supoñan o incremento das dotacións públicas, ou cando as determinacións de protección do patrimonio cultural fagan inviable a materialización do aproveitamento a que teñan dereito as persoas propietarias do solo ou das edificacións, poderase posibilitar, de acordo co procedemento que se determine regulamentariamente, a transferencia do aproveitamento urbanístico a terreos do solo urbano non consolidado, con ordenación detallada aprobada, localizados fóra do ámbito delimitado para a actuación.

Excepcionalmente, a dita transferencia do aproveitamento urbanístico poderase establecer a ámbitos de solo urbano consolidado nos que a administración dispoña de:

a) aproveitamento obtido pola redución do dereito á propiedade do solo adquirido a través de actuacións de substitución ou venda forzosa ou de expropiación forzosa polo incumprimento da función social da propiedade, ou

b) terreos ou edificacións da súa titularidade.

4. Sen prexuízo do disposto nos puntos 7 e 8 do artigo 42 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, nos procesos de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas, nos terreos destinados a dotacións e equipamentos urbanísticos, o planeamento poderá establecer unha cualificación diferente para o subsolo dos terreos de titularidade privada que se cedan aos concellos con destino a novos espazos públicos, coa finalidade de permitir a implantación de usos privados con destino a prazas de aparcadoiro para cubrir as necesidades das vivendas integrantes dun ámbito sometido a unha actuación de rexeneración ou renovación urbana, sempre que se ga-



ranta a viabilidade do uso previsto sobre a rasante, a calidade ambiental e a debida protección do espazo urbano, así como a compensación que, de ser o caso, corresponda á administración que deba recibir a dotación ou o equipamento.

5. Os plans especiais que teñan por obxecto actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas poden:

a) Excluir, xustificando a coherencia e a compatibilidade cos valores culturais do conxunto histórico protexido, o criterio de mantemento da trama urbana, das aliñacións e das rasantes existentes nos conxuntos históricos.

b) Delimitar os ámbitos que deban ser obxecto das actuacións sobre o medio urbano a que se refire o artigo 12, ou modificar os que poidan vir recollidos no plan xeral.

6. Os plans especiais que afecten ámbitos de protección patrimonial poderán modificar as determinacións e o ámbito definido no plan xeral para incluír nel os terreos ou as edificacións destinadas a paliar o déficit de aparcadoiros, de equipamentos ou de dotacións, públicos ou privados, existentes no ámbito, sen suxeitarse aos trámites que para a alteración dos plans xerais prevé a lexislación do solo de Galicia.

Sección 2ª. Tramitación simplificada das modificacións dos instrumentos de planeamento no medio urbano

Artigo 16. Tramitación simplificada das modificacións dos instrumentos de planeamento para actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas

1. As modificacións puntuais non substanciais do plan xeral, dos plans especiais de reforma interior e dos plans especiais de protección que afecten ámbitos do solo urbano para actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas poderanse tramitar mediante un procedemento simplificado, sempre que non se aumente o aproveitamento lucrativo, seguindo as determinacións recollidas nos artigos seguintes.

Para estes efectos, considéranse modificacións puntuais non substanciais do plan aquelas de escasa entidade e de alcance reducido e local que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a superficie da modificación non supere os dez mil metros cadrados.

b) Que non afecten unha superficie superior ao equivalente ao un por cento do solo urbano do municipio. Nos municipios de menos de cinco mil habitantes esta porcentaxe será do tres por cento.

c) Que non modifique a clasificación do solo.

2. Consideraranse, así mesmo, modificacións puntuais non substanciais aquelas que, sen reuniren as condicións indicadas no punto 1, modifiquen exclusivamente as ordenanzas cun alcance reducido e de escasa entidade.



3. Non se poderán considerar modificacións puntuais non substanciais aquelas que teñan unha incidencia negativa no ambiente, na mobilidade, nas infraestruturas ou no patrimonio cultural.

Artigo 17. *Tramitación ambiental*

1. A tramitación das modificacións puntuais indicadas no artigo anterior estará exenta da tramitación ambiental sempre que a dita modificación non constitúa unha variación fundamental da estratexia, das directrices e das propostas ou da cronoloxía do planeamento que se vai modificar, e que ademais non produza diferenzas nos efectos previstos ou na súa zona de influencia.

2. Para garantir que non se producen diferenzas nos efectos previstos ou na súa zona de influencia deberase solicitar un informe ao órgano ambiental da Comunidade Autónoma, quen se deberá pronunciar, no prazo máximo dun mes, sobre a necesidade da tramitación de avaliación ambiental. No caso de que non se emita o informe no devandito prazo, considerarase que non é necesaria a tramitación ambiental.

3. En calquera caso, se para pronunciarse sobre os aspectos indicados no punto 2 o órgano ambiental considera necesario solicitar algún informe sectorial aos organismos competentes, poderá acordar a ampliación do prazo anterior ata a recepción do informe indicado. A citada ampliación do prazo non poderá ser superior a un mes, e darase conta dela ao concello.

Artigo 18. *Procedemento de tramitación das modificacións puntuais non substanciais de planeamento*

1. O procedemento das modificacións puntuais non substanciais dos plans tramitarase nos seguintes termos:

a) O procedemento iniciarase por proposta do concello, quen aprobará inicialmente a modificación e someterá esta modificación á información pública polo prazo mínimo dun mes.

Simultaneamente, solicitaranse os informes sectoriais necesarios e trasladarase a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, quen solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, os cales deberán ser emitidos no prazo dun mes. Logo de transcorrer este, entenderanse emitidos con carácter favorable.

b) Á vista das alegacións presentadas e dos informes recibidos, o concello aprobará provisionalmente, se é o caso, a proposta de modificación e acordará a remisión do expediente completo á consellaría competente en materia de urbanismo, quen emitirá o informe preceptivo e vinculante sobre a modificación proposta no prazo máximo dun mes.

c) Unha vez emitido o informe, será remitido ao concello para que, de ser o caso, aprobe definitivamente a modificación.

2. No caso de que a modificación proposta non cumpra coas determinacións previstas no artigo 16, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de urbanismo devolverá o expediente ao concello para a posible corrección das deficiencias detectadas ou para a súa tramitación polo procedemento ordinario.



CAPÍTULO III

A xestión das actuacións no medio urbano*Artigo 19. As formas de xestión*

1. A xestión das actuacións no medio urbano que impliquen unha transformación urbanística executaranse a través de calquera dos sistemas de actuación previstos na Lei do solo de Galicia.

2. A execución das actuacións no medio urbano que non impliquen unha transformación urbanística e requiran unha equidistribución de beneficios e cargas poderase realizar a través dos réximes de expropiación, venda e substitución forzosas reguladas nesta lei, así como das modalidades de xestión, directa ou indirecta, incluído o convenio coas persoas titulares de bens inmoables, que se determinen regulamentariamente.

Artigo 20. Normas específicas de xestión da rehabilitación edificatoria en solo urbano consolidado

1. As actuacións de rehabilitación edificatoria ordenadas pola administración, cando superen o límite do deber legal de conservación, realizaranse por un convenio coas persoas titulares afectadas e, no seu defecto, nos supostos de non-avanza por parte das ditas persoas ou por estas non compareceren, pola aplicación do réxime de venda ou substitución forzosas ou pola expropiación forzosa.

2. Nos casos sinalados no punto anterior, nos supostos de venda ou substitución forzosas ou de expropiación forzosa nos ámbitos delimitados como áreas de rexeneración urbana de interese autonómico, o contido do dereito de propiedade do solo minorarase nun cincuenta por cento do seu valor, e esta diferenza corresponderá á administración actuante.

Nestes casos, a administración actuante, baseándose en criterios motivados de dinámica económica, de falta de demanda de vivenda ou en calquera outro que fundamente a dificultade da execución das actuacións ordenadas no ámbito, poderá rebaixar a porcentaxe de minoración do valor do solo sinalada anteriormente.

Esta minoración non lles será aplicable a aquelas persoas propietarias que acrediten que pola súa situación económica, a súa idade ou outras circunstancias non poidan afrontar directamente os custos da actuación.

3. No caso de que existan persoas propietarias que estean de acordo coa administración para a formalización do pertinente convenio voluntario de xestión, a administración actuante poderá optar entre a formalización do convenio ou a aplicación do réxime de venda ou substitución forzosas ou de expropiación forzosa. Neste caso, a minoración sinalada no punto anterior só se aplicará ás persoas propietarias descontentas.

4. En todo caso, cando as persoas propietarias do edificio así o acorden por unanimidade, poderán executar por si mesmas a actuación, aínda que o importe das obras supere o límite do deber legal de conservación.



Artigo 21. Normas específicas de xestión da rexeneración e renovación urbanas en solo urbano consolidado

No suposto de que a actuación de rexeneración e renovación urbanas comprenda a rehabilitación de edificios, malia o seu importe exceder do límite do deber legal de conservación, as persoas propietarias da edificación, cando así o acorden por unanimidade, terán dereito a executar a rehabilitación do edificio por si mesmas, sempre e cando asuman a porcentaxe dos custos das obras complementarias de urbanización que lles corresponda. En todo caso, será condición indispensable que a devandita rehabilitación por parte das persoas propietarias non constitúa un obstáculo para o desenvolvemento da unidade de rexeneración e renovación urbana correspondente.

Artigo 22. Normas específicas de xestión da rexeneración e renovación urbanas en solo urbano non consolidado

A execución das actuacións de rexeneración e renovación urbanas sobre o solo urbano, en ámbitos de solo urbano non consolidado, realizarase por polígonos completos.

Artigo 23. Pagamento en especie dos prezos xustos expropiatorios

1. O pagamento do prezo xusto expropiatorio, de haber acordo coa persoa propietaria, poderase satisfacer en especie. Non obstante, cando se aplique a expropiación na xestión das actuacións sobre o medio urbano, non será preciso o consentimento da persoa propietaria para pagar o prezo xusto expropiatorio en especie, sempre que este se efectúe dentro do propio ámbito de xestión e dentro do prazo temporal establecido para o remate das obras correspondentes.

2. A liberación da expropiación non terá carácter excepcional e poderá ser acordada discrecionalmente pola administración actuante. A persoa liberada deberá achegar garantías abondas en relación co cumprimento das obrigas que lle correspondan.

CAPÍTULO IV**Obrigas relativas á edificación, á conservación e á rehabilitación***Sección 1ª. Disposicións xerais***Artigo 24. Obrigas relativas á edificación, á conservación e á rehabilitación**

1. As persoas propietarias das edificacións están obrigadas a realizar as obras de edificación, de conservación e de rehabilitación nos prazos e nas condicións previstas nas leis, en especial naquelas que establezan os dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, nos instrumentos de planeamento e, se é o caso, nos instrumentos de xestión e nas ordes de execución que os recollan.

2. O incumprimento das obrigas establecidas no punto anterior facultará a administración para a adopción, pola súa elección e logo da audiencia ás persoas obrigadas, de calquera das seguintes medidas:

- a) execución forzosa



b) expropiación forzosa

c) venda forzosa

d) substitución forzosa.

3. Para a aplicación das medidas previstas nas alíneas b), c) e d) será requisito previo a declaración por parte do concello, de oficio ou por solicitude da persoa interesada, do incumprimento de que se trate por unha resolución expresa que así o acredite.

Artigo 25. *Redución do contido do dereito da propiedade do solo*

1. Nos supostos de expropiación, venda ou substitución forzosas previstos neste capítulo, o contido do dereito de propiedade do solo nunca poderá ser minorado nunha porcentaxe superior ao cincuenta por cento do seu valor, e esta diferenza corresponderá á administración actuante.

2. Non lles será aplicable a redución prevista no punto anterior ás persoas propietarias das edificacións que non poidan facer fronte ao pagamento das actuacións de edificación, conservación e rehabilitación por caeren no risco de exclusión social debido ás súas limitacións socioeconómicas.

Artigo 26. *Procedemento para a declaración do incumprimento das obrigas relativas á edificación, á conservación e á rehabilitación*

1. O procedemento para a declaración do incumprimento das obrigas relativas á edificación, á conservación e á rehabilitación poderase iniciar de oficio ou por solicitude dunha persoa interesada.

2. No acordo de incoación da declaración do incumprimento incluírase o sistema de actuación elixido pola administración, no caso de que o procedemento se resolva coa estimación de concorrencia de incumprimento.

3. Ao se iniciar o procedemento para a declaración do incumprimento, solicitarase do Rexistro da Propiedade a certificación de dominio e das cargas dos terreos correspondentes, e deberase facer constar por unha nota marxinal o inicio do procedemento para a declaración do incumprimento. A duración da nota marxinal será a prevista na lexislación hipotecaria ou urbanística aplicable.

4. O órgano municipal competente acordará a apertura dun trámite de audiencia de quince días ás persoas propietarias e aos demais titulares de dereitos reais afectados que consten no Rexistro da Propiedade e/ou no Catastro. Así mesmo, de maneira simultánea a este trámite, o concello, de así o considerar oportuno, poderá acordar a apertura dun trámite de información pública por un prazo de vinte días. O anuncio de información pública farase no *Diario Oficial de Galicia* e na sede electrónica do concello.

5. Concluídos os prazos de audiencia e, de ser o caso, de información pública, o concello, logo dos informes oportunos, deberá ditar unha resolución sobre a declaración do incumprimento e notificala no prazo máximo de tres meses.



6. O procedemento poderase rematar, sen a adopción de ningunha outra medida, no suposto de que a persoa propietaria solicítase a licenza para a realización das obras de edificación, conservación ou rehabilitación con anterioridade á notificación da declaración do incumprimento.

Artigo 27. Requisitos da resolución de declaración do incumprimento

A resolución da declaración do incumprimento, que poñerá fin á vía administrativa, deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Será comunicada, mediante unha certificación administrativa, ao Rexistro da Propiedade para a práctica dunha nota marxinal á inscrición do correspondente inmovble.

b) Incorporará unha valoración dos terreos, das edificacións ou, se é o caso, doutros bens afectados, conforme a normativa estatal do solo e valoracións.

c) Declarará, segundo proceda, a aplicación da execución subsidiaria, a expropiación forzosa polo incumprimento da función social da propiedade, a venda forzosa ou a substitución forzosa.

d) Advertirá expresamente se habilita ou non para que o concello inste a declaración do inmovble en estado de abandono prevista no capítulo III do título IV.

Sección 2ª. Da execución forzosa e os seus medios

Artigo 28. Medios de execución forzosa

A execución forzosa por parte das administracións públicas, no caso do incumprimento das obrigas previstas nesta lei, efectuarase, respectando sempre o principio de proporcionalidade, polos seguintes medios:

a) multas coercitivas

b) constrinximento sobre o patrimonio

c) execución subsidiaria.

Sección 3ª. Ordes de execución

Artigo 29. Ordes de execución

1. Os concellos, de oficio ou por solicitude dunha persoa interesada, mediante o correspondente procedemento e logo da audiencia das persoas interesadas, poderán ditar ordes de execución que obriguen as persoas propietarias de bens inmoebles a realizar as actuacións necesarias ata o límite do deber legal de conservación nos termos establecidos na lexislación urbanística de Galicia.



2. As ordes de execución poderán, así mesmo, determinar as consecuencias do seu incumprimento, tanto a través da imposición de multas coercitivas coma da aplicación da execución subsidiaria, a expropiación forzosa polo incumprimento da función social da propiedade, a venda forzosa ou a substitución forzosa, e terán nestes últimos supostos a consideración e os mesmos efectos da declaración do incumprimento, sen que sexa necesario proceder a tramitar a dita declaración.

3. O concello deberá advertir expresamente se o incumprimento desta orde o habilita ou non para instar a declaración do inmovible en estado de abandono prevista no capítulo III do título IV.

Artigo 30. *Incumprimento das ordes de execución*

1. No caso do incumprimento da orde de execución, a Administración municipal poderá proceder á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o setenta e cinco por cento do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

2. A Administración municipal tamén poderá acudir, en calquera momento, á execución subsidiaria realizando as actuacións previstas nas citadas ordes por conta da persoa obrigada. O importe dos gastos e dos danos e perdas poderase liquidar de forma provisional, antes da execución, por conta da liquidación definitiva.

Sección 4ª. Constrinximento sobre o patrimonio

Artigo 31. *Constrinximento sobre o patrimonio*

Se como consecuencia da tramitación dun expediente de incumprimento deriva unha débeda líquida, vencida e exixible, seguirase o previsto nas normas reguladoras do procedemento de constrinximento.

Sección 5ª. Da expropiación forzosa

Artigo 32. *Expropiación forzosa polo incumprimento das obrigas relativas á edificación, á conservación e á rehabilitación*

A declaración do incumprimento habilita a administración para exercer a expropiación de conformidade coa normativa básica estatal, para o que poderá ser de aplicación o pagamento en especie previsto no capítulo anterior.

Artigo 33. *Expropiación en materia de accesibilidade*

A expropiación polo incumprimento da normativa en materia de accesibilidade rexerese polo disposto na Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.



*Sección 6ª. Da venda e a substitución forzosas**Artigo 34. Réxime de venda ou de substitución forzosas*

1. A venda forzosa e a substitución forzosa teñen por obxecto garantir o cumprimento do deber de edificación, conservación e rehabilitación, mediante a imposición do seu exercicio, a través dun procedemento que garanta o cumprimento dos principios de publicidade e concorrencia.

2. Enténdese por venda forzosa a potestade pública que faculta a administración para proceder á venda dun inmovible a través dun procedemento de poxa pública co obxecto de garantir a súa rehabilitación ou conservación.

3. Enténdese por substitución forzosa a potestade pública que faculta a administración para substituír a persoa titular dun inmovible por outra persoa seleccionada a través dun procedemento con publicidade e concorrencia, para que realice as actuacións de edificación, conservación ou rehabilitación, e pódese realizar en réxime de propiedade horizontal coa persoa propietaria actual do solo.

4. Cando a administración actuante asuma o importe das cantidades imputables a aquelas persoas propietarias de vivendas que non poidan facer fronte ao seu pagamento por caeren en risco de exclusión social, subscribirase un convenio entre a administración actuante e a persoa propietaria, no que quedará reflectida a fórmula de devolución das cantidades asumidas no proceso de substitución e o tipo de xuro aplicable ás cantidades aprazadas, e non será aplicable a minoración do dereito da propiedade prevista neste capítulo.

Artigo 35. Procedemento da venda ou da substitución forzosas

1. A resolución da declaración de incumprimento determinará, se é o caso, a aplicación da venda ou da substitución forzosas.

2. Cando o procedemento determine a adxudicación por aplicación da venda ou da substitución forzosas, unha vez resolto, a administración actuante expedirá unha certificación da devandita adxudicación, que será un título inscribible no Rexistro da Propiedade, na que se farán constar as condicións e os prazos a que queda obrigada a persoa adquirente, en calidade de resolutorias da adquisición.

Artigo 36. Venda forzosa

1. A administración actuante, no prazo máximo de seis meses desde a declaración do incumprimento, sacará os inmoables ou os terreos á poxa pública. O tipo de licitación será o que resulte da valoración do inmovible. O prezo obtido entregarase á persoa propietaria, unha vez deducidos os gastos ocasionados e, de ser o caso, o importe correspondente á redución do dereito da propiedade prevista no artigo 25, así como as sancións aplicables.

2. Se a poxa se declara deserta, convocarase de novo no prazo de tres meses, cunha rebaixa do vinte e cinco por cento sobre o tipo de licitación inicial.



3. Se esta última poxa tamén queda deserta, a administración actuante, no prazo de seis meses, poderá adquirila para o patrimonio público de solo ao setenta e cinco por cento do tipo de licitación inicial.

4. Logo de transcorrer os anteriores prazos sen que se producise a venda, quedará sen efecto o procedemento de venda forzosa, e deberá notificarse ao Rexistro da Propiedade para a cancelación da nota marxinal estendida.

Artigo 37. Obrigas da persoa adquirente

A persoa adquirente de inmobles polo procedemento sinalado nos puntos 1 e 2 do artigo anterior quedará obrigada a iniciar as obras no prazo de nove meses a partir da toma de posesión do predio e a edificalo no prazo fixado na licenza.

Artigo 38. Substitución forzosa

No caso de substitución forzosa, as bases do procedemento de adxudicación determinarán os criterios aplicables para a súa adxudicación, as penalizacións e indemnizacións a que houber lugar no caso de incumprimento, a orde de puntuación que establecerá, de ser o caso, a posterior adxudicación e mais a porcentaxe mínima de teito edificado para atribuír á persoa ou ás persoas propietarias do inmoble obxecto da substitución forzosa.

Artigo 39. Obrigas da persoa adxudicataria da substitución forzosa

A persoa que resulte adxudicataria no procedemento de substitución forzosa deberá cumprir as súas obrigas nos prazos e nos termos establecidos nas bases do procedemento e na resolución de adxudicación. No caso de incumprimentos que dean lugar á resolución da adxudicación, realizarase unha nova adxudicación a favor dos seguintes licitadores ou licitadoras de acordo coa orde de puntuación acadada.

CAPÍTULO V

As intervencións nos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías de bens definidos na Lei do patrimonio cultural de Galicia e ámbitos obxecto de planeamento especial de protección

Sección 1ª. Normas de aplicación directa

Artigo 40. Ámbitos afectados

1. As determinacións previstas nesta sección serán aplicables aos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías de bens definidos na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, ou dos seus contornos de protección e zonas de amortecemento, así como a aqueles outros edificios incluídos en ámbitos sobre os que exista a obriga legal de redactar un plan especial de protección do patrimonio cultural, estea ou non aprobado. Porén, non serán aplicables aos inmobles individualmente declarados bens de interese cultural nin aos catalogados que teñan un nivel de protección integral.



2. Estas determinacións prevalecerán sobre o que establezan os plans xerais de ordenación municipal, o plan básico autonómico, o planeamento de desenvolvemento e os catálogos aprobados con anterioridade á entrada en vigor desta lei, e serán incorporadas nos que se aproben con posterioridade.

En todo caso, os plans especiais de protección que se tramiten con posterioridade á entrada en vigor desta lei poderán, con carácter excepcional, excluír da aplicación dalgunha destas normas as actuacións sobre determinados inmobles, parcelas ou rueiros, sempre que se xustifique detalladamente a súa necesidade por motivos específicos de protección do patrimonio cultural.

3. En tanto os concellos non teñan aprobado un catálogo de protección adaptado ás determinacións da Lei 5/2016, do 4 de maio, dos bens situados no ámbito, será aplicable o previsto na disposición transitoria primeira.

Artigo 41. *Edificios con nivel de protección ambiental ou nivel de protección asimilable*

1. Nos edificios con nivel de protección ambiental ou con outro nivel de protección asimilable estará permitida calquera actuación no interior, sempre que se respecte:

a) A imaxe exterior do edificio.

b) A posición dos forxados.

Non será preciso respectar esta condición cando a altura libre entre forxados da edificación sexa inferior a 2,40 metros.

c) A estrutura do parcelario orixinal.

2. Así mesmo, estarán permitidas as demolicións e a reforma da fachada e dos elementos visibles desde a vía pública cando o proxecto que estableza as actuacións supoña unha axeitada restauración, unha fiel reconstrución ou planee unha remodelación ou unha construción alternativa cun deseño que respecte o carácter do inmovible e do contorno protexido, e sempre que non afecte fachadas ou elementos singulares especificamente protexidos pola ficha do catálogo ou do documento de catalogación do ben.

Artigo 42. *Edificios con nivel de protección estrutural ou nivel de protección asimilable*

1. Nos edificios con nivel de protección estrutural ou con outro nivel de protección asimilable, cando esta non afecte os elementos ou as características singulares do edificio que deben ser conservados ou repostos, e non entren en contradición con eles, estarán permitidas as mesmas actuacións que nos edificios con nivel de protección ambiental sinaladas no artigo anterior.

2. Nos edificios con protección estrutural ou con outro nivel de protección asimilable permitiránse os baleiramentos parciais que non afecten os elementos que xustificaron a necesidade de protección estrutural. Cando estes elementos sexan exclusivamente elementos de fachada permitiránse baleiramentos totais da edificación.



Artigo 43. *Parcelario*

1. Nos edificios con nivel de protección ambiental ou estrutural ou con outros niveis de protección asimilable, respectando os elementos, os materiais e mais as características da edificación singularmente protexidos, e sempre que se manteña a referencia á estrutura parcelaria orixinal, permitirase:

a) Utilizar conxuntamente os portais e os núcleos de comunicación vertical, de xeito que poidan servir a un máximo de tres edificios.

b) Regularizar parcelas cando a súa configuración actual sexa o resultado dunha distorsión da tipoloxía do parcelario do ámbito.

c) Agregar parcelas cando un dos edificios teña unha superficie ou unha configuración que fagan inviable resolver axeitadamente os seguintes parámetros:

1º. A accesibilidade universal ás vivendas.

2º. O cumprimento das condicións das normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

3º. A posibilidade de que a vivenda teña un mínimo de tres estancias destinadas a salón e dous dormitorios.

4º. O cumprimento dos estándares establecidos no Código técnico da edificación, coa admisión de solucións alternativas que garantan os mesmos niveis de prestacións.

d) Permitir unir locais de negocio en plantas baixas de varias edificacións, mantendo a lectura da estrutura parcelaria do ámbito.

e) Permitir a redacción de proxectos que afecten varios edificios que poidan agrupar, como espazos comúns do conxunto da promoción, as superficies non ocupadas polas edificacións.

Nestes casos, permitirase a ocupación dos patios de rueiro, sen computar edificabilidade, para garantir a accesibilidade de varios inmobles ou parcelas a través dun único ascensor accesible, sempre que a actuación non afecte os elementos dos inmobles ou as súas características que estean especificamente protexidas, nin comprometa a habitabilidade das vivendas.

Sección 2ª. Licenzas directas

Artigo 44. *Licenzas directas*

1. As actuacións que non afecten a envolvente exterior dos edificios incluídos no ámbito dos bens de carácter territorial das categorías definidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, ou no contorno de protección ou na zona de amortecemento de inmobles singulares declarados ben de interese cultural ou catalogados, exista ou non plan especial de protección, ou con independencia do disposto neste, poderán ser obxecto de licenza directa por parte do con-



cello sen necesidade de autorización da consellaría competente en materia de protección do patrimonio cultural, sempre que non afecten inmobles especificamente protexidos polo seu valor cultural e sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das exixencias que poidan derivar da protección arqueolóxica a que poida estar afecto.

2. Malia o sinalado no punto anterior, poderán ser obxecto de licenza directa por parte do concello, sen necesidade da autorización da consellaría competente en materia de protección do patrimonio cultural, as intervencións no contorno de protección ou na zona de amortecemento de inmobles singulares declarados ben de interese cultural ou catalogados, ou con protección ambiental ou estrutural ou nivel de protección asimilable, que consistan en actuacións no interior, nas carpintarías exteriores, en acabados de fachada ou en cambios de cuberta, sempre que non afecten os seus valores culturais nin os seus elementos especificamente protexidos.

3. Tampouco precisarán da autorización previa da consellaría competente en materia de protección do patrimonio cultural, e polo tanto poderán ser obxecto de licenza directa por parte do concello, as actuacións puntuais de mantemento ou uso ordinario de moi escasa entidade técnica e construtiva, xustificadas pola deterioración material dos elementos sobre os que se propón a intervención, cun alcance moi concreto e parcial, e que requiran dunha rápida execución pola ameaza que pode supoñer para a súa conservación ou apreciación, sempre que as actuacións manteñan ou respecten os materiais e os sistemas construtivos orixinais.

Sección 3ª. Plans especiais de protección

Artigo 45. Modelo de plan especial de protección

1. Regulamentariamente aprobarase un modelo de plan especial de protección que deberá servir de guía para a redacción dos plans especiais de protección.

2. O modelo de plan especial de protección conterá as determinacións básicas que se deberán incluír nos plans especiais que se redacten, así como as normas de elaboración e redacción dos plans, de xeito que se unifiquen para todo o territorio de Galicia os criterios relativos:

- a) Ás definicións e á terminoloxía que se debe empregar.
- b) Ás determinacións para establecer os niveis de protección dos bens afectados.
- c) Ás ordenanzas e á normativa básica que se debe aplicar segundo os distintos niveis de protección.
- d) A un anexo de adaptación da normativa de habitabilidade que estableza o limiar mínimo de habitabilidade que deberán acadar as vivendas obxecto de actuacións de remodelación, de rehabilitación ou de reconstrución das edificacións existentes.
- e) Á documentación que se debe incluír e ao modo en que a dita documentación deberá ser presentada.



TÍTULO II

Áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica

CAPÍTULO I

Áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica*Artigo 46. Concepto, declaración e contido*

1. Enténdese por área de intervención no medio urbano declarada pola Administración autonómica o conxunto edificatorio urbano ou rural, continuo ou discontinuo, que precise dun apoio público para atender á rehabilitación ou á substitución dos edificios e mais á calidade ambiental e urbanística do ámbito.

2. A declaración destas áreas corresponderá á Administración autonómica por solicitude do concello correspondente.

3. A intervención nestas áreas poderá comprender actuacións de renovación e mellora da urbanización, dos espazos públicos e das demais dotacións urbanísticas ou das infraestruturas e dos servizos urbanos, así como articular medidas sociais, ambientais e económicas que estean enmarcadas nunha estratexia administrativa global, integrada e unitaria.

4. Nestas áreas poderanse delimitar, de ser o caso, un ou máis ámbitos de actuación consonte o disposto no artigo 12.

Artigo 47. Clases de áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica

As áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica, en función do ámbito de actuación e das súas características, poderán ser:

1. Área de rehabilitación integral (ARI).
2. Área de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe), que poderá incluír no seu ámbito unha zona de especial necesidade de rehabilitación (ZER).

Artigo 48. Efectos da declaración dunha área de intervención no medio urbano declarada pola Administración autonómica

A declaración pola Administración autonómica dunha área de intervención no medio urbano posibilita, ademais da aplicación das medidas previstas nesta lei, o acceso ao financiamento dos plans e programas de axudas autonómicos ou estatais, sempre que se cumpran os demais requisitos exixidos en cada plan ou programa, ou mediante o asinamento duns acordos específicos de financiamento, que se poderán referir a todo o ámbito declarado ou a unha parte del.



CAPÍTULO II

Áreas de rehabilitación integral

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 49. *Áreas de rehabilitación integral*

1. As áreas de rehabilitación integral (ARI) declararanse por unha resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, por solicitude dos concellos interesados. A resolución de declaración da área de rehabilitación integral deberase publicar no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Estas áreas poderán afectar ámbitos clasificados como solo urbano ou de núcleo rural que se atopen en estado de deterioración e posibilitarán o acceso ao financiamento previsto nesta lei e na normativa de desenvolvemento, para a realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, incluídas as unifamiliares, de urbanización e reurbanización de espazos públicos e, se é o caso, de edificación de edificios ou vivendas en substitución doutros demolidos.

Artigo 50. *Clases de áreas de rehabilitación integral*

1. As áreas de rehabilitación integral clasifícanse nas seguintes categorías:

a) Áreas de rehabilitación integral de conxuntos históricos, cando o seu ámbito comprenda un conxunto histórico que teña declaración de ben de interese cultural ou estea integrado como tal no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e que conte cun plan especial de protección. Neste suposto, o ámbito delimitado deberá ter, como mínimo, cincuenta vivendas.

b) Áreas de rehabilitación integral rurais, cando o seu ámbito pertenza a concellos con menos de cinco mil habitantes e a súa configuración sexa predominantemente rural. Neste suposto, o ámbito delimitado deberá ter, como mínimo, vinte vivendas.

c) Áreas de rehabilitación integral de ámbitos urbanos, cando o seu ámbito non pertenza a ningunha das categorías consideradas nas alíneas anteriores. Neste suposto, o ámbito delimitado deberá ter, como mínimo, cincuenta vivendas.

2. Por unha resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo poderán modificarse os límites mínimos de vivendas de cada clase, sempre que as características do ámbito así o xustifiquen pola tipoloxía das súas edificacións, polo interese arquitectónico específico do conxunto e polo grao de deterioración das edificacións, unido a baixos niveis de renda das persoas titulares das vivendas ou á extensión do ámbito catalogado polo planeamento.

3. No suposto de que se pretenda declarar unha área de rehabilitación integral para acollerse ao financiamento estatal dos plans de vivenda, deberanse cumprir os límites mínimos de vivendas e os demais requisitos establecidos na correspondente normativa reguladora do plan.



Artigo 51. *Xestión das áreas de rehabilitación integral*

1. As áreas de rehabilitación integral xestionaranse a través do concello en que se atopen, en coordinación e baixo as directrices do Instituto Galego da Vivenda e Solo en canto ás actuacións subvencionables, aos procedementos de cualificación da actuación de rehabilitación e, se é o caso, aos de concesión de axudas que sexan da competencia do referido instituto.

2. No caso de que se acollan ao financiamento estatal a través dos plans de vivenda, deberanse seguir, ademais, as directrices que fixe a normativa reguladora do plan correspondente.

Sección 2ª. Áreas de rehabilitación integral supramunicipal

Artigo 52. *Áreas de rehabilitación integral supramunicipal*

A Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá declarar área de rehabilitación integral, de oficio ou por solicitude dos concellos, un ámbito que afecte diferentes municipios que respondan a criterios de proximidade xeográfica, características arquitectónicas e problemáticas similares, sempre que exista un nexo de unión entre os devanditos ámbitos, xa sexa de carácter histórico, xeográfico, cultural ou ambiental, que motive que deba ser tratado como un conxunto.

Artigo 53. *Xestión das áreas de rehabilitación integral supramunicipais*

1. A xestión das áreas de rehabilitación integral supramunicipais corresponderá directamente ao Instituto Galego da Vivenda e Solo por si mesmo ou a través dunha encomenda a unha entidade do sector público autonómico que teña a consideración de medio propio.

2. O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá convir coas deputacións provinciais, con entidades locais de carácter supramunicipal ou ben coas entidades locais afectadas pola área de rehabilitación e rexeneración declarada a dotación e a coordinación dos recursos necesarios para a información, a xestión e o asesoramento, nas condicións de financiamento que, se é o caso, se determinen mediante o oportuno convenio de colaboración.

CAPÍTULO III

Áreas de rexeneración urbana de interese autonómico

Sección 1ª. Delimitación e declaración das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico

Artigo 54. *Delimitación das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico*

1. A Xunta de Galicia, por solicitude do concello correspondente, poderá declarar área de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe) aqueles ámbitos coa consideración de conxuntos históricos e con declaración de ben de interese cultural que se atopen na seguinte situación:

a) Un proceso de degradación arquitectónica, urbanística ou ambiental, motivada, entre outros factores, pola obsolescencia do parque edificado, pola inadecuación ás necesidades pobo-



cionais, polos déficits notorios e xeneralizados na calidade das vivendas, polos equipamentos, as dotacións e os servizos públicos do ámbito, pola degradación ambiental da zona e pola falta de conservación de bens e conxuntos edificatorios suxeitos a calquera réxime de protección do patrimonio cultural.

b) Situacións demográficas delicadas, derivadas dunha perda substancial ou dun envellecemento xeneralizado da poboación, ou por un crecemento excesivo non asumible urbanisticamente.

c) Existencia de graves problemas económicos e sociais, desaceleración constante da taxa de actividade económica e porcentaxes significativas de poboación que perciba pensións asistenciais ou non contributivas ou en risco de exclusión social.

2. O ámbito territorial de actuación poderá ser continuo ou discontinuo. En todo caso, o ámbito incluírá un mínimo de cincuenta inmobles con necesidades de intervención.

3. Sen prexuízo do sinalado nos puntos anteriores, poderá ser declarada área de rexeneración urbana de interese autonómico unha zona concreta especificamente delimitada e continua, comprendida nun ben de interese cultural e incluída previamente nunha área de rehabilitación integral, cando unicamente nesta zona concorran as circunstancias sinaladas no punto 1 e as súas dimensións espaciais e económicas sexan especialmente significativas en relación co conxunto, mantendo o resto do ámbito a súa declaración orixinaria.

4. Excepcional e motivadamente, poderanse declarar áreas de rexeneración urbana de interese autonómico outros ámbitos urbanos que, sen ter a consideración de ben de interese cultural, se atopen especialmente obsoletos e degradados nas condicións sinaladas no punto 1 e que polas súas características, a especial incidencia no ámbito urbano e a necesidade urxente de actuación así sexa acordado polo Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 55. *Declaración das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico*

1. A solicitude de declaración dunha área de rexeneración urbana de interese autonómico presentárase por parte do concello ante o Instituto Galego da Vivenda e Solo cunha proposta que delimitará o ámbito e comprenderá, de xeito detallado, a estratexia social, económica, urbanística e arquitectónica que se pretende levar a cabo para conseguir a efectiva recuperación e dinamización do ámbito.

2. O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría con competencias en materia de vivenda e logo dos informes sectoriais oportunos, acordará, se é o caso, a declaración do ámbito como área de rexeneración urbana de interese autonómico. Esta declaración deberase publicar no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Esta declaración permitirá que dentro do ámbito da área se poida optar ás medidas e aos instrumentos de financiamento previstos nesta lei e na normativa de desenvolvemento especificamente para as áreas de rexeneración urbana de interese autonómico.



*Sección 2ª. Zonas de especial necesidade de rehabilitación**Artigo 56. Declaracións de zona de especial necesidade de rehabilitación nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico*

1. Dentro dunha área de rexeneración urbana de interese autonómico o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá declarar, de oficio ou por solicitude do concello, zona de especial necesidade de rehabilitación (ZER) a edificios específicos ou conxuntos deles cando sexa preciso realizar unha intervención urxente debido ao seu estado de deterioración e á súa especial incidencia para a recuperación do ámbito, ou veña motivado polo interese xeral de certas actuacións para facilitar a instalación de dotacións ou equipamentos que teñan unha especial relevancia ou constitúan un importante impulso para a recuperación económica ou social do ámbito.

2. A declaración dunha zona de especial necesidade de rehabilitación implicará a identificación illada ou a delimitación dos terreos da área como ámbito de actuación conxunta, segundo proceda, e deberá ir acompañada dunha descrición da solución técnica e da valoración económica de cada un dos inmoables afectados, para proceder á súa rehabilitación.

3. A declaración dunha zona de especial necesidade de rehabilitación levará implícita a declaración de utilidade pública e de necesidade de ocupación dos bens e dereitos precisos, incluíndo a imposición das servidumes legais precisas para a súa execución, para os efectos da aplicación por parte da Administración local ou da autonómica do réxime de expropiación, venda ou substitución forzosa.

4. Nos casos de excepcional interese público ou de inminente necesidade de actuación, e sempre que se trate de actuacións promovidas por órganos das administracións públicas ou de dereito público, incluídos os pertencentes á Administración municipal, a declaración dunha zona de especial necesidade de rehabilitación determinará a posibilidade de que se poidan executar proxectos de obras que sexan desconformes co planeamento urbanístico aplicable, a través do procedemento previsto na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Artigo 57. Xestión anticipada nas zonas de especial necesidade de rehabilitación

Unha vez declarada a zona de especial necesidade de rehabilitación, a administración pública actuante poderá iniciar anticipadamente a preparación da execución das actuacións previstas.

*Sección 3ª. Plan de dinamización das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico**Artigo 58. Concepto e obxecto dos plans de dinamización das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico*

1. O plan de dinamización é un instrumento de planificación que, no marco dunha área de rexeneración urbana de interese autonómico, formulará un programa plurianual referido á totalidade do ámbito ou a algunhas das súas áreas, no que se integran actuacións a nivel arquitectónico diri-



xidas a fomentaren políticas de rehabilitación de edificios e de vivendas e a mellora do espazo público con outras a nivel económico e social.

2. Os plans de dinamización teñen como obxecto coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas á dinamización e á rexeneración destes ámbitos, co impulso da recuperación da actividade económica, o fomento da mellora da habitabilidade das vivendas e das condicións de vida das persoas residentes, a procura de atraer novos habitantes e mais a garantía da conservación dos valores patrimoniais do conxunto e dos seus elementos singulares.

2 bis. A consellaría competente en materia de vivenda elaborará un modelo de plan de dinamización que servirá como guía para a súa redacción.

Artigo 59. *Contido dos plans de dinamización*

1. Os plans de dinamización elaboraranse tomando como base a proposta de actuación presentada para a declaración do ámbito como áreas de rexeneración urbana de interese autonómico e conterán, cando menos, as seguintes determinacións:

a) A delimitación do ámbito obxecto da actuación, que poderá ser continuo ou descontinuo, de acordo co establecido na declaración da área.

b) A descrición dos obxectivos que se perseguen na formulación do plan.

c) A análise do ámbito de actuación e a diagnose dos problemas existentes que obstaculicen ou impidan a súa rexeneración.

Esta análise deberá, como mínimo, abarcar os seguintes aspectos:

1º. O estudo da edificación existente, no que se terán en conta o estado de conservación das edificacións e as súas condicións de habitabilidade e de capacidade, ou as carencias, para acoller usos residenciais; o seu grao de ocupación; os usos e as actividades; os valores singulares do ámbito no seu conxunto e dos seus elementos singulares merecedores de protección, e a posta en valor do patrimonio cultural.

2º. O estudo das dotacións e dos equipamentos, no que se indiquen os valores e as deficiencias existentes e se analicen as posibilidades de incluír novas dotacións co obxectivo de potenciar a renovación e a rexeneración do ámbito.

3º. O estudo dos espazos libres, de carácter público e privado, así como das características dos servizos urbanísticos existentes, e no que se analicen os déficits que poidan existir.

4º. A análise da poboación residente, que deberá recoller, como mínimo, os aspectos relativos á idade, á ocupación e ao réxime de tenza das vivendas.

5º. A análise das actividades económicas que se desenvolven e das potencialidades que se poidan detectar para xerar novas actividades.



6º. O estudo do comercio de proximidade, cos seus déficits e as súas carencias.

d) A proposta de intervención, na que se especificarán as medidas que o programa propón adoptar nos campos social, económico e de intervención na edificación e na renovación e rexeneración urbanas.

A proposta de intervención deberá recoller a relación e a localización das obras e actuacións integradas no plan e mais a estimación dos custos das devanditas obras e actuacións.

e) A memoria de viabilidade económica, que conterá a formulación do programa de investimentos públicos e privados que prevé o plan.

Este programa deberá reflectir os recursos directos e indirectos con que se pretenda financiar as obras e as actuacións incluídas no plan, así como establecer a orde de prioridades para a súa execución e mais a programación temporal para a iniciación das obras e das actuacións que inclúe.

Neste programa de investimentos, o financiamento público deberá prever necesariamente achegas do concello que contribúan a financiar dunha forma significativa as actuacións recollidas no plan. As previsións de achegas de fondos da Comunidade Autónoma que se inclúan no plan deberán estar amparadas nos diferentes plans ou programas de actuación dos que dispoñan os diferentes departamentos da Xunta de Galicia, para a finalidade prevista en cada unha das accións propostas, e poderán estar supeditados á resolución das oportunas convocatorias públicas.

O investimento privado deberá incluír, polo menos, a previsión das actuacións que deben realizar as persoas particulares ou as entidades como resultado das medidas de fomento adoptadas e os acordos de colaboración que se poidan establecer para actuacións ou medidas singulares.

f) A análise da eventual eficacia das medidas propostas para conseguir os fins establecidos, con indicación da coherencia entre as normas e as actuacións propostas.

f bis) O programa de seguimento e de avaliación anual das actuacións.

f ter) Os mecanismos para fomentar a participación social da poboación e das súas entidades representativas.

Artigo 60. *Procedemento de formulación e aprobación dos plans de dinamización*

1. Os plans de dinamización serán formulados polos concellos.

2. A tramitación dos plans de dinamización axustarase ao seguinte procedemento:

a) Tras a declaración da área de rexeneración urbana de interese autonómico, o concello elaborará o proxecto do plan de dinamización conforme os obxectivos, os criterios básicos da intervención, a proposta das medidas que se deben adoptar e a avaliación económica das actuacións públicas e privadas que se prevexan na declaración, con indicación do organismo ou dos organismos encargados do seu financiamento. Así mesmo, cando o documento estableza a posibilidade



de que outras administracións participen no financiamento ou na adopción das medidas propostas, deberase acreditar a dispoñibilidade ou a posibilidade da súa obtención.

b) O Instituto Galego da Vivenda e Solo será o organismo encargado da tramitación do plan de dinamización. Recibida a documentación correspondente enviada polo concello, o citado organismo remitirá o documento aos distintos departamentos da Xunta de Galicia afectados polo plan para a emisión do informe no prazo dun mes.

Estes informes deberanse pronunciar sobre a viabilidade técnica e o financiamento das actuacións que lle corresponden, propoñerán os programas de actuación ou as actividades e formularán, se é o caso, as propostas de modificación ou as observacións e alternativas que estimen convenientes. No devandito informe estableceranse as condicións ás cales se deberán axustar os programas incluídos no plan de dinamización para garantir a participación do organismo correspondente.

c) Ao recibir os informes, o Instituto Galego da Vivenda e Solo propoñerá, se é o caso, ao concello que elaborou o plan as correccións que se deberán introducir no documento. No caso de que non sexan realizadas, o Instituto Galego da Vivenda e Solo procederá ao arquivo do expediente.

d) Logo de realizar as correccións, ou no caso de non seren necesarias, o plan será sometido á aprobación do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de vivenda.

e) No caso de que o Consello da Xunta de Galicia acorde a aprobación do plan, determinará así mesmo as consellarías e os organismos da Xunta de Galicia que deberán participar nel.

f) O acordo publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e nas páxinas web do Instituto Galego da Vivenda e Solo e do concello.

Artigo 61. *Modificacións e revisións dos plans de dinamización*

As modificacións de carácter substancial e as revisións dos plans de dinamización requirirán a mesma tramitación que a sinalada nos artigos precedentes para a súa aprobación.

CAPÍTULO IV

Núcleos rurais en estado de abandono

Artigo 62. *Declaración de núcleo rural en estado de abandono*

1. Os concellos poderán declarar como núcleo rural en estado de abandono os núcleos constituídos pola agrupación de varias edificacións con uso de vivenda xunto co espazo público que as aglutina e lles confire o seu carácter, ou ben estruturados de acordo con algunha das tipoloxías características dos núcleos rurais tradicionais, e no que todas ou a meirande parte das edificacións residenciais están desocupadas e en estado de ruína.

2. Esta declaración terá como finalidade facilitar as actuacións integrais de rehabilitación, polo que o concello deberá indagar a identidade das persoas propietarias dos inmobles para os efectos



de contar coa súa conformidade en prol de ofertalos para a venda. A declaración non obstará para o necesario cumprimento dos seus deberes legais por parte das persoas propietarias.

Artigo 63. *Rexistro de Núcleos Rurais Abandonados*

1. Os concellos poderán crear un rexistro de núcleos rurais en estado de abandono, no cal se inscribirán as edificacións residenciais que conforman o núcleo que se declara en estado de abandono.

2. O rexistro será público e accesible, coa finalidade de que calquera persoa o poida consultar e obter información dos inmobles incluídos e das determinacións urbanísticas que lle afecten.

3. As persoas propietarias dos inmobles poderán solicitar, en calquera momento, a baixa na inscrición.

4. Os concellos poderán habilitar unha sección neste rexistro para que as persoas propietarias de vivendas abandonadas, que non se atopen incluídas nun núcleo declarado abandonado, soliciten a súa inscrición co fin de as incluír no procedemento de venda ou de alugamento establecido no artigo seguinte.

Artigo 64. *Procedemento de venda ou alugamento*

1. O concello poderá convocar, de oficio ou por solicitude da persoa interesada, un procedemento para a venda ou o alugamento de todos ou de parte dos inmobles residenciais inscritos no rexistro de forma voluntaria, con indicación, polo menos, das seguintes condicións:

a) o prezo base da oferta do inmovle ou dos inmobles, e, no suposto de alugamento, o prezo total da renda, cos servizos accesorios e as demais cantidades que, se é o caso, deban asumir as persoas arrendatarias

b) o prazo máximo para a execución da rehabilitación e, se é o caso, das obras de urbanización

c) a garantía do cumprimento do deber de rehabilitar.

2. O procedemento consistirá na oferta dos inmobles, e as persoas interesadas na adquisición ou no alugamento poderán realizar a oferta que consideren oportuna, que, en todo caso, deberá ser aceptada pola persoa propietaria. Como resultado do procedemento poñerase en contacto ás persoas vendedoras e compradoras, ou ás persoas arrendadoras e arrendatarias, para que, se for o caso, formalicen a venda ou o alugamento.

3. Neste casos, o concello poderá articular medidas específicas de fomento para a rehabilitación destes núcleos.

Artigo 65. *Difusión a nivel autonómico*

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo creará unha plataforma informática a nivel autonómico que poñerá á disposición dos concellos para que se inclúan os datos dos rexistros municipais co fin de difundir os procedementos públicos de venda dos inmobles incluídos nestes rexistros.



2. O acceso aos datos da plataforma será público coa finalidade de que calquera persoa os poida consultar e obter a información dos procedementos incluídos nela.

TÍTULO III

Coordinación administrativa para a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 66. Coordinación administrativa

Co fin de garantir a coherencia, a eficiencia e a eficacia das actuacións públicas previstas nesta lei, as diferentes administracións públicas con competencias na materia deberán actuar conxunta e coordinadamente para facilitar o cumprimento e a execución das diferentes actuacións, dos plans e dos programas en materia de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas, especialmente a través das oficinas de rehabilitación e dos centros de rexeneración urbana de interese autonómico.

CAPÍTULO II

Oficinas de rehabilitación

Artigo 67. Concepto

1. A oficina de rehabilitación é o punto de información, asesoramento, apoio á xestión, seguimento e difusión das áreas de rehabilitación integral para facilitar a execución das actuacións nelas.

2. Cada concello deberá contar cunha única oficina de rehabilitación cos medios materiais e persoais adecuados e proporcionados para desenvolver a actividade, que exercerá as súas funcións e as súas competencias na totalidade dos ámbitos do municipio con área de rehabilitación integral declarada ou que se declare.

Os concellos poderán subscribir convenios entre eles para a creación dunha oficina de rehabilitación que xestione conxuntamente a totalidade das áreas de rehabilitación declaradas neses municipios. A xestión dela corresponderá aos concellos asinantes.

3. Nas áreas de ámbito municipal a oficina será creada e xestionada polo concello correspondente, e nas áreas de ámbito supramunicipal a oficina será creada e xestionada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, sen prexuízo da colaboración dos concellos implicados.

Artigo 68. Funcións das oficinas de rehabilitación

1. As oficinas de rehabilitación terán as seguintes funcións:

a) Propoñer as medidas necesarias para desenvolver as actuacións derivadas da declaración de área de rehabilitación integral, así como o seguimento e o control anual da evolución dos indica-



dores, e, se é o caso, as medidas correctoras ou de impulso que melloren o funcionamento da devandita área.

b) Prestar unha atención directa, persoal e especializada á cidadanía, facilitando a información e o apoio técnico-xurídico necesario para poder levar a cabo as actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.

c) Fomentar a rehabilitación urbana mediante:

1º. O impulso e a xestión das actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.

2º. A asistencia técnica e administrativa para a correcta orientación dos expedientes de rehabilitación de edificios, co fin de lograr a maior adecuación posible dos edificios á normativa de accesibilidade, eficiencia enerxética e habitabilidade.

3º. A tramitación, se é o caso, dos expedientes de axudas públicas á rehabilitación de edificios e vivendas e de calquera outra asociada á área de rehabilitación integral.

2. As oficinas de rehabilitación poderán asumir aquelas funcións que, sendo competencia do propio concello ou doutras administracións, se acorde que poidan ser desenvolvidas por estas oficinas, en prol de simplificar e axilizar a tramitación administrativa e de mellorar a atención á cidadanía.

En todo caso, estas oficinas deberán contar cos medios humanos e materiais suficientes para asumir estas funcións.

Nestes casos, os obxectivos, as competencias, a regulación, a composición e o funcionamento das devanditas oficinas concretaranse mediante o asinamento do correspondente convenio de colaboración.

Artigo 69. *Rede de oficinas de rehabilitación*

1. Para mellorar a eficacia e a coordinación das diferentes oficinas de rehabilitación, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, en colaboración cos diferentes concellos, creará unha rede de oficinas de rehabilitación.

2. A través desta rede difundirase o material e o apoio para cumprir os obxectivos de cada área, propiciarse o acceso á formación específica na materia de rehabilitación, rexeneración e renovación, e implantarase unha plataforma informática de rehabilitación (PIR) con acceso compartido para todas as oficinas, na cal se poderán fixar directrices, realizar as consultas, compartir as solucións técnicas, dispoñer dun sistema de información xeográfica que facilite programar as actuacións, tramitar as axudas, así como calquera outra información que se considere oportuna.



CAPÍTULO III

Centros de rexeneración urbana de interese autonómico e comisións de seguimento das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico*Sección 1ª. Centros de rexeneración urbana de interese autonómico***Artigo 70. Concepto**

1. O centro de rexeneración urbana de interese autonómico é o punto de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da área de rexeneración urbana de interese autonómico, co obxectivo de impulsar as actuacións de recuperación, rexeneración e dinamización da área.

2. Mediante un acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellaría competente en materia de vivenda determinaranse os estándares mínimos dos medios materiais e humanos, así como os criterios, os requisitos e a solvencia técnica que deban cumprir os centros de rexeneración urbana de interese autonómico.

Artigo 71. Ámbito de actuación dos centros de rexeneración urbana de interese autonómico

1. En cada concello deberá existir, adscrito á Administración municipal, un único centro de rexeneración urbana de interese autonómico, que exercerá as súas funcións na totalidade dos ámbitos do municipio con áreas de rexeneración urbana de interese autonómico declaradas ou que se declaren.

2. O ámbito de actuación e as competencias do centro de rexeneración urbana de interese autonómico poderanse estender ás edificacións catalogadas existentes no concello, con independencia de que estas non se atopen situadas nalguna das zonas indicadas anteriormente.

3. Cando nun mesmo ámbito municipal existan diferentes clases de áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica, o centro de rexeneración urbana de interese autonómico poderá asumir as funcións e as competencias previstas nesta lei para as oficinas de rehabilitación.

4. Os centros de rexeneración urbana de interese autonómico poderanse integrar na rede de oficinas de rehabilitación prevista no artigo 69.

Artigo 72. Procedemento de creación dos centros de rexeneración urbana de interese autonómico

1. Os centros de rexeneración urbana de interese autonómico crearaos o concello. Mediante un convenio entre o concello e o Instituto Galego da Vivenda e Solo precisaranse os obxectivos, o financiamento e o funcionamento destes centros, así como os mecanismos de actuación conxunta e coordinada para facilitar o cumprimento e a execución das diferentes actuacións, dos plans e dos programas en materia de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.

2. Na declaración da área de rexeneración urbana de interese autonómico determinaranse a composición e os medios persoais mínimos dos que debe dispoñer o devandito centro, nos termos e nas condicións que, se é o caso, se determinen na normativa prevista no artigo 70.



Artigo 73. Financiamento dos centros de rexeneración urbana de interese autonómico

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo financiará os centros de rexeneración urbana de interese autonómico ata o sesenta por cento dos gastos de persoal dos devanditos centros. Así mesmo, achegarase unha cantidade igual, como máximo, do dez por cento da cantidade antes indicada, en concepto de financiamento dos gastos correntes. Este financiamento realizarase sempre nas condicións e cos límites establecidos, se é o caso, na normativa prevista no artigo 70.

2. Esta achega poderase modular en función dos obxectivos alcanzados anualmente no ámbito de actuación.

Artigo 74. Atribucións de funcións aos centros de rexeneración urbana de interese autonómico

1. As administracións local ou autonómica atribuirán aos centros de rexeneración urbana de interese autonómico aquelas funcións que, sendo de competencia das devanditas administracións, se considere conveniente que sexan asumidas por estes centros en prol de simplificar e axilizar a tramitación administrativa e mellorar a atención á cidadanía.

2. No exercicio das súas funcións, os centros de rexeneración urbana de interese autonómico procurarán en todo momento a coordinación das súas actuacións coa Administración municipal e cos órganos competentes da Administración autonómica co fin de lograr a maior coherencia e eficiencia nas actuacións que leven a cabo.

Artigo 75. Funcións dos centros de rexeneración urbana de interese autonómico

Os centros de rexeneración urbana de interese autonómico deberán asumir, cando menos, as seguintes funcións:

1. A elaboración ou a dirección dos estudos que se pretenden realizar para o coñecemento da situación real do parque edificado no seu ámbito de actuación e nas distintas áreas de rexeneración urbana do concello, así como a actualización destes datos.

2. A análise dos problemas e das vulnerabilidades da área ou das áreas urbanas que constitúen o seu ámbito de actuación e a proposta das medidas que se deberán adoptar.

3. A prestación dunha atención directa, persoal e especializada á cidadanía, facilitando a información e o apoio técnico-xurídico necesario para poder levar a cabo as actuacións de rexeneración e de renovación urbanas.

4. A asistencia técnica, xurídica e administrativa para a correcta orientación dos expedientes de rehabilitación de edificios, en prol de lograr a maior adecuación posible dos edificios á normativa de accesibilidade, a eficiencia enerxética e a habitabilidade e mais de preservar os elementos construtivos con protección patrimonial.

5. A tramitación e a xestión dos distintos programas e expedientes de axudas á rehabilitación de acordo cos plans de impulso á rehabilitación da Administración municipal, autonómica e estatal.



6. O impulso e a xestión de medidas e actuacións que atraian o investimento privado para facilitar a rehabilitación, a rexeneración e a renovación urbanas con criterios de eficiencia enerxética, accesibilidade e mellora da imaxe urbana, incluso a través da tramitación de convenios con persoas particulares afectadas, co fomento da dinamización do ámbito e da diversidade de usos e actividades.

7. A elaboración das propostas ou dos informes técnicos relativos á protección do patrimonio cultural en asunción das funcións que poida encomendar a consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

8. O desenvolvemento do labor de intervención administrativa na edificación e nos usos do solo no seu ámbito de actuación mediante:

a) A tramitación e o informe sobre as licenzas de obra, as autorizacións administrativas que procedan e, de ser o caso, a realización das actuacións e dos trámites oportunos no suposto de obras sometidas ao réxime de intervención municipal de comunicación previa.

b) O asesoramento, a resolución de consultas e a proposta de modificacións sobre o plan de desenvolvemento vixente nas áreas.

c) A tramitación das declaracións de incumprimento e as ordes de execución, que incluírán a supervisión do estado dos inmobles e, se é o caso, a tramitación dos requirimentos ás persoas propietarias de inmobles co obxecto de que realicen as obras necesarias para o cumprimento dos deberes de edificación, conservación e rehabilitación.

d) A tramitación das declaracións de ruínas, a análise do estado das edificacións e a proposta, de ser o caso, da ruína estrutural, funcional ou económica dos inmobles para a súa substitución ou rehabilitación conforme as previsións urbanísticas.

e) O impulso e a tramitación dos expedientes de venda forzosa, substitución forzosa ou expropiación forzosa necesarios para levar a cabo as actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.

f) A elaboración e a tramitación de plans especiais que teñan por obxecto a mellora da accesibilidade, para facilitar a instalación de ascensores en edificios de vivendas e a accesibilidade dos espazos urbanos.

9. A proposta das medidas necesarias para a protección do patrimonio cultural.

10. A elaboración das propostas e dos informes que se someten á Comisión de Seguimento da Área de Rexeneración Urbana de Interese Autonómico.

11. A elaboración das propostas ou dos informes relativos á mellora da accesibilidade.

11 bis. A elaboración das propostas ou dos informes relativos á mellora da sustentabilidade e da eficiencia enerxética.



11 *ter*. A elaboración das propostas ou dos informes relativos á aplicación da perspectiva de xénero.

11 *quater*. A elaboración das propostas ou dos informes relativos á aplicación de criterios sociais e ambientais.

12. Calquera outra función que as administracións local ou autonómica poidan encomendar ao centro de rexeneración urbana de interese autonómico para a mellor consecución dos obxectivos fixados.

Sección 2ª. Comisións de seguimento das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico

Artigo 76. Comisións técnicas de seguimento

1. Crearase unha comisión paritaria de seguimento para cada área de rexeneración urbana de interese autonómico co obxectivo de elaborar os plans e os programas de actuación nas citadas áreas, coordinar os criterios das funcións doutras administracións atribuídas aos centros de rexeneración urbana de interese autonómico e realizar o seguimento e a coordinación dos plans de financiamento para o impulso da rehabilitación, a rexeneración e a renovación das áreas afectadas.

2. Nas devanditas comisións participarán un mínimo de dúas persoas representantes por cada administración implicada. Aquelas estarán presididas por unha persoa representante da Administración autonómica.

3. Ás xuntanzas destas comisións poderán asistir as persoas que, sen prestaren servizos en ningunha das administracións afectadas, poidan ser propostas por estas en virtude dos seus coñecementos técnicos ou da súa experiencia profesional. Así mesmo, poderán asistir persoas representantes dos colexios profesionais, das asociacións ou das institucións cuxa participación se considere oportuna.

3 *bis*. Na designación das persoas representantes das comisións técnicas de seguimento respectarase o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 77. Funcións das comisións técnicas de seguimento

1. A comisión técnica de seguimento exercerá as seguintes funcións:

a) Velar polo funcionamento do centro de rexeneración urbana de interese autonómico de acordo con criterios de eficacia e eficiencia que impulsen a consecución dos fins da área de rexeneración urbana de interese autonómico.

b) Propoñer á autoridade competente do concello o nomeamento e a solicitude de cesamento da persoa responsable do centro de rexeneración urbana de interese autonómico, así como realizar o seguimento e a avaliación da súa actividade .

c) Propoñer a aceptación das funcións encomendadas ao centro de rexeneración urbana de interese autonómico por parte das diferentes administracións públicas.



d) Aprobar os plans e os programas de actuación e mais o investimento previsto anualmente en aplicación do plan de dinamización.

e) Propoñer ás administracións implicadas as modificacións no plan de dinamización que se considere oportuno realizar para a mellor obtención da finalidade perseguida, coa aprobación, de ser o caso, das modificacións non substanciais na forma e cos límites que se prevexan no indicado plan.

f) O seguimento, a valoración e o control da actividade do centro de rexeneración urbana de interese autonómico e do cumprimento dos compromisos adoptados, realizando, cando menos, as seguintes actuacións:

1ª. O seguimento da evolución dos indicadores fixados no plan de dinamización.

2ª. A memoria e auditoría anual para comprobar total ou parcialmente o grao de cumprimento dos compromisos, o seguimento dos indicadores e a xestión das accións definidas ao longo do ano polas persoas responsables.

1 bis. Os informes sinalados na alínea f) anterior serán públicos e estarán dispoñibles na páxina web correspondente.

TÍTULO IV

Financiamento das actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas

CAPÍTULO I

Medidas de fomento da rehabilitación edificatoria e da rexeneración e renovación urbanas

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 78. Programas de financiamento

1. Mediante unha orde da persoa titular da consellaría competente en materia de vivenda poderanse aprobar uns programas de financiamento para as persoas físicas, xurídicas ou administracións públicas promotoras das actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas previstas nesta lei, así como as bases reguladoras das ditas axudas con suxeición ao previsto na normativa de subvencións.

2. A Xunta de Galicia establecerá uns programas de axudas que faciliten o cumprimento das obrigas de rehabilitación e de conservación previstas nesta lei, así como para fomentar a participación nas actuacións de rehabilitación das persoas propietarias dos inmobles que superen o límite do deber de conservación e estean incluídos nun ámbito previamente delimitado.

3. Os programas de axudas autonómicos serán compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma de todas elas non supere o custo total da actuación concreta e sempre que a normativa reguladora desas axudas non estableza a incompatibilidade.



Artigo 79. Acordos para o financiamento das actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, para facilitar a xestión e a execución das actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas, poderá asinar os seguintes contratos:

a) Contrato de cesión de inmobles para a súa rehabilitación polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, coa facultade de arrendamento ou de outorgamento do dereito de explotación a terceiras persoas, por un tempo determinado; transcorrido o cal o inmovible reverterá á persoa propietaria. Nel poderanse establecer opcións de compra a favor do organismo.

b) Contrato de permuta ou de cesión de terreos ou de parte da edificación suxeita á rehabilitación por unha determinada edificación futura, ou de venda con pagamento aprazado do prezo do solo e/ou da edificación.

c) Contrato de arrendamento ou de cesión de uso de local, vivenda ou calquera outro elemento dun edificio por un prazo determinado a cambio do pagamento por parte da persoa arrendataria ou cesionaria de todos ou dalgún dos seguintes conceptos: impostos, taxas, cotas á comunidade ou á agrupación de comunidades de propietarios e propietarias ou da cooperativa, gastos de conservación e obras de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

d) Convenio de explotación conxunta ou de parte do inmovible.

Artigo 80. Convenios para a implantación de programas específicos de financiamento das actuacións

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá asinar convenios de colaboración con outras administracións públicas, con outras entidades do sector público autonómico e con fundacións e entidades sen ánimo de lucro para a implantación conxunta de programas de financiamento das actuacións de reforma, mellora ou rehabilitación de edificios, vivendas e locais.

2. Así mesmo, o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá asinar convenios coas entidades financeiras co obxecto de incentivar a concesión de financiamento para as actuacións de rehabilitación.

Artigo 81. Axudas para a elaboración e a tramitación do planeamento urbanístico

A Xunta de Galicia fomentará a elaboración e a tramitación do planeamento urbanístico necesario para executar as actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas previstas nesta lei mediante a aprobación de programas de axudas propios, ou ben garantindo un acceso preferente destas actuacións nos programas existentes que sexan financiados con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sección 2ª. Fondo de cooperación

Artigo 82. Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e de conservación do patrimonio construído en concellos de menos de cincuenta mil habitantes

1. O fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e de conservación do patrimonio construído é un fondo sen personalidade xurídica de seu para a xestión do instrumento financeiro de préstamo aos concellos con poboación inferior a cincuenta mil habitantes.



2. Poderanse acoller ao financiamento do fondo os concellos que reúnan o requisito de poboación sinalado no punto 1, co obxecto de financiar, mediante un préstamo sen xuros concedido por unha resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, as seguintes actuacións:

a) As actuacións promovidas polos concellos no desenvolvemento das competencias que lles atribúe esta lei ou a lexislación urbanística, en relación cos deberes de conservación e de rehabilitación.

b) As actuacións de rehabilitación e rexeneración urbanas realizadas polo concello dentro das propias políticas municipais en materia de conservación e de recuperación do patrimonio construído.

c) A adquisición de inmobles para a súa posterior rehabilitación.

d) A elaboración de plans especiais de protección.

e) Calquera outra actuación de rehabilitación e rexeneración urbana que se acorde mediante unha resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

3. O fondo dotarase co importe que, logo da autorización pola consellaría competente en materia de facenda, se estableza mediante unha resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e será publicado para o seu coñecemento público no *Diario Oficial de Galicia*.

4. O devandito fondo será xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e contará cunha contabilidade separada da do ente instrumental, coa que presentará os seus estados orzamentarios e contables de xeito consolidado.

5. Os recursos asignados ao fondo e os seus rendementos deberán estar vinculados a unha conta operativa propia e separada das do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

6. Mediante unha orde da consellaría competente en materia de facenda desenvolverase a súa operativa orzamentaria e contable e de rendición de contas. En todo caso, estará sometido ao réxime de auditoría, control e rendición de contas que lle resulte aplicable ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Artigo 83. Disposición e funcionamento do fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións dos concellos na rehabilitación e conservación do patrimonio construído

1. A dotación inicial procederá dos depósitos procedentes das fianzas de arrendamento co importe máximo que estableza a resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo a que se refire o artigo anterior.

2. As devolucións efectuadas polos concellos pasarán novamente a formar parte do fondo de cooperación para que poida ser reutilizado en novas disposicións por parte dos concellos.

3. Tendo en conta a procedencia e a afectación das cantidades que dotan o fondo de cooperación, os concellos non poderán compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, poidan deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou outras entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público autonómico.



4. As cantidades dispostas e non reintegradas ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, chegada a data de vencemento parcial ou total do préstamo, consideraranse vencidas, líquidas e exixibles, para os efectos da súa compensación con cargo ao Fondo de Cooperación Local.

CAPÍTULO II

Medidas específicas de fomento e de financiamento das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico

Sección 1ª. Programas de financiamento das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico

Artigo 84. Actuacións de protección nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico

1. Os proxectos de intervención nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico poderán recibir un financiamento para actuacións nalgúns dos ámbitos seguintes:

- a) o ámbito urbanístico
- b) o ámbito arquitectónico e de vivenda
- c) o ámbito económico
- d) o ámbito social.

2. Son actuacións de protección nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico as seguintes:

- a) A rehabilitación de edificios e vivendas.
- b) O fomento da accesibilidade e da sustentación do desenvolvemento urbano, en especial no referente á eficiencia enerxética, ao aforro no consumo de auga e á reciclaxe de residuos.
- c) A urbanización ou a reurbanización para a mellora das zonas urbanas públicas, da súa accesibilidade e da dotación dos espazos libres e equipamentos públicos.
- d) A instalación de redes e servizos e mais a implantación, a renovación e a mellora das infraestruturas básicas, con especial atención ao soterramento das redes de servizos de telefonía e de electricidade, así como a introdución das tecnoloxías da información nos edificios e nos espazos urbanos.
- e) O realoxamento e o retorno das persoas habitantes das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico.
- f) A implantación de actividades económicas estables, así como o acceso a infraestruturas de formación ocupacional e educación permanente para conseguir a inserción laboral de persoas en situación de desemprego.



g) O fomento da participación da iniciativa privada na recuperación destes ámbitos, con especial incidencia na conservación e na potenciación da implantación da pequena empresa de proximidade integrada na trama urbana.

h) A implantación de programas de fomento do envellecemento activo e da convivencia interxeracional.

i) As actuacións de promoción social que beneficien os colectivos desfavorecidos da zona.

i *bis*) As iniciativas e as actuacións urbanas que teñan en conta a perspectiva de xénero.

i *ter*) O fomento do acceso á vivenda por parte de poboación nova (menores de trinta e cinco anos).

i *quater*) As iniciativas de fomento do emprego no eido dos servizos culturais e da innovación tecnolóxica.

i *quinques*) As iniciativas de fomento do emprego por parte de poboación nova (menores de trinta e cinco anos).

i *sexies*) As iniciativas de fomento do emprego por parte de mulleres.

i *septies*) As iniciativas de integración sociolaboral de persoas con discapacidade.

j) Calquera outra medida ou programa que aprobe o Consello da Xunta de Galicia, por iniciativa propia ou por proposta dun concello.

Artigo 85. *Medidas de financiamento nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico*

1. Ademais das medidas previstas no capítulo anterior, as actuacións nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico que contarán con financiamento cualificado poderán consistir en:

a) actuacións directas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo

b) financiamento das actuacións de iniciativa privada

c) axudas para a adquisición e o alugamento de vivendas nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico

d) medidas de fomento do realoxamento e do retorno das persoas habitantes das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico

e) programas para implantar plans de promoción do envellecemento activo e da convivencia interxeracional

f) axudas para a rehabilitación de edificios destinados ao equipamento de carácter social, cultural ou educativo



g) destino dos locais do Instituto Galego da Vivenda e Solo para o fomento de iniciativas empresariais, sociais e dinamizadoras do ámbito

h) axudas para a instalación de redes e servizos, a mellora de espazos públicos e a realización de escavacións arqueolóxicas

i) bonificacións fiscais

j) financiamento mediante o fondo de rexeneración urbana de interese autonómico

k) calquera outra medida que determine motivadamente a Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo ou aprobe o Consello da Xunta de Galicia.

2. En todo caso, as actuacións que se realicen dentro dunha área de rexeneración urbana de interese autonómico terán a consideración de preferentes nos programas financiados con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e acceso prioritario aos fondos estatais e europeos no marco dos respectivos programas, sempre e cando os ditos programas non establezan outras prioridades como requisito de acceso aos ditos fondos.

3. As actuacións nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico poderanse financiar cos ingresos derivados da recadación do canon de inmobles declarados en estado de abandono.

Artigo 86. *Actuacións directas por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo*

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá adquirir terreos e/ou edificacións no ámbito das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico para a súa edificación e/ou rehabilitación directa por parte do organismo.

2. O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá aprobar programas de financiamento polos que o organismo adquira terreos e/ou edificacións no ámbito das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico e os poña á disposición de empresas promotoras, cooperativas ou persoas particulares para a súa edificación e/ou rehabilitación en réxime de dereito de superficie, cesión, permuta de cousa futura, arrendamento con ou sen opción de compra, ou venda. As condicións de acceso e financiamento estableceranse nos respectivos programas.

3. O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá tamén concertar con persoas promotoras, públicas ou privadas, a execución das obras de construción e/ou de rehabilitación dos inmobles adquiridos para seren destinados a vivenda de promoción pública concertada.

Artigo 87. *Financiamento das actuacións de iniciativa privada*

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo aprobará programas de financiamento para fomentar a participación da iniciativa privada no ámbito das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico, con destino á promoción inmobiliaria, ás cooperativas de vivendas e a outros tipos de aloxamentos.



2. O financiamento poderá consistir en axudas directas á rehabilitación ou á edificación, na adquisición ou no alugamento dunha parte das vivendas rehabilitadas con destino a vivendas protexidas, ou na subvención para que unha porcentaxe das vivendas rehabilitadas sexa destinada á venda ou ao alugamento a prezos taxados. As condicións de acceso, o importe, as porcentaxes e os prezos de adquisición e de renda estableceranse nos respectivos programas.

Artigo 88. Axudas para a adquisición e o alugamento de vivendas nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico

O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá establecer axudas para a adquisición ou o alugamento de vivendas previamente rehabilitadas, co obxecto de impulsar as actuacións de rexeneración e renovación urbanas e de lles facilitar o acceso á vivenda a aquelas persoas que máis o necesitan.

Artigo 89. Medidas de fomento do realoxamento e do retorno das persoas habitantes das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico

1. Para facilitar o realoxamento das persoas que habitan nos edificios das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico, o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá aprobar programas de axudas ao alugamento para estas persoas.

2. Así mesmo, tamén se poderán aprobar programas destinados a facilitar o retorno das persoas arrendatarias residentes nestas áreas.

Artigo 90. Programas para implantar plans de promoción do envellecemento activo e da convivencia interxeracional

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá aprobar programas que teñan por obxecto a dinamización das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico mediante accións dirixidas a implantar plans de promoción do envellecemento activo e da convivencia interxeracional no ámbito.

2. Estes programas poderán consistir en medidas de fomento a través da cesión de uso, do dereito de superficie, da compravenda con pagamento aprazado ou do arrendamento dun conxunto de vivendas, xa sexa nun inmovble único ou por separado en distintos edificios, para a súa rehabilitación. Así mesmo, poderán consistir en liñas de axudas ou programas de préstamos a través de entidades financeiras, coa posibilidade de subsidiar os xuros, así como a posta á disposición ou o financiamento do acondicionamento de locais destinados a actividades dirixidas ás persoas maiores e á convivencia interxeracional.

Artigo 91. Axudas para a rehabilitación de edificios destinados ao equipamento de carácter social, cultural ou educativo

1. Poderanse establecer axudas para as actuacións relativas á rehabilitación de edificios públicos ou privados con destino ao equipamento de carácter social, cultural ou educativo dentro das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico.



2. Os programas de axudas para a adecuación de edificios de equipamentos terán en conta a situación urbana dentro da área de rexeneración, a súa contribución á mellora da devandita área, as características arquitectónicas do edificio para rehabilitar, a coherencia técnica da intervención e a potenciación das actividades que implique o dito equipamento.

Artigo 92. *Xestión dos locais do Instituto Galego da Vivenda e Solo no ámbito*

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo apoiará a implantación de actividades dinamizadoras do ámbito nos locais da súa propiedade, con especial atención ao impulso das iniciativas sociais ou empresariais, ao apoio a persoas emprendedoras ou para o uso daqueles como viveiros de empresa, así como para proxectos que promovan o desenvolvemento económico e/ou cultural da área.

2. A mesma consideración terán aquelas iniciativas sociais ou empresariais nas cales se acredite a contratación ou a permanencia no seu posto de traballo de mulleres embarazadas, aquelas que garantan a conciliación da vida familiar e laboral e mais as iniciativas de fomento do emprego e da inserción laboral das mulleres, con especial atención ás vítimas da violencia de xénero. As ditas circunstancias teranse en conta como preferentes para a adxudicación.

Artigo 93. *Axudas para a instalación de redes e servizos*

1. A Xunta de Galicia fomentará a instalación de redes e servizos nas actuacións que se realicen dentro dunha área de rexeneración urbana de interese autonómico mediante a aprobación de programas de axudas propios ou ben garantindo un acceso preferente destas actuacións nos programas existentes que sexan financiados con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia ou, no caso das redes ou dos servizos para os que exista normativa sectorial específica que regule a concesión de axudas á súa instalación, mediante os instrumentos que recolla a dita normativa sectorial.

2. Estas actuacións terán tamén acceso prioritario aos fondos estatais e europeos no marco dos respectivos programas, sempre que non establezan outras prioridades como requisito de acceso aos ditos fondos.

Artigo 94. *Axudas para espazos públicos*

Os programas de axudas nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico poderán prever tamén axudas específicas para a urbanización, a reurbanización, o acondicionamento e a mellora da accesibilidade nos espazos públicos.

Artigo 95. *Axudas para actuacións arqueolóxicas*

As intervencións de investigación, documentación, protección ou posta en valor do patrimonio arqueolóxico que se poidan establecer como exixencia previa á obtención da licenza para a rehabilitación ou a renovación de edificios de vivendas poderán ser obxecto de axudas ou de subvencións nas condicións que se establezan no respectivo programa de subvencións.

Artigo 96. *Bonificacións fiscais municipais e recadación de multas coercitivas*

1. Os concellos, con suxeición á súa normativa reguladora, poderán establecer bonificacións fiscais específicas para fomentar as actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas previstas nesta lei, así como a ocupación dos inmobles e dos locais nos ámbitos delimitados.



2. Así mesmo, os concellos en que se declare unha área de rexeneración urbana de interese autonómico poderán, con suxeición á súa normativa reguladora, destinar todo ou parte da recadación das multas coercitivas impostas no ámbito declarado de rexeneración urbana de interese autonómico para financiar actuacións de rehabilitación e de rexeneración urbana nestas áreas.

Sección 2ª. Fondo de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe)

Artigo 97. Fondo Rexurbe para o apoio ao financiamento de proxectos de intervención integral nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico

1. Créase o fondo Rexurbe para o apoio ao financiamento de proxectos de intervención integral nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico como un fondo sen personalidade xurídica de seu, para a xestión de instrumentos financeiros de préstamos sen xuros aos concellos que teñan delimitada a área de rexeneración urbana de interese autonómico.

2. Poderanse acoller ao fondo os concellos en que se delimite unha área de rexeneración urbana de interese autonómico, co obxecto de financiar, mediante un préstamo concedido por unha resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, a mellora destas áreas desde o punto de vista urbanístico, social, económico e ambiental, incluíndo a elaboración do plan de dinamización e os plans urbanísticos para o desenvolvemento da área.

3. O fondo dotarase co importe que, logo da autorización por parte da consellaría competente en materia de facenda, se estableza mediante unha resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

4. O devandito fondo será xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e contará cunha contabilidade separada da do ente instrumental, coa que presentará os seus estados orzamentarios e contables de xeito consolidado, e será publicado para o seu coñecemento público no *Diario Oficial de Galicia*.

5. Os recursos asignados ao fondo e os seus rendementos deberán estar vinculados a unha conta operativa propia e separada das do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

6. Mediante unha orde da consellaría competente en materia de facenda desenvolverase a súa operativa orzamentaria-contable e de rendición de contas. En todo caso, estará sometido ao réxime de auditoría, control e rendición de contas que lle resulte aplicable ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Artigo 98. Disposición e funcionamento do fondo Rexurbe para o apoio ao financiamento de proxectos de intervención integral nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico

1. A dotación inicial crearase a partir dos depósitos procedentes das fianzas de arrendamento co importe máximo que estableza a resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo a que se refire o artigo anterior.

2. As devolucións efectuadas polos concellos pasarán novamente a formar parte do fondo de rexeneración urbana de interese autonómico para que poida ser reutilizado en novas disposicións por parte dos concellos.



3. Tendo en conta a procedencia e a afectación das cantidades que dotan o fondo de rexeneración urbana de interese autonómico, os concellos non poderán compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, poidan deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou outras entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público autonómico.

4. As cantidades dispostas e non reintegradas ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, chegada a data de vencemento parcial ou total do préstamo, consideraranse vencidas, líquidas e exixibles, para os efectos da súa compensación con cargo ao Fondo de Cooperación Local.

CAPÍTULO III

Canon de inmoables en estado de abandono

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 99. Creación, natureza e obxecto do canon de inmoables declarados en estado de abandono

Créase o canon de inmoables declarados en estado de abandono como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, con natureza de imposto, de carácter real e finalidade extrafiscal, que somete a gravame os inmoables declarados en estado de abandono nos ámbitos en que estea declarada unha área de rexeneración urbana de interese autonómico.

Artigo 100. Finalidade do canon

O canon de inmoables en estado de abandono ten como finalidade impulsar as actuacións de rehabilitación nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico e evitar o estado de abandono das edificacións existentes nestas áreas, coa redución consecuenta do número de inmoables en estado de abandono.

Artigo 101. Ámbito de aplicación

O canon de inmoables declarados en estado de abandono aplicarase no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia en que estea declarada unha área de rexeneración urbana de interese autonómico.

Artigo 102. Afectación da recadación

1. Os ingresos efectivamente obtidos pola recadación deste tributo, deducidos os custos de xestión, destinaranse a financiar as actuacións e as medidas de dinamización e mais a protección da área de rexeneración urbana de interese autonómico en que se recaden.

2. As leis de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia poderán establecer os criterios de afectación dos ingresos recadados por este imposto.

Artigo 103. Normativa de aplicación

O canon rexerase polas disposicións desta lei e polas normas regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento e, no non previsto nelas, polo disposto nas disposicións xerais en materia tributaria.



Artigo 104. *Inmoble declarado en estado de abandono*

1. Entenderase por inmueble declarado en estado de abandono aquel ben inmueble que estea en estado ruinoso ou aquel cuxas persoas propietarias desatendesen a súa obriga de conservación e de rehabilitación.

2. O Instituto Galego da Vivenda e Solo declarará, por solicitude do concello, a situación de inmueble en estado de abandono cando concorra calquera das seguintes circunstancias:

- a) Que o inmueble estea declarado en estado de ruína polo concello en que se sitúa.
- b) Que a persoa propietaria do inmueble incumprise unha orde de execución ditada polo concello en que se sitúa.
- c) Que medie a declaración do incumprimento regulada no capítulo IV do título I.

3. A declaración da situación en estado de abandono terá efectos desde a data de notificación á persoa propietaria e ata o momento en que se inicien as obras de rehabilitación ou se produza a transmisión do ben inmueble.

4. Para os efectos do disposto no punto anterior, os concellos en que exista unha área de rexe-neración urbana de interese autonómico remitirán ao Instituto Galego da Vivenda e Solo a solicitude de declaración do inmueble en estado de abandono, xunto coa declaración de ruína, a orde de exe-cución incumplida ou a declaración do incumprimento, no prazo de tres meses, contado desde a data da notificación á persoa propietaria da declaración de ruína ou do incumprimento, ou da data na cal se produciu o incumprimento da orde de execución.

Artigo 105. *Censo de inmuebles declarados en estado de abandono*

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo manterá un censo de inmuebles declarados en estado de abandono, que estará á disposición dos órganos a que se refire o artigo 115 para a xestión deste tributo. O Instituto Galego da Vivenda e Solo incluírá, de oficio, no censo os inmuebles que se decla-rasen en estado de abandono.

2. Os concellos, no prazo máximo de tres días, contado desde a emisión da solicitude de decla-ración do inmueble en estado de abandono, remitirán por medios telemáticos ao Instituto Galego da Vivenda e Solo os seguintes datos:

- a) o enderezo postal do inmueble, a referencia catastral e o valor catastral
- b) a identificación da persoa titular que consta no Rexistro da Propiedade e no Catastro, e
- c) de ser o caso, a data de inicio das obras de rehabilitación.

3. Os concellos serán responsables de comunicar ao Instituto Galego da Vivenda e Solo a variación que se produza nestes datos durante a vixencia da declaración do inmueble en estado de abandono.



4. No censo, ademais dos datos reflectidos anteriormente, figurará a causa que motiva a declaración de ben inmovible en estado de abandono, a data da citada declaración e a dos seus efectos, así como a data en que cesen no suposto de que se comunique o inicio das obras ou a transmisión do inmovible.

5. O Instituto Galego da Vivenda e Solo dará de baixa os inmovibles tras a comunicación e a xustificación por parte do concello das seguintes circunstancias:

- a) o inicio das obras de rehabilitación
- b) a transmisión do inmovible por calquera título xurídico que determine un cambio na súa titularidade.

Sección 2ª. Elementos do tributo

Artigo 106. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do canon de inmovibles declarados en estado de abandono ter declarado un inmovible en estado de abandono nunha área de rexeneración urbana de interese autonómico.

Artigo 107. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas físicas, xurídicas ou as entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan propietarias dun inmovible declarado en estado de abandono.

2. Responden solidariamente da cota deste imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, as persoas copartícipes ou cotitulares se figuran inscritas como tales no Catastro Inmobiliario. De non figuraren inscritas, a responsabilidade exíxrase por partes iguais en todo caso.

3. Os suxeitos pasivos non residentes en territorio español virán obrigados a nomear unha persoa física ou xurídica con domicilio en España para que os represente ante a Administración tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia en relación coas súas obrigas por este tributo. O nomeamento deberase comunicar á Administración tributaria.

Artigo 108. Base imponible

1. Constitúe a base imponible o valor catastral dos bens inmovibles en estado de abandono na data da devindicación.

2. Se na data da devindicación do imposto o ben inmovible carece de valor catastral ou este non se lle notificou á persoa titular, tomarase como base imponible o valor polo que se debería computar para os efectos do imposto de patrimonio.

Artigo 109. Tipo de gravame e cota tributaria

1. A cota tributaria determinarase pola aplicación dos seguintes tipos de gravame á base imponible:



- o 0,6 por cento para os inmobles que teñan declaración de ruína e
- o 0,4 por cento para o resto.

2. A cota tributaria incrementarase nun dez por cento por ano de permanencia na situación de estado de abandono, sen que poida superar dúas veces o importe inicial.

Artigo 110. *Exención fiscal*

Estarán exentas do imposto as persoas físicas que acrediten, nas condicións que se establezan nas normas de aplicación do tributo a que fai referencia o artigo 112, estar en situación de exclusión social, consonte a lexislación en materia de servizos sociais e inclusión social de Galicia. A exención terá efectos no período impositivo en que se acredite a dita situación por parte da consellaría competente en materia de servizos sociais.

Artigo 111. *Período impositivo e devindicación*

1. O período impositivo coincidirá co ano natural.
2. A devindicación producirase o último día do período impositivo.

Sección 3ª. Aplicación do canon

Artigo 112. *Normas de aplicación*

A consellaría competente en materia de facenda aprobará as normas de aplicación do tributo.

Artigo 113. *Xestión do canon*

1. O canon xestionarase a partir da información contida no censo de inmobles declarados en estado de abandono a que se refire o artigo 106. O censo, que se formará anualmente, conterá a información relativa aos bens inmobles declarados en estado de abandono que estivesen nesta situación o 31 de decembro do ano anterior, por separado para os de cada clase, e será posto á disposición da Administración tributaria no mes de xaneiro de cada ano.

2. A Administración tributaria poñerá á disposición dos suxeitos pasivos o censo na forma, no lugar e nos prazos que estableza a orde da consellaría competente en materia de facenda. A dita exposición ao público comunicarse mediante a inserción de anuncios no *Diario Oficial de Galicia* e na sede electrónica da Administración tributaria, e producirá os efectos da notificación colectiva a que se refire o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. A Administración tributaria practicará e notificará a liquidación do canon correspondente ao primeiro ano natural en que teña efectos a declaración do inmovible en estado de abandono na forma, no lugar e nos prazos que estableza a orde da consellaría competente en materia de facenda.

4. Tras practicarse a primeira liquidación, o canon xestionarase mediante un recibo nos anos sucesivos. Os recibos para facer efectiva a débeda tributaria poñeranse á disposición dos suxeitos pasivos nos prazos, na forma e no lugar que estableza a orde da consellaría competente en materia de facenda.



5. A Administración tributaria poderá acumular as contías do canon correspondentes a cada un dos inmobles que estean declarados en situación de estado de abandono dun mesmo suxeito pasivo nun único recibo.

Artigo 114. *Prazos, forma e lugar de presentación*

1. As liquidacións a que se refire o punto 3 do artigo anterior deberánse facer efectivas nos prazos, na forma e no lugar que estableza a orde da consellaría competente en materia de facenda.

2. Os recibos a que se refire o artigo anterior deberánse facer efectivos nos prazos, na forma e no lugar que estableza a orde da consellaría competente en materia de facenda.

3. Os suxeitos que domicilien o pagamento das liquidacións ou dos recibos poderán optar por facer efectivo o canon de forma fraccionada na forma, no lugar e nos prazos que determine a orde da consellaría competente en materia de facenda. Este fraccionamento e aprazamento non precisará de achega e/ou constitución de ningunha garantía nin devindicará xuros de mora.

4. Non será posible aprazar ou fraccionar os pagamentos fraccionados a que se refire o punto anterior. A presentación da solicitude non impedirá o inicio do período executivo nin a devindicación das recargas correspondentes e dos xuros de mora. Esta considerárase un incumprimento das obrigas tributarias para todos os efectos. O incumprimento do pagamento de calquera pagamento fraccionado terá os efectos sinalados na normativa xeral tributaria.

5. Tanto a domiciliación coma, de ser o caso, o fraccionamento do canon terán validez por un tempo indefinido en tanto non sexan anulados pola persoa interesada, rexeitados pola entidade colaboradora autorizada pola consellaría competente en materia de facenda ou a Administración tributaria dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas. Neste último caso, a Administración tributaria notificaralles aos contribuíntes o acordo de invalidez da domiciliación. Será razón suficiente para que a Administración tributaria declare a invalidez da domiciliación a non atención pola entidade financeira dos recibos domiciliados e enviados ao cobramento, por non haber existencia de saldo na conta de domiciliación.

Artigo 115. *Utilización de tecnoloxías informáticas e electrónicas*

A consellaría competente en materia de facenda poderá dispoñer que o cumprimento das obrigas tributarias referidas ao imposto se efectúe mediante os programas informáticos de axuda que, se é o caso, se aproben.

Artigo 116. *Liquidacións provisionais*

Os órganos da Administración tributaria poderán ditar a liquidación provisional que proceda de conformidade co disposto na Lei xeral tributaria.

Artigo 117. *Potestade sancionadora*

1. A potestade sancionadora en materia tributaria exercerase conforme os principios reguladores dela en materia administrativa e coas especialidades previstas na Lei xeral tributaria, para o que serán aplicables as disposicións xerais contidas nela.



2. A clasificación das infraccións e das sancións tributarias e mais o procedemento sancionador tributario rexeranse polo establecido na Lei xeral tributaria e nas demais disposicións que a desenvolvan e complementen.

Artigo 118. *Revisión*

1. Os actos e as actuacións de aplicación deste tributo, así como os actos de imposición de sancións tributarias, serán revisables consonte as disposicións contidas na Lei xeral tributaria.

2. O coñecemento das reclamacións económico-administrativas corresponderá con exclusividade aos órganos económico-administrativos da Comunidade Autónoma, sen prexuízo da vía contencioso-administrativa.

Artigo 119. *Órganos competentes*

O exercicio das funcións de aplicación e de revisión do imposto así como o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria corresponderán aos órganos ou ás unidades administrativas competentes da Administración tributaria da consellaría competente en materia de facenda que determine a súa norma organizativa.

Artigo 120. *Órganos de colaboración*

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, os órganos administrativos competentes na materia de urbanismo, vivenda e servizos sociais auxiliarán os órganos de aplicación deste tributo e colaborarán con eles, no marco das súas respectivas competencias, para a liquidación, a comprobación e a investigación do tributo, mediante, entre outras actuacións, a elaboración de informes por pedimento destes, a expedición de certificados oficiais dos datos necesarios para a liquidación do tributo, o mantemento do censo a que fai referencia o artigo 105 e/ou a cesión informática dos datos sinalados.

CAPÍTULO IV

Medidas de apoio á recuperación de aldeas no rural e dos núcleos rurais en estado de abandono

Artigo 121. *Actuacións impulsadas pola Xunta de Galicia*

1. A Xunta de Galicia impulsará programas de financiamento ou de actuacións integradas e conxuntas de varios dos seus departamentos para impulsar a recuperación de aldeas no rural e de núcleos rurais en estado de abandono, tales como programas de incentivos e de promoción turística, ocupacional ou con destino á vivenda libre ou protexida.

2. Así mesmo, fomentárase a recuperación destas aldeas e núcleos por parte das persoas propietarias, dos concellos ou das entidades públicas e privadas, mediante a aprobación de programas de axudas propios ou ben garantindo un acceso preferente destas actuacións nos programas existentes que sexan financiados con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia. En particular, as actuacións de recuperación destas aldeas e núcleos poderanse financiar con cargo ao fondo de cooperación regulado na sección 2ª do capítulo I do título IV.



3. Estas actuacións terán tamén acceso prioritario aos fondos estatais e europeos no marco dos respectivos programas, sempre que neles non se establezan outras prioridades como requisito de acceso aos ditos fondos.

Disposición adicional primeira. *Adquisición directa de terreos e/ou edificacións por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo*

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá adquirir bens e dereitos por calquera título, e poderá concluír calquera contrato, típico ou atípico.

2. O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá así mesmo concertar negocios xurídicos que teñan por obxecto a constitución ao seu favor dun dereito á adquisición de bens ou dereitos. Nestes casos, o expediente de gasto tramitarase unicamente polo importe correspondente á prima que, de ser o caso, se establecese para conceder a opción. No momento do exercicio da opción tramitarase o expediente de gasto correspondente á adquisición do ben ou dereito.

3. A adquisición terá lugar mediante uns procedementos que garantan o respecto dos principios de igualdade, publicidade e concorrência, agás nos seguintes supostos, en que se pode acudir á adquisición directa sen publicidade:

a) Cando así o requiran as peculiaridades dos bens, as necesidades do servizo ou da función que se vai satisfacer, a afectación ou as limitacións do mercado inmobiliario na localidade onde estean situados, a urxencia extrema da adquisición ou a importancia ou a singularidade do ben para a consecución da recuperación do ámbito que se vai rexenerar.

b) Cando a vendedora sexa outra administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica pertencente ao sector público.

c) Cando fose declarado deserto o procedemento promovido con publicidade para a adquisición, e sempre que non se modificasen as condicións orixinais do contrato, agás o prezo e a superficie, que se poderán alterar nun dez por cento.

d) Cando a adquisición se efectúe en virtude do exercicio dun dereito de adquisición preferente.

e) Cando se adquira a un copropietario unha cota dun ben, en caso de condominio.

f) Cando o valor de taxación do ben ou do dereito sexa inferior a 50.000 euros. Neste caso solicitaranse un mínimo de tres ofertas, sempre que as circunstancias o permitan.

Disposición adicional primeira *bis*. *Observatorio da Vivenda de Galicia*

O Observatorio da Vivenda de Galicia (OVG), dependente do Instituto Galego da Vivenda e Solo, como ferramenta de participación e transparencia dos diferentes axentes, tanto públicos coma privados, implicados no sector da vivenda, prestará especial atención ao estudo e á análise das actuacións de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas en Galicia, e difundirá a información xeral, estatística ou técnica resultante a través da súa páxina web para o xeral coñecemento.



Disposición adicional segunda. *Aplicación das medidas específicas de fomento e financiamento das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico a outros ámbitos*

As medidas específicas de fomento e financiamento das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico previstas no capítulo II do título IV poderanse aplicar a calquera outro ámbito delimitado de renovación e rexeneración urbana ou actuación de rehabilitación edificatoria cando así o acorde a consellaría competente en materia de vivenda, nos supostos en que quede acreditada a urxente necesidade de actuación a través dalgún dos instrumentos previstos no citado capítulo e resulte axustada ás dispoñibilidades orzamentarias que estean vixentes nese exercicio.

Disposición adicional segunda *bis*. *Conxuntos históricos e ámbitos obxecto de planeamento especial de protección*

Poderanse aprobar por un regulamento os catálogos de solucións compatibles coa extensión de servizos nos conxuntos históricos e ámbitos obxecto de planeamento especial de protección, nos cales se determinarán o alcance, as características e o ámbito destas solucións e actuacións vinculadas á extensión de redes de servizos.

Disposición adicional segunda *ter*. *Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica*

No marco da Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica prevista no artigo 6 de la Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, poderanse establecer uns acordos de colaboración para a aplicación das medidas incluídas nesta lei que afecten o seu patrimonio.

Disposición transitoria primeira. *Homoxeneización dos catálogos de protección*

Para a aplicación do establecido na sección 1ª do capítulo V do título I, en tanto os concellos non teñan aprobado un catálogo de protección adaptado ás determinacións da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a homoxeneización dos niveis de protección realizarase mediante unha resolución da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural, por solicitude do concello correspondente.

Disposición transitoria segunda. *Áreas de rehabilitación declaradas*

1. As áreas de rehabilitación declaradas na data de entrada en vigor desta lei manterán a súa vixencia para os efectos previstos nela.

2. No suposto de que as ditas áreas cumpran os requisitos para seren declaradas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico, deberán solicitar a correspondente declaración consonte o establecido nesta lei.

Disposición transitoria terceira. *Oficinas de rehabilitación existentes*

1. As oficinas das áreas de rehabilitación declaradas na data de entrada en vigor desta lei quedarán asimiladas ás oficinas de rehabilitación previstas nela, logo da solicitude do concello.



2. No suposto de que se declare área de rexeneración urbana de interese autonómico unha área de rehabilitación integral existente, o concello poderá solicitar que a oficina de rehabilitación existente se declare centro de rexeneración urbana de interese autonómico, sempre que se cumpran os requisitos previstos no título III.

Disposición transitoria cuarta. *Consortio do Casco Vello de Vigo*

En tanto manteña a súa vixencia, o Consortio do Casco Vello de Vigo poderá asumir, no seu ámbito de actuación, as funcións dun centro de rexeneración urbana de interese autonómico, para o que deberá dispoñer dos medios e da solvencia técnica que se determinen na normativa prevista no artigo 70.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*

Un. Modifícase o artigo 137 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 137. *Rexistro de Soares*

1. Os municipios poderán crear un Rexistro de Soares, no que se incluírán os soares e as construcións en ruína ou aquelas sobre as que non se realizasen as obrigas contidas nos artigos anteriores, logo de que se constatase que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento.

2. A inscrición no Rexistro de Soares será comunicada pola administración actuante ao Rexistro da Propiedade.

3. Nos municipios en que exista Rexistro de Soares será aplicable o disposto nos artigos 138 e 139 desta lei.»

Dous. Modifícase o punto 4 do artigo 158 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Son infraccións leves:

a) A execución de obras ou instalacións realizadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, cando sexan legalizables por seren conformes co ordenamento urbanístico.

b) O incumprimento das ordes de execución ou demolición.

c) A inexactitude, a falsidade ou a omisión, de carácter non esencial, en calquera dato ou documento que se achega ou consta na comunicación previa.



d) A realización de pintadas, graffitis, incisións ou outros actos que causen danos ou deterioracións ou menoscaben o ornato da vía pública, do mobiliario urbano, dos espazos publicitarios ou dos paramentos exteriores das edificacións, construcións e instalacións, incluídos os muros e cerramentos de todo tipo, sempre que non teña o carácter de infracción grave.

Non será constitutiva de infracción a realización de murais e graffitis de valor artístico nos espazos públicos que excepcionalmente cedan os concellos para estes efectos, sempre que non prexudiquen o contorno urbano nin a calidade de vida da veciñanza. Estes espazos deberán estar periodicamente sometidos a control e limpeza.

e) O incumprimento do deber de cubrir no tempo e na forma o informe de avaliación dos edificios.

f) As demais vulneracións do ordenamento urbanístico que non teñan o carácter de infraccións graves ou moi graves.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*

Un. Modifícase o punto 3 do artigo 65 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que queda coa seguinte redacción:

«3. A dita habilitación concretarase, en cada caso, nun convenio de colaboración específico entre o concello e a consellaría competente en materia de patrimonio cultural que recolla, como mínimo, os compromisos de asesoramento autonómico e os recursos técnicos de supervisión e seguimento de carácter municipal, para determinar o alcance da habilitación. Non será necesario este convenio no caso de plans especiais de protección de bens catalogados, polo que os concellos serán competentes para autorizar as intervencións que deles deriven tras a súa aprobación definitiva, nas condicións establecidas no artigo 58.»

Dous. Modifícase o artigo 129, «Infraccións leves», da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, co engadido de dous novos supostos:

«y) A realización de calquera intervención nun ben declarado de interese cultural ou catalogado, ou no seu contorno de protección, ou na súa zona de amortecemento, sen a autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, cando esta sexa preceptiva ou contravindo os termos da autorización concedida.»

«z) A realización de pintadas, incisións e outros actos vandálicos que causen danos ou deterioracións en bens sitos no contorno de protección dun ben declarado de interese cultural ou catalogado.»

Tres. Modifícase o artigo 130, «Infraccións graves», da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, co engadido dun novo suposto:

«z bis) A realización de pintadas, incisións e outros actos vandálicos que causen danos ou deterioracións nun ben declarado de interese cultural ou catalogado, agás que o dano ou a deterioración teñan a consideración de infracción moi grave, consonte o establecido no artigo 131, sen prexuízo do recollido na letra a) deste mesmo artigo.»



Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*

Un. Modifícase o punto 3 do artigo 33 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, que terá a seguinte redacción:

«3. O importe das fianzas depositadas poderá ser destinado a investimentos para a promoción, construción e rehabilitación de vivendas protexidas de promoción pública, a actuacións directas en núcleos antigos ou suxeitos a un proceso de renovación urbana, á dotación de fondos de cooperación cos concellos para o impulso de actuacións de rehabilitación, rexeneración ou renovación urbana, a medidas de fomento do alugamento e a políticas de fomento do dereito á vivenda previstas nesta lei, sempre que quede garantida a devolución das fianzas que sexan reclamadas no tempo e na forma que proceda.»

Dous. Modifícase o artigo 96 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, que terá a seguinte redacción:

«Sen prexuízo das axudas e subvencións que se establezan en cada programa específico, as actuacións de rehabilitación, rexeneración ou renovación poderán levarse a cabo directamente polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e as vivendas resultantes poderán ser tanto libres como protexidas.»

Tres. O artigo 100 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, queda sen contido.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia*

A Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia poderá modificar calquera elemento do canon de inmobles en estado de abandono.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento regulamentario*

Habilítase o Consello da Xunta de Galicia para desenvolver regulamentariamente o contido desta lei, e autorízase a consellaría competente en materia de facenda para aprobar as disposicións que sexan precisas para a aplicación do canon de inmobles en estado de abandono.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e o canon de inmobles en estado de abandono comezará a exixirse desde o 1 de xaneiro de 2020.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

Antón Sánchez García

Secretario da Comisión



Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

- 44223 (10/PL-000012)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

BOPG nº 417, do 23.01.2019

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

— G. P. de En Marea (doc. núm. 48395).

— G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 48391).

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 48350).

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 20 de marzo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 47807 (10/PPL-000036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 20 de marzo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 47825 (10/PPL-000037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais para a Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, co obxecto de proporcionar recursos adicionais para a atención primaria

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de modificación da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais para a Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, co obxecto de proporcionar recursos adicionais para a atención primaria.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, mantén para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao **Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia**, doc. núm. 44223 (10/PL-000012), que non foron incorporadas ao Ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 01/04/2019 10:52:29



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que **mantén, para a súa defensa en Pleno**, todas as emendas e votos particulares, presentados ao Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, agás as aprobadas ou transaccionadas (10/PL-000012, doc. núm. 44223)

Pazo do Parlamento, 01 de abril de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/04/2019 09:21:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao **Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia [10/PL-000012 (doc. núm. 44223)]**, que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/03/2019 10:51:21



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, de renda social galega (doc. núm. 46311, 10/PPL-000034)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

1.2 46311(10/PPL-000034)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Proposición de lei de renda social galega



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46311
Data envío: 13/02/2019 20:04:34.594



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de Renda Social Galega**.

ANTECEDENTES

- O artigo 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, así como o artigo 11 do Pacto Internacional dos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, recoñecen a toda persoa o dereito a un nivel de vida axeitado que lle asegure, a ela e á súa familia, a saúde e o benestar, alimentación, vestido, vivenda, asistencia médica e servizos sociais necesarios. O dereito a un nivel de vida axeitado é o fundamento da protección social nos casos de vulnerabilidade ou/e de exclusión social ou/e en risco de estalo, e comporta a responsabilidade dos poderes públicos ante estas persoas.

- A resolución da Asemblea Xeral das Nacións Unidas 70/1 de setembro de 2015 aproba a Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable, ten como fins reducir a desigualdade nos distintos Estados, manter o crecemento dos ingresos do 40% máis pobre da poboación a unha taxa superior á media nacional de cada país e potenciar e promover a inclusión social, económica e política de toda a poboación con independencia das súas circunstancias persoais ou sociais, económicas ou outras.

- O dereito á asistencia social a toda aquela persoa que non dispoña de ingresos suficientes está amparado no artigo 13.1 da Carta Social Europea. Asemade, a Carta dos Dereitos Fundamentais da UE, do 7 de decembro do 2000, proclama o recoñecemento do dereito a unha axuda social e a unha axuda á vivenda para

CSM-REXISTRO-x4gclcy08-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





garantir unha existencia digna a aquelas persoas que non dispoñan de recursos suficientes. Ademais, o PEAR Europeo dos Dereitos Sociais reconece o dereito a unha “renda mínima” para “toda persoa que careza de recursos suficientes”, indicando que “para as persoas que poidan traballar, as prestacións de renda mínima deben combinarse con incentivos á (re)integración no mercado laboral.

- A Estratexia Europea 2020 para a protección e a inclusión social propón un enfoque global da promoción da integración das persoas máis desfavorecidas, desenvolvendo unha estratexia integrada por tres piares: mercado laboral que favoreza a inserción, complementos de recursos axeitados e acceso a servizos sociais de calidade.

- O 22 de maio de 2017, o Consello Europeo emitiu unha Recomendación dirixida ao Estado Español na que se incluía a consideración de que “determinadas categorías de fogares quedan fóra dos sistemas de renda mínima garantida”.

- O 24 de outubro de 2017, o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución na que recomenda aos Estados membros da UE que introduzan “réximes de renda mínima axeitados, acompañados de medidas para favorecer a reincorporación ao mercado de traballo de todas as persoas capaces de traballar e de programas de educación e formación adaptados á situación persoal e familiar(...) co fin de axudar ás familias con ingresos insuficientes e permitirlles que teñan un nivel de vida digno”, configurándose, este tipo de rendas, como “a última rede de protección social” e constituíndo un apoio financeiro complementario aos servizos de calidade e ás políticas activas de emprego. Ademais, dita Resolución considera que “o limiar de risco de pobreza está fixado no 60% da mediana da renda nacional dispoñible equivalente (por fogar e despois das transferencias sociais)”.





- Son os poderes públicos os que teñen que actuar inmediatamente e con respostas axeitadas ante as situacións de necesidade das persoas segundo os principios que rexen a política social e económica e que se recollen no Título I da Constitución Española. Os poderes públicos teñen a obriga de desenvolver unha acción eficaz de prevención, tutela e intervención en favor do benestar social de toda a poboación para fomentar o desenvolvemento comunitario, a cohesión social, a xustiza distributiva, a igualdade de oportunidade e unha maior calidade de vida da cidadanía.

- O artigo 9 da Constitución Española recolle que corresponde aos poderes públicos a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, e remover os obstáculos públicos que impidan ou dificulten a plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida económica, política, cultural e social. Eliminar a pobreza e a desigualdade social é condición previa para garantir os dereitos á liberdade - non hai liberdade en situación de carencia material - e á igualdade; a poboación empobrecida ou en risco de estalo non pode acceder ao pleno exercicio dos seus dereitos cidadáns.

- A Xunta de Galiza, conforme ao recollido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e en materia de promoción do desenvolvemento comunitario, conforme ao artigo 27.24. Así mesmo, á Comunidade Autónoma correspóndelle a execución da lexislación do Estado en materia laboral.

- A lexislación galega sobre a asistencia social recóllese na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, modificada pola Lei 8/2016, lei que estrutura e regula os servizos sociais de Galicia, de xeito que os poderes públicos





galegos garanten como recoñecible e esixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectivada das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, liberando os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social. Ademais, concreta o sistema galego de servizos sociais, configurando prestacións económicas que, conforme ao seu artigo 21, son “achegas en diñeiro, de carácter periódico ou de pagamento único que teñen como finalidade, entre outras, apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social”, considerando, entre elas, “as rendas de inclusión social”, as “axudas de emerxencia e necesidade social” e “as axudas económicas de análoga ou similar natureza e finalidade”. Por outra parte, conforme á lei, facilitaranse os “recursos e itinerarios de integración social a quen se encontra en situación ou risco de exclusión social”.

- Posteriormente, aprobouse a Lei 10/2013 de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, cuxo Decreto regulador, en tramitación ao longo de 2018, cuxa aprobación foi acordada polo Consello da Xunta do 31 de xaneiro de 2019.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mundo actual é escenario de grandes avances científico-técnicos ao tempo que se manteñen enormes desigualdades sociais a escala global e rexional. Xunto a isto, as ameazas do cambio climático provocado pola acción antrópica no marco do capitalismo e os cambios que se avestiñan no mundo do traballo, co aumento da robotización, fan que unha das medidas que actualmente estean a captar máis a atención internacional, tamén no noso País, sexa a Renda Básica, é dicir, unha



CSV REXISTRO: x4gcbj08-7
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



asignación monetaria incondicional a toda a poboación. Con todo, Galiza non dispón de medios legais nin económicos para poder implantar unha Renda Básica incondicional, que precisaría unha reforma fiscal moi ampla que garantise a asignación dunha cantidade igual, canto menos, ao limiar da pobreza para toda a poboación. Este cambio fiscal tamén permitiría unha redistribución da renda da parte máis rica á inmensa maioría da cidadanía, pero esta competencia excede as que ten atribuídas Galiza como Comunidade Autónoma.

A Lei da Renda Social Galega non propón unha Renda Básica incondicional, pero si un sistema de renda mínima digna que supón unha importante redistribución de riqueza.

A crise económica global do 2008, agravada pola crise da eurozona en 2010 e polas políticas aplicadas por mandato das institucións europeas e internacionais - a chamada “austeridade” -, consolidou en Galiza, como no conxunto do sur europeo, unha gran desigualdade e polarización social, así como unha estrutural precariedade laboral: nin a recuperación macroeconómica chega á maioría social nin ter emprego garante saír da pobreza, agrandándose a fenda entre salarios baixos e altos, entre homes e mulleres (das cales, o 24,4% están en risco de pobreza e/ou exclusión) e entre áreas urbanas e rurais. En 2017, as persoas do tramo máis baixo de renda representan un 10,11% do total; a taxa de risco de pobreza e/u exclusión para o ano 2017 en Galiza (indicador AROPE) sitúase no 22,6%.

Os sistemas de protección social do Estado español non son suficientes e as rendas mínimas non chegan a toda a poboación que as precisa. Hai un debilitamento dos dispositivos tradicionais de protección social, a súa eficacia é cada vez máis baixa, tendo en conta os novos perfís da pobreza, especificamente





a chamada “pobreza laboral”, o feito de que o emprego perdeu o seu carácter de garantía de inclusión social.

Polo tanto, precisamos un verdadeiro sistema galego de protección social inclusivo, con rendas de garantía de ingresos, rendas de complemento de ingresos e itinerarios efectivos de integración no mundo laboral.

Un sistema ben deseñado de rendas mínimas, que debe ocupar en torno a un 2% do PIB no investimento público, ten efectos positivos na elevación dos salarios, pola fixación dun solo mínimo de ingresos, e na activación da demanda interna, así como, especificamente, na promoción das economías locais. En todo caso, o obxectivo inmediato debería ser que a Xunta cuadruplicase, canto menos, o actual orzamento da RISGA nesta lexislatura.

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 indica que o principal problema que afrontan as familias en situación de risco de exclusión é a escaseza ou ausencia de recursos estables que lles permitan desenvolver unha vida normal, acadar un traballo e ofrecer posibilidades dunha vida mellor para as súas crianzas.

O Consello Económico e Social de Galicia, na súa Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2017, insta a que “se profunde nas accións específicas para favorecer a inserción ou reinserción laboral dos colectivos en risco de exclusión social”.

En 2017, segundo datos do Consello Económico e Social, os efectos do crecemento da economía a nivel macro, dende 2014, aínda non se fan notar na gran bolsa de persoas en risco de pobreza e exclusión do noso País, especialmente entre as mulleres, os fogares con menores a cargo, a infancia e a





mocidade (a poboación entre os 16 e os 24 anos é a máis afectada pola pobreza). Así, o noso País configúrase como unha “anomalía do norte” peninsular, cun nivel de risco de pobreza inferior á media estatal pero superior ao entorno no que nos emprazamos. A taxa de risco de pobreza, seguindo o indicador AROPE, en 2017, situábase no 22,6%, o que supón unhas 612.085 persoas.

Coa crise, aumentou o número de fogares sen ningunha persoa perceptora de ingresos, non tendo diminuído o suficiente dende 2015, sendo aínda 34.700 os fogares nesta situación en 2017, ou cunha soa persoa perceptora de ingresos (464.700 vivendas en 2017). O contexto é a caída da poboación activa no noso País, de xeito que no 31,7% dos fogares galegos ningunha persoa ten a condición de activa. Ademais, entre os fogares con poboación activa, o 9% dos mesmos contan con todas as persoas no paro. Detrás desta realidade atópase a elevada precariedade laboral no País, que fai que o salario medio e as pensións sexan dos máis baixos do Estado. De feito, o 39% das pensións galegas teñen un importe inferior ao limiar da pobreza. A consolidación de xeito estrutural da desigualdade e a precariedade laboral en Galiza, fan que os mecanismos dispostos na lei de inclusión social sexan aínda máis insuficientes.

A Renda de Inclusión Social de Galicia foi creada pola Lei 9/1991, do 2 de outubro, que foi adaptada e modificada sucesivamente mediante as leis 1/1999 e a 16/2004. No 2010, Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, pactáronse as bases dunha nova lei de inclusión social, finalmente concretada na Lei 10/2013, cos obxectivos teóricos de, entre outros, “repensar unha renda flexible e modular, con acompañamentos sociais e laborais diferenciados, en tramos de diferentes características” e evitar “o efecto desincentivador da progresiva incorporación laboral”. Catro anos e medio despois da súa entrada en vigor, a nova RISGA maniféstase totalmente insuficiente e ineficaz, pola súa escasa cobertura e ínfima contía, a



CSV: REXISTRO-X49c-b08-7





descoordinación interadministrativa, a falta de coordinación efectiva entre servizos sociais e de emprego, a excesiva burocracia, arbitrariedade e opacidade na xestión, a incompatibilidade con outras prestacións de baixa contía ou os duros requisitos para o acceso á mesma. No 2017, a RISGA só cubriu ao 2% da poboación en risco de pobreza (o 0,38% da poboación galega) e esta prestación deixaba fóra ao colectivo de persoas migrantes en situación de irregularidade administrativa. Porén, atopámonos ante unha das rendas mínimas de inserción de menor contía e cobertura do Estado.

Ademais, os obxectivos principais polos cales se aprobaba a Lei 10/2013 – favorecer a inserción laboral – non foron acadados na medida na que non se desenvolveron os tramos de inserción e transición ao emprego, á espera dun Decreto regulador que, debendo ter sido publicado nos seis meses posteriores á entrada en vigor da lei, a data de agosto de 2018 aínda está en tramitación. Así, a RISGA non foi un instrumento que posibilitase a transición ao emprego, chegando, mesmo, a penalizalo.

A nova realidade da pobreza, marcada pola altísima precariedade laboral e o afondamento das desigualdades sociais, impón a necesidade dun novo modelo de renda que permita verdadeiramente a inclusión social de todas as persoas que o precisan, tamén a aquelas persoas e familias empobrecidas que non se atopen nunha situación de exclusión.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46311
Data envío: 13/02/2019 20:04:34.594



PROPOSICIÓN DE LEI

PREÁMBULO

É obxecto da presente lei concretar o dereito a unha prestación social de natureza económica e percepción periódica que se configura como unha prestación garantida de dereito subxectivo, vinculada á carencia de rendas, para acadar a promoción da persoa e o seu empoderamento, superando as condicións que a levaron a precisar a prestación, dereito estendido non só ás persoas en inclusión social, senón tamén para persoas e unidades de convivencia empobrecidas, considerando como tal aquelas cuxo nivel de ingresos non acade o 60% da renda media dispoñible familiar.

Para o acceso á prestación non se requirirá residencia legal, sendo necesario o empadramento ou a residencia efectiva, e estará destinada a persoas entre 18 e 65 anos.

Co presente proxecto normativo apróbase unha nova lei que pretende dar resposta á nova realidade da pobreza, superando e, polo tanto, derogando, a Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia, blindando o dereito á inclusión social.

Establécese, así, un sistema de renda mínima garantida, en dúas grandes modalidades, compatibles con outras prestacións e rendas. Por unha parte, unha prestación garantida, non condicionada, sen requisito de cumprimento do plan de inclusión social/laboral, destinada a persoas en situación de necesidade; doutra banda, unha prestación complementaria de activación e inserción social, condicionada ao compromiso de seguimento dun plan de inclusión social ou de inserción laboral.





A lei regula o novo sistema de renda mínima garantida, que substitúe á RISGA, así como dispón melloras na coordinación interadministrativa, na coordinación dos servizos sociais cos servizos de emprego e simplificación na tramitación da prestación. Así mesmo, reforza o papel das e dos profesionais do Traballo e a Educación Social, e aposta polo empoderamento da persoa, coa metodoloxía da acción comunitaria e os instrumentos do diagnóstico social e os programas personalizados de inclusión social e laboral.

A lei conta con disposicións finais que prevén a elaboración, en seis meses, dun mapa social galego, un cronograma de implantación da lei por fases, unha memoria económica e o desenvolvemento normativo, en colaboración coas entidades de iniciativa social e colectivos interesados.

TÍTULO PRELIMINAR


DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

1.A presente lei ten por obxecto establecer o réxime xurídico da renda social galega no marco do sistema público de servizos sociais de Galicia.

A renda social garantirá o dereito subxectivo a unha prestación económica que cubra as necesidades básicas das unidades de convivencia que carezan de recursos económicos ou que, aínda contando con eles, estes non sexan suficientes para a cobertura das mesmas.

2. É obxecto da lei a regulación dos instrumentos e as actuacións orientadas tanto a previr o risco de exclusión social como para mitigar as situacións de exclusión social, laboral e análogas, segundo o establecido no artigo 21 da lei 13/2008, do 3



CSV: REXISTRO-x4g-cj08-7

Verificación

http://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



de decembro de servizos sociais de Galicia. Estes instrumentos e actuacións consideraranse como un dereito subxectivo de carácter esencial para a inclusión social destas persoas así como para aquelas unidades de convivencia empobrecidas.

Artigo 2. Do dereito á inclusión social.

1. Aos efectos desta lei, o dereito á inclusión social defínese como o dereito a recibir o apoio e o acompañamento personalizado orientado á inclusión efectiva e plena na sociedade en todas as súas dimensións (económica, social, laboral, sanitaria, educativa, habitacional, cultural) que garanta un nivel de vida e benestar axeitados, sempre no contexto do artigo 21 da lei 13/2008, do 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia.

2. Serán titulares deste dereito todas as persoas con residencia en Galicia que se atopen en situación de exclusión social ou en risco de exclusión social, xunto con aquelas unidades de convivencia empobrecidas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 12 da presente lei, con independencia da súa situación administrativa.

3. Este dereito á inclusión social será obxecto de protección por parte da Administración, que deberán dispor os servizos e recursos necesarios.

Artigo 3. Criterios de valoración das situacións de exclusión e/ou vulnerabilidade social.

1. Enténdese por situación de exclusión social aquela na que a persoa non conta con recursos socioeconómicos e/ou asistenciais en sentido amplo que lle permitan cubrir as súas necesidades básicas e para o exercicio dos seus dereitos sociais, atopándose con limitacións no exercicio dos seus dereitos á participación social e nun estado de dificultade persoal ou social para a súa inclusión social e laboral. A situación de exclusión social é multidimensional e multifactorial, polo que se determinará tendo en conta múltiples variables, e non só a carencia de





recursos económicos da persoa. Máis que dunha situación, a exclusión social é un proceso que afecta de xeito diferente a cada persoa, en función da súa condición e contexto.

2. Enténdese por vulnerabilidade social aquela situación de dificultade que inhabilita e invalida, de xeito inmediato ou no futuro, ás persoas ou grupos afectados para a satisfacción da súa subsistencia e calidade de vida.

3. Criterios e indicadores para avaliar estas situacións:

3.1. A ausencia e déficit grave de recursos económicos, a situación de desemprego, ademais da concorrencia dalgún dos seguintes requisitos, cando supoñan especiais dificultades de integración. Así, como catálogo aberto, recóllense as seguintes situacións:

a) Cargas familiares non compartidas.

b) Unidades de convivencia que non acaden o 60% da renda media dispoñible familiar.

c) Situacións de precariedade laboral: aquelas situación nas que se dea unha inestabilidade no emprego cuns ingresos inferiores ao SMI.

Entenderase que hai inestabilidade no emprego:

- traballo con xornadas parciais e/ou eventuais.
- traballos temporais, ou eventuais por necesidades da produción, cando non superen a contía anual do SMI establecido con 14 pagas.
- traballo con nula promoción e a contratación encadeada de contratos a tempo parcial e eventuais, cando non xeren dereito a prestacións e beneficios sociais.





- traballos descontinuos: consideraranse situación de discontinuidade no emprego aquelas situacións de emprego nas que non haxa unha contratación ao longo do ano natural, senón que se realizan parte do ano, podendo ser fixos ou non fixos, e nos que o importe de todos eles non supere a contía anual do SMI establecido con 14 pagas.

- a) Rehabilitación social, desintoxicación de sustancias aditivas de calquera tipo.
- b) Muller vítima de violencia machistas.
- c) Persoa vítima de violencia intrafamiliar.
- d) Discapacidade igual ou superior ao 33%.
- e) Padecemento de enfermidades de índole psicolóxica e/ou psiquiátrica.
- f) Padecemento de cancro, cando dea lugar a IT de longa duración non cuberta pola Seguridade Social.
- g) Padecemento de enfermidades crónicas e de enfermidades raras.
- h) Persoa maior e/ou dependente que vive soa.
- i) Ser inmigrante ou emigrante retornado.
- j) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.
- k) Persoa procedente do cumprimento dunha pena nunha institución penitenciaria.
- l) Persoa sen vivenda ou que habita nunha infravivenda.
- m) Pertencer a unha minoría étnica.
- n) Ser vítima da explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou trata de persoas ou estar en proceso do abandono do exercicio da prostitución, así como ser persoa que exerce a prostitución por motivacións económicas.
- o) Estar en proceso de reasignación sexual ou ser persoa transexual.
- p) Outros factores, que se desenvolverán de xeito regulamentario, sempre que así se estableza de xeito ponderado polos servizos sociais comunitarios.



CSV REXISTRO-X49-08-7

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



3.2. Teranse en conta para o acceso aos requisitos específicos contidos nesta lei, así como os que se determinen regulamentariamente, para o procedemento de valoración e cualificación da situación de exclusión e/ou vulnerabilidade social, garantindo en todo caso os dereitos establecidos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 4. Persoas titulares, beneficiarias e destinatarias da renda social galega.

1. Aos efectos da presente lei, as persoas destinatarias da renda social galega serán tanto a persoa titular como a ou as persoas beneficiarias que compoñen a unidade de convivencia definida no artigo seguinte, sendo:

- a) Titular, a persoa á que se lle concede a renda social galega e que resulta ser a perceptora material da mesma, así como, no seu caso, e no seu nome, establécese o correspondente instrumento de inclusión social e, no seu caso, inserción laboral.
- b) Beneficiarias: a persoa ou persoas que conviven coa persoa titular como membros da unidade de convivencia, segundo se define no artigo 5 da presente lei.
- c) Destinatarias, a persoa titular e a persoa/as beneficiarias ás que se refiren os apartados anteriores.

2. Con carácter excepcional, e sempre que así se xustifique expresamente no informe social que a tal efecto elaboren as Traballadoras/es Sociais dos servizos sociais comunitarios, poderán ser persoas destinatarias da renda social galega aquelas persoas nas que concorran circunstancias extraordinarias que fagan delas consideralas en situación de especial vulnerabilidade, segundo se estableza regulamentariamente.

Son circunstancias de especial vulnerabilidade as seguintes:





- a) A non percepción directa de rendas ou prestacións de ningunha clase durante o ano natural. Non se terán en conta a estes efectos aqueles pagos directos realizados polos servizos sociais a subministradoras de servizos da persoa solicitante ou aos membros da familia.
- b) A situación de desemprego de longa duración e ser persoa desempregada maior de 45 anos de idade.
- c) Pertencer a unha minoría étnica.
- d) Todas aquelas recollidas no artigo 3.

Artigo 5. Unidade de convivencia.

1. Aos efectos da presente lei, entenderase como unidade de convivencia a formada pola persoa titular da renda con carácter individual, así como a formada pola mesma e outras persoas que convivan con ela nunha mesma vivenda ou aloxamento en virtude de vencellos matrimoniais ou dunha relación permanente análoga á conxugal, ou filiación calquera que sexa a súa natureza incluída a tutela ordinaria, de parentesco por consanguinidade ate o segundo grao, ou por afinidade ate o primeiro grao, ou por unha relación de acollemento familiar, ou de delegación de garda con fins de adopción. Tamén poderán formar parte da unidade de convivencia as persoas menores de idade que se atopen baixo a garda de feito da persoa titular de forma temporal e nas condicións que se determinen regulamentariamente.

2. Poderán ser destinatarias da renda galega de inclusión aquelas unidades de convivencia que compartan vivenda ou aloxamento con outras unidades de convivencia entre as que non exista ningún vencello dos relacionados no apartado anterior, sempre que se xustifique no informe social dos servizos sociais de entidades locais que ditas unidades de convivencia cohabitan de forma independente e autónoma. Os requisitos estableceranse de xeito regulamentario.





3. Con carácter excepcional, segundo os requisitos e condicións que se establezan regulamentariamente, e sempre que se acredite dito extremo mediante o informe social que se realizará atendendo á gravidade da situación, poderán ter a consideración de unidade de convivencia independente, por un período máximo de 24 meses, as persoas que estableceron de forma sobrevida o seu domicilio na mesma vivenda ou aloxamento con outra unidade de convivencia, de forma independente e autónoma, sen prexuízo do vencello que podan manter con aquelas, e se trate de:

- a) Persoas vítimas de explotación sexual ou trata, de violencia machistas ou intrafamiliar.
- b) Persoas que abandonasen o seu domicilio habitual, xunto cos seus descendentes, no seu caso, como consecuencia dunha ruptura matrimonial por separación ou divorcio, ou como consecuencia da ausencia de recursos económicos suficientes para sufragar os gastos de aloxamento, ou por algunha outra situación extrema que así o determine.
- c) Persoas ou unidades de convivencia que sufrisen un proceso de desafiuamento da vivenda habitual e non sexan titulares do dereito de propiedade ou de uso doutro inmovble, e tamén naqueles casos nos que consecuencia dunha herdanza sen dividir, o inmovble que herden non sexa habitable ou reúna as condicións de habitabilidade.
- d) Persoas entre 16 e 24 anos con menores de idade ao seu cargo.
- e) Persoas entre 18 e 24 anos que estiveran suxeitas ao sistema de protección de menores, ou ao sistema xudicial de reeducación, nalgún período nos 3 anos anteriores á maioría de idade.
- f) Persoas entre 16 e 18 anos que participen en programas para a preparación da vida independente como complemento a unha medida de protección xurídica da persoa menor de idade, de acordo ao artigo 22 bis da Lei orgánica 1/1996, do 15





de xaneiro, de medidas de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

g) Persoas menores de 25 anos con pensión de orfandade.

e) Persoas empobrecidas, ou no limiar da pobreza, establecida segundo o índice AROPE, aquelas persoas con ingresos por unidade de consumo inferiores ao 60% da renda mediana dispoñíbel equivalente (despois de transferencias sociais). Non se computarán en ditos ingresos aquelas axudas puntuais que directamente retribúan un gasto en concepto de pago de subministros.

4. En ningún caso se pode formar parte de dúas unidades de convivencia con carácter simultáneo, salvo as persoas menores de idade en réxime legal de garda e custodia compartida de acordo co que se estableza regulamentariamente.

Artigo 6. Vivenda ou aloxamento.

1. Considérase vivenda ou aloxamento o marco físico de residencia permanente e independente onde residen a persoa ou persoas que compoñen a unidade de convivencia.

2. Asimílanse a vivenda ou aloxamento aqueles espazos físicos de residencia colectiva, utilizados de forma independente polas unidades de convivencia, de acordo cos requisitos que se determinen regulamentariamente.

TÍTULO I

A RENDA SOCIAL GALEGA

Artigo 7. Concepto de renda social galega

A renda galega de inclusión é un dereito subxectivo que se concreta a través dunha prestación económica e, no seu caso, un proceso de inclusión social






dirixido a cubrir as necesidades básicas que garantan a calidade de vida, combatendo a exclusión e a vulnerabilidade social, que poderá estar vinculada aos instrumentos e actuacións de apoio regulados nesta lei, facilitando o acceso á educación, á sanidade, á vivenda, ao deporte, á cultura, e aos servizos de emprego e formación en igualdade de oportunidades, sempre cunha perspectiva transversal de xénero.

Artigo 8. Características.

A renda social galega presenta, con carácter xeral, as seguintes características:

- a) É complementaria respecto dos recursos económicos dos que dispoña a persoa titular e os membros integrantes da unidade de convivencia, no seu caso, ata o importe máximo que corresponda percibir en concepto de renda social galega.
- b) É intransferible, polo que non poderá ofrecerse en garantía de obrigas, nin ser obxecto de cesión total ou parcial, nin de compensación ou desconto, salvo para o reintegro das prestacións indebidamente percibidas, nin poderá ser obxecto de retención ou embargo de conformidade co establecido no Código Civil, na Lei de axuízamento civil e demais normativa civil.
- c) Configúrase como unha prestación económica non condicionada á obrigación de participar en actividades de inclusión social ou inserción laboral.
- d) É unha prestación periódica e de duración indefinida, sempre que se manteñan no tempo os requisitos e condicións que orixinaron o dereito á súa percepción e que permitan a súa renovación.
- e) É incompatible coa renuncia ou a falta de solicitude das prestacións económicas públicas ás que teñan dereito as persoas destinatarias, desde calquera dos sistemas de rendas.



CSV REXISTRO: x4gcbj08-7

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Artigo 9. Modalidades da renda social galega.

1. A renda social galega constitúese nas seguintes modalidades de prestacións económicas, en función da situación da persoa e a súa unidade de convivencia:

- a) renda garantida, non condicionada, de inclusión social, a xeito de ingreso mínimo vital
- b) renda complementaria de activación e inserción social

Artigo 10. Renda garantida, non condicionada, de inclusión social.

1. A renda garantida, non condicionada, de inclusión social é a prestación periódica, de natureza económica, dirixida a complementar o nivel de ingresos da unidade de convivencia que, aínda dispoñendo de ingresos procedentes do traballo ou doutras prestacións e/ou pensións, conte cun nivel mensual de recursos económicos que resultan insuficientes para atender os gastos asociados ás necesidades básicas e o mantemento dunha vida digna e que non alcanzan o importe que se determina para esta modalidade de renda.

2. Regulamentariamente estableceranse as prestacións que serán susceptibles de ser complementadas coa renda social galega, así como os seus requisitos e condicións de compatibilidade.

3. A renda garantida ten carácter subsidiario das prestacións económicas vixentes e previstas no resto de sistemas de protección social, tanto estatais como autonómicos, ás que puidesen ter dereito a ou as persoas destinatarias, constituíndose como o último recurso de protección social ao que poder acceder.





Artigo 11. Renda complementaria de activación e inserción social.

1) A renda complementaria de activación e inserción social é a prestación periódica, de natureza económica, dirixida a garantir o dereito á inclusión ás unidades de convivencia en situación de exclusión social ou de risco de exclusión social cuxo nivel de recursos económicos non alcance o importe que se determina para esta modalidade de renda, resultando insuficiente para atender os gastos asociados ás necesidades básicas da vida diaria e na que a persoa titular ou a persoa ou persoas beneficiarias subscriban voluntariamente o acordo de inclusión social regulado no artigo 18 desta lei e o seu desenvolvemento regulamentario.

2. Regulamentariamente estableceranse os casos nos que, excepcionalmente, e por prescrición do traballador ou traballadora social dos servizos sociais comunitarios, se poderá prescindir da subscrición do acordo para o cumprimento do programa personalizado de inclusión, sen prexuízo do oportuno seguimento polo equipo técnico dos servizos sociais de entidades locais, de acordo aos requisitos que se desenvolverán regulamentariamente.

Artigo 12. Requisitos de acceso.

1. Con carácter xeral terán dereito á renda galega de inclusión, sen prexuízo do establecido no apartado 2 do artigo 4, aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar empadroadas ou ter a residencia efectiva durante unha suma mínima de 12 meses, de maneira continuada, en calquera municipio ou municipios de Galicia, inmediatamente anteriores á data de solicitude.





Tamén cumpre este requisito a persoa que estivese empadroada ou tivese a residencia efectiva un total de 5 anos, de maneira continuada ou interrompida, dos 10 inmediatamente anteriores á solicitude.

No caso de persoas refuxiadas, asiladas e as vítimas de violencia machista ou de explotación sexual ou trata non se esixirá tempo mínimo de residencia.

Para os efectos de acreditación de residencia efectiva considerárase ter asignada asistencia médica ou estar inscrita como demandante de emprego ou ter descendentes escolarizados ou outros supostos que se consideren regulamentariamente.

b) Non dispoñer de recursos económicos ou, en caso de dispoñer dalgún, que estes sexan inferiores ao 60% da renda dispoñible familiar [2017: renda media por fogar galego – 26.533 €/ano / Limiar da pobreza a ter en conta como referencia: 15.919,8 €/ano.

c) Non dispoñer de bens mobles ou inmoables, distintos aos da vivenda habitual, sobre os que se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro que, polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indique a existencia de medios suficientes e superiores ao importe da renda social galega, de acordo á súa modalidade e a unidade de convivencia, da forma que se determinará regulamentariamente. Quedarán exceptuados desta prohibición aqueles que formen parte dun patrimonio especialmente protexido das persoas con discapacidade, constituído de conformidade co establecido na súa normativa específica.

d) Non ocupar unha praza en centro de atención residencial, excepto nos casos en que así se determine regulamentariamente.

2. As persoas menores de 25 anos, ademais dos requisitos establecidos no apartado 1 deste artigo, deberán cumprir na forma que se determinará regulamentariamente algún destes requisitos:





a) Ser maior de 18 anos e permanecer en situación de alta en calquera dos réximes que integran o sistema da Seguridade Social entre un e dous anos antes da solicitude da renda social galega, e sempre que se acredite ter anteriormente á solicitude un fogar independente da familia de orixe.

b) Ser maior de 18 anos e estar suxeito, nalgún período dos tres anos anteriores á maioría de idade, a unha medida administrativa de protección de menores, ou do sistema xudicial de reeducación, nas condicións que se desenvolvan regulamentariamente.

c) Ser maior de 18 anos e atoparse en situación de dependencia ou diversidade funcional.

d) Ser maior de 16 anos e ter ao seu cargo persoas con diversidade funcional, en situación de dependencia ou menores de idade; ser vítima de explotación sexual ou trata, ou vítima de violencia machista ou intrafamiliar.

e) Ser maior de 16 anos e participar en programas de preparación para a vida independente dos menores de acordo ao artigo 22 bis da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de medidas de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

f) Ter entre 18 e 25 anos e estar en situación de orfandade.

3. Non poderán acceder á renda social galega as persoas nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando unha das persoas integrantes da unidade de convivencia teña dereito legalmente a percibir unha pensión compensatoria ou alimenticia e non a reciba, sen facer uso do seu dereito para percibila, ou renuncie voluntariamente á súa percepción, excepto cando o titular da renda social galega acredite ser vítima de violencia machista, ou se atope noutros supostos excepcionais que xustifiquen



CSV REXISTRO: x4gcbj08-7

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



non facer uso e/ou a renuncia do citado dereito segundo se determine regulamentariamente.

b) A renuncia de dereitos ou a falta de solicitude das prestacións económicas públicas ás que teña dereito calquera integrante da unidade de convivencia tanto no momento da solicitude como no tempo de vixencia da percepción da renda social galega.

Artigo 13. Incompatibilidades.

A renda social galega estará suxeita ás seguintes incompatibilidades:

1. Só poderá concederse unha prestación por unidade de convivencia.
2. A percepción pola persoa titular doutras prestacións económicas análogas que teñan por finalidade a inclusión social, a inserción laboral ou a garantía duns ingresos mínimos diferentes á renda social galega regulada nesta lei, con excepción do previsto no apartado 4 do artigo 16 da presente lei.

Artigo 14. Obrigas das persoas titulares e beneficiarias.

1. As persoas titulares da renda social galega, calquera que sexa a modalidade de prestación á que accedan, asumirán as seguintes obrigas:

- a) Destinar a contía económica da prestación á finalidade para a cal se outorgou.
- b) Comunicar, no prazo máximo de 20 días hábiles, os feitos sobrevidos que, de conformidade co disposto na presente lei, puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción do dereito á prestación.
- c) Reclamar, durante todo o período de duración da prestación, calquera dereito económico que lles poida corresponder a calquera membro da unidade de convivencia por calquera título e exercer as accións correspondentes para facelo efectivo.



CSV REXISTRO: x4gcbj08-7

Verificado

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46311
Data envío: 13/02/2019 20:04:34.594



d) Manter o empadramento e a residencia efectiva en Galicia durante todo o período de percepción da prestación.


e) Comunicar, no prazo máximo de 20 días hábiles, calquera cambio relativo ao domicilio habitual da unidade de convivencia ou o cambio do domicilio facilitado a efectos de notificacións aos servizos sociais de entidades locais e, no seu caso, aos servizos públicos de emprego.

f) Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas ou percibidas en contía indebida.

g) Comparecer e atender os requirimentos da administración e colaborar coas actuacións de comprobación, seguimento, revisión e modificación que esta leve a cabo, sen prexuízo, no seu caso, das especificidades que se previron nesta lei e no seu desenvolvemento con respecto aos instrumentos de seguimento, inclusión social ou inserción laboral.

h) Participar no proxecto de intervención social e educativo familiar establecido a partir da declaración da situación de risco da persoa menor, de acordo co artigo 17 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, que recolle os casos de risco e desamparo de menores, cando a unidade de convivencia está a ser obxecto de intervención por parte da entidade pública de protección de menores.

i) Participar no plan individualizado de protección ou, no seu caso, no programa de reintegración familiar, de acordo co artigo 19 bis da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, cando a unidade de convivencia está a ser obxecto de intervención por parte da entidade pública de protección de menores.



CSV: REXISTRO-X49cJoy08-7

Verificado

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



2. As persoas titulares da renda complementaria e, no seu caso, a persoa ou persoas beneficiarias da unidade de convivencia, de acordo cos programas personalizados de inclusión, terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir cos compromisos e obrigacións específicas que se acordaron no programa personalizado de inclusión.
- b) Comparecer cando fose previamente requirida ante os servizos sociais competentes, o servizo público de emprego e as entidades sen ánimo de lucro que figuren inscritas no Rexistro Xeral dos Titulares de Actividades de Acción Social e dos Servizos e Centros de Acción Social en Galicia (en diante, Rexistro de Titulares de Actividades de Acción Social) e estean a desenvolver itinerarios en colaboración cos servizos sociais de entidades locais ou o servizo público de emprego.
- c) Solicitar a inscrición como demandante de emprego e participar nas accións de mellora da empregabilidade nas que fose prescrito no correspondente itinerario, unha vez determinada a idoneidade e aptitude para iso.
- d) Participar no itinerario de inclusión social desenvolvido polos servizos sociais ou en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro que figuren inscritas no Rexistro de Titulares de Actividades de Acción Social ou no itinerario de inserción laboral desenvolvido polos servizos públicos de emprego ou por entidades sociais acreditadas para iso.

Artigo 15. Contía da renda social galega.

1. Para a renda garantida definíranse como porcentaxes do SMI vixente en cada momento calculado en doce mensuralidades, e como complemento mensual aos ingresos, de ser o caso, para a unidade de convivencia definida no artigo 5 desta lei, de acordo co número de membros nos termos seguintes:





a) Unha persoa: 70 % do SMI (ex. 2019: 630 €)

b) Dúas persoas: 82 % do SMI.

c) Tres persoas: 90 % do SMI.

d) Catro persoas: 96 % do SMI.

e) Cinco persoas: 102 % do SMI.

f) Seis ou máis persoas: 110 % do SMI.

2. Para a renda complementaria de ingresos do traballo, os ingresos mínimos garantidos definíranse como complemento mensual aos ingresos da unidade de convivencia definida no artigo 5 desta lei, de acordo co número de membros nos termos seguintes:

a) Unha persoa: complemento de ingresos ata acadar o 60% da renda media familiar dispoñible. (ex. 2018: 795,99 €/mes)

b) Dúas ou máis persoas: complemento de ingresos ata acadar o 60% da renda media familiar dispoñible máis un 10% da renda media familiar dispoñible por integrante da unidade familiar.

3. En calquera das dúas modalidades, cada unha das persoas con discapacidade e/ou dependencia recoñecida a cargo computarán un 10% a maiores.

Artigo 16. Cálculo da prestación económica da renda social galega.

1. Para a fixación da contía da prestación da renda social galega aplicable a cada unidade de convivencia terase en conta á persoa titular e a todo o resto de integrantes da súa unidade de convivencia. Para a determinación dos recursos económicos dispoñibles da unidade de convivencia tomaranse en conta os rendementos de todos os seus membros nos termos previstos neste artigo.






2. A contía mensual da prestación aplicable a cada unidade de convivencia virá determinada pola diferenza entre a contía máxima da renda social galega en función da súa modalidade e a unidade de convivencia e os recursos económicos dispoñibles da unidade de convivencia, establecendo un mínimo de 50 euros mensuais sempre que os recursos económicos non superen o importe máximo da renda social galega no seu caso; excepto na renda complementaria de ingresos por prestacións, na que a contía mínima establecerase regulamentariamente en función da normativa que regula as prestacións para complementar.

3. Do importe da prestación que corresponda, calculada conforme ao establecido nos apartados anteriores, deberá deducirse calquera tipo de ingreso do que dispoña a persoa titular e calquera membro da unidade de convivencia, incluído o rendemento que se atribúa aos inmobles, en cómputo anual, a condición de que non se trate da vivenda habitual. Para os efectos desta lei, serán rendemento dos citados inmobles o 2 % do seu valor catastral.

4. Porén o disposto no apartado anterior, non se computarán as prestacións que se establezan regulamentariamente.

5. Con carácter excepcional e para os efectos do cálculo da contía para percibir en concepto de renda social galega, nos termos que se establezan regulamentariamente, non se computarán como recursos económicos da unidade de convivencia as cantidades que, unha vez concedida a prestación, poidan percibirse mensualmente durante o prazo máximo de tres meses por calquera membro da unidade de convivencia en concepto de rendas procedentes do traballo, sempre que estas sexan inferiores en cómputo mensual ao SMI vixente calculado en doce mensualidades. Non serán aplicables a estes supostos as regras sobre modificación e suspensión da prestación establecidas no título III da presente lei.



CSV REXISTRO: x4gcbj08-7

Verificación

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



6. Será requisito indispensable que as persoas destinatarias da renda social galega comuniquen á entidade local correspondente o inicio e a finalización da actividade laboral á que se refiren os parágrafos anteriores, no prazo máximo de quince días desde o inicio ou fin da mesma.

Artigo 17. Complementos á renda social galega.

1. A condición de persoa destinataria da renda social galega constituirá un suposto de valoración específico a ter en conta no acceso aos seguintes recursos, de acordo co que se dispoña respecto diso na normativa sectorial:

- a) Axudas económicas de emerxencia social e as que fomentan o desenvolvemento ou autonomía persoal e a accesibilidade tanto de persoas con diversidade funcional como maiores.
- b) Vivenda social en réxime de tenencia ou aluguer.
- c) Obtención de praza en escola infantil pública.
- d) Obtención de praza en centros educativos en calquera etapa educativa e de formación regrada, así como nos cursos preparatorios para o acceso aos ciclos formativos de calquera nivel do sistema educativo.

2. As persoas destinatarias da renda social galega terán garantido o acceso directo como beneficiarias, nos termos que estableza a normativa autonómica e municipal na materia que se desenvolverán regulamentariamente:

- a) Ás bolsas de educación infantil desde o primeiro ciclo en centros sostidos con fondos públicos.
- b) Ás axudas de libros de texto e material curricular en todas as etapas da educación obrigatoria.



CSV REXISTRO-X49cJoy08-7

Verificado

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



c) Ás bolsas de comedor escolar para alumnos e alumnas de educación infantil de segundo ciclo, e de educación obrigatoria, escolarizados en centros que dispoñan do servizo de comedor escolar.

d) Aos gastos derivados da matrícula de educación secundaria e formación profesional e axudas cuxa concesión corresponda á Xunta.

e) Ás bolsas de gastos de matrícula e axudas para a realización de estudos universitarios cuxa concesión corresponda á Xunta.

f) Aos programas e accións de orientación, formación e emprego propios dos servizos públicos de emprego e formación.

g) Aos programas preventivos e de promoción da saúde do sistema galego de saúde con perspectiva de equidade, favorecendo a participación das persoas titulares e beneficiarias da renda social galega.

3. Nos termos que se establezan regulamentariamente, as cantidades percibidas en concepto de renda social galega poderanse incrementar mediante outras axudas de inclusión, que se establecerán regulamentariamente, tendo en conta que: a contía da renda social galega pode incrementarse ata o 25 % do seu importe recoñecido para sufragar os gastos derivados do alugueiro ou do pago de cota hipotecaria da vivenda habitual da persoa titular da vivenda, para mellorar a habitabilidade da vivenda habitual, para equipamento mobiliario básico de vivenda, para atender necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico, para atención sanitaria ou sociosanitaria, para gastos vinculados a actuacións complementarias dos instrumentos de inclusión social e laboral, para gastos relacionados con procesos de saída de situacións como as condutas aditivas, e para garantir o seu acceso ás subministracións enerxéticas básicas, sempre que ningunha persoa beneficiaria reciba ningunha contía polo mesmo concepto procedente de calquera administración.



CSV REXISTRO: x4gcbj08-7

Verificación

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



TÍTULO II

INSTRUMENTOS DE INCLUSIÓN SOCIAL E DE INSERCIÓN LABORAL

CAPÍTULO I

Instrumentos de inclusión social: diagnóstico de exclusión social ou vulnerabilidade, acordo de inclusión, programa personalizado de inclusión e itinerarios de inclusión social

Artigo 18. Acordo de inclusión.

1. O acordo de inclusión, para os efectos da presente lei, enténdese como o compromiso voluntario de ser perceptor da renda social galega, unha vez realizado o diagnóstico social, e do que se deriva a prescrición de participar ou non participar no programa personalizado de inclusión, itinerario social ou laboral.
2. Os compromisos incluírán, así mesmo, a adhesión a plans de intervención familiar ou programas de reintegración familiar cando se leve a cabo actuacións de protección por parte da entidade pública respecto dos nenos, nenas ou adolescentes integrantes da unidade de convivencia.
3. As partes intervintes no acordo de inclusión serán, dun lado, as traballadoras e os traballadores sociais de referencia dos servizos sociais comunitarios e, doutro, a persoa titular da renda e, no seu caso, as persoas que sexan posibles beneficiarias da renda.
4. Regulamentariamente estableceranse os supostos en que as persoas titulares da renda da renda complementaria poderán ser eximidas de participar en programas





cando se entenda que non concorren elementos de risco de exclusión na unidade de convivencia.

5. En caso de negativa á subscrición de acordos, incumprimento ou discrepancias entre as persoas integrantes do equipo técnico de servizos sociais comunitarios e a persoa ou persoas destinatarias dos programas personalizados de inclusión na elaboración, seguimento ou a finalización dos procesos, poderán alegar ante a comisión técnica de seguimento e aplicación da renda social galega que se creará regulamentariamente para este fin nas direccións territoriais da consellería competente en materia de asistencia social.

Artigo 19. Programa personalizado de inclusión.

1. O programa personalizado de inclusión formularase en función do diagnóstico social e do acordo de inclusión realizado polas traballadoras e os traballadores sociais e incluírá a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, os obxectivos e accións específicas de carácter persoal, familiar, educativa, social e laboral oportunas para previr ou mellorar a situación ou o risco de exclusión social da persoa titular e do conxunto dos membros da súa unidade de convivencia. No seu caso, levará, ademais, os itinerarios de inclusión social ou os itinerarios de inserción laboral co fin, en todo caso, de facilitar a súa inclusión social ou inserción laboral.

2. Estableceranse regulamentariamente os instrumentos de medición da exclusión social, así como a configuración do programa personalizado de inclusión e a avaliación dos instrumentos de inclusión social.

3. Para os efectos desta lei, o programa personalizado de inclusión é un proceso dinámico, revisable e susceptible de modificación en función do cumprimento de obxectivos, de novos itinerarios ou de aparición de novas necesidades, así como da valoración conxunta dos resultados da intervención do equipo técnico dos servizos sociais e, no seu caso, das accións das políticas activas da inserción





laboral efectuadas polos servizos públicos de emprego a través dos orientadores ou as orientadoras ou figuras similares de servizos de emprego locais.

4. Formarán parte do programa personalizado de inclusión social aqueles programas nos que participe a unidade de convivencia con motivo dunha situación de desprotección infantil previstos na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil tales como o proxecto de intervención social e educativo familiar do artigo 17, o programa de reintegración familiar do artigo 19 bis ou os programas para a preparación da vida independente recollidos no artigo 22 bis da citada norma.

5. O proceso de renovación da renda social galega suporá con carácter obrigatorio, en todos os casos, a avaliación do programa personalizado de inclusión da persoa ou persoas destinatarias, no seu caso, así como a formulación dun novo programa para o novo período.

Artigo 20. Itinerario de inclusión.

O itinerario de inclusión é o conxunto de accións, instrumentos e procedementos técnicos que darán corpo ao programa personalizado de inclusión. En situacións consideradas especiais polo persoal técnico dos servizos sociais comunitarios, poderase pospoñer ou eximir temporalmente a súa participación no devandito itinerario (violencias machistas ou intrafamiliar, situacións sobrevidas, etc.).

Artigo 21. Funcións do equipo técnico de servizos sociais comunitarios con respecto aos instrumentos de inclusión social.

1. Corresponde ao equipo técnico de servizos sociais comunitarios:

a) A detección das persoas en situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, e ás traballadoras e traballadores sociais de referencia a





realización do diagnóstico social, así como a subscripción dos acordos de inclusión.

b) A elaboración, a intervención, o seguimento, a revisión e, no seu caso, a finalización tanto do programa personalizado de inclusión como do itinerario de inclusión social.

2. Para o exercicio destas funcións, o persoal dos servizos sociais comunitarios coordinarase con profesionais doutros ámbitos de actuación, en particular, de educación, emprego, saúde e vivenda. Poderán participar profesionais das entidades sen ánimo de lucro de acción social, inscritas nun rexistro que se cree a tal efecto, que desenvolvan actuacións específicas incluídas nos programas personalizados de inclusión. Regulamentariamente, estableceranse os procedementos de colaboración e coordinación.

CAPÍTULO II

Instrumentos de inserción laboral

Artigo 22. Itinerario persoal de inserción laboral.

1. Elaborarase desde unha visión integral polo persoal dos servizos de emprego e formación con competencia na materia. Debe contemplar todas as accións que se consideren necesarias para alcanzar os obxectivos de inserción laboral, adecuándoo ás competencias profesionais e ás necesidades do sistema produtivo.

2. O diagnóstico de empregabilidade realizarase polas persoas profesionais competentes na materia de cada unha das administracións ou entidades que teñan competencia en materia de emprego e formación.





3. Regulamentariamente, estableceranse as circunstancias especiais que permitan prescindir temporalmente da prescrición dos itinerarios laborais, manténdose, no seu caso, o resto de compromisos acordados no Plan de inclusión social.

CAPÍTULO III

Outros instrumentos de inclusión social e de inserción laboral

Artigo 23. Outros programas dos servizos sociais das entidades locais para a inclusión social.

1. Os programas de prestacións económicas individualizadas dirixidos á cobertura de necesidades básicas de diferente índole poderán incluír manutención, transporte aos centros de formación ou adquisición de material básico para a formación. Así mesmo, a consellería competente en materia de emprego poderá contribuír no financiamento de axuda relacionada coas accións de inserción laboral.

2. Os servizos sociais comunitarios realizarán programas específicos de natureza grupal ou comunitaria que favorezan a inclusión social das persoas destinatarias da renda social galega e serán financiados pola consellería competente en materia de asistencia social, nos termos que establece a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, do 25 de xuño, pola que se regula o sistema de servizos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ou na norma que a substitúa no seu caso, ou ben nos termos en que se acorde nos convenios de colaboración entre ambas as administracións para a implementación e desenvolvemento da presente lei.

3. Calquera persoa individual, empresas subministradoras de servizos e entidades sen ánimo de lucro poden colaborar na detección das situacións de exclusión ou vulnerabilidade social. Así mesmo, poderán colaborar nos programas de





inclusión social as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no rexistro creado a tal efecto.

4. Os programas de atención familiar, os de autonomía persoal e os de acción comunitaria dirixidos a favorecer a accesibilidade e a igualdade de oportunidades, e desenvolvidos tanto polas entidades locais como polas de iniciativa social sen ánimo de lucro que inclúan itinerarios de inclusión social, serán financiados pola Xunta.

5. As entidades locais poderán elaborar plans de inclusión social territoriais, programas e proxectos de inclusión social que inclúan actuacións vinculadas a esta lei de renda social galega.

Artigo 24. Programas de inserción laboral.

1. Os servizos públicos de emprego e formación realizarán programas e medidas específicas, dentro do ámbito da súa competencia e do catálogo de servizos dos que dispoñen, para aumentar a empregabilidade e a capacitación das persoas destinatarias da renda social galega. Estas medidas desenvolveranse regulamentariamente.

2. As administracións públicas con competencia en materia de formación profesional e emprego coordinarán as súas actuacións coas competentes en inclusión social, ao obxecto de garantir a eficacia e eficiencia do conxunto de actuacións. Regulamentariamente, desenvolveranse os instrumentos de coordinación entre ambos os sistemas.

3. As administracións introducirán cláusulas sociais nas contratacións públicas que outorguen prioridade ás entidades que contratan a persoas en situación de exclusión ou en proceso de incorporación laboral.



CSV REXISTRO-X49cJoy08-7

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



TÍTULO III

PROCEDIMENTO

Artigo 25. O procedemento administrativo para o recoñecemento do dereito para percibir a renda social galega atenderá aos criterios de simplificación, coordinación interadministrativa e interdepartamental e xestión telemática.

1. Renda garantida. As persoas que reúnan os requisitos presentarán a solicitude xunto á documentación requirida no rexistro da Xunta, sen prexuízo do disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como por vía electrónica a través do formulario normalizado que se dispoña na sede electrónica da Xunta de Galiza.

2. Renda complementaria. As persoas interesadas presentarán a solicitude preferentemente no rexistro oficial do concello do domicilio onde teña a súa residencia efectiva a persoa solicitante. Así mesmo, tamén poderá presentarse nos rexistros oficiais da Xunta, ou mediante calquera das modalidades previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, incluída a presentación por vía electrónica a través do formulario normalizado que se dispoña na sede electrónica da Xunta de Galiza.

3. En ambos os casos, as persoas solicitantes asinarán a autorización expresa para a consulta e verificación dos seus datos: de identidade, da Axencia Estatal da Administración Tributaria, do INSS, da Tesourería Xeral da Seguridade Social, do Instituto Nacional de Estatística e calquera outro dato necesario para o recoñecemento ou o mantemento da percepción da renda social galega.

4. Así mesmo, as persoas solicitantes presentarán autorización expresa para facilitar os seus datos a outras administracións e ás organizacións non





governamentais sen ánimo de lucro autorizadas a tal efecto que colaboren cos programas individualizados de inserción.

5. Para os efectos desta lei, os concellos facilitarán o empadramento de todas as persoas sen fogar que residan habitualmente no municipio, con independencia do seu lugar de pernocta, nos termos determinados en cada momento pola administración xeral do Estado. Para a súa práctica, ou a falta de inscrición no padrón, e co fin de acreditar o requisito de residencia efectiva, os servizos sociais comunitarios poderán requirir apoio e colaboración de entidades que leven a cabo programas de intervención con este colectivo.

Artigo 26. Instrución da renda social galega.

1. A instrución do expediente da renda garantida corresponderá ás direccións territoriais da consellería competente en materia de asistencia social.
2. A instrución do expediente da renda complementaria efectuarao o servizo correspondente da administración local, que elevará o informe-proposta de resolución ao órgano competente da entidade local, sobre a modalidade e o seu importe.
3. O informe-proposta de resolución da renda complementaria será remitida á dirección territorial da consellería que teña a competencia en materia de asistencia social, no prazo máximo de dous meses desde a entrada da solicitude, acompañada de toda a documentación necesaria, no rexistro da administración local correspondente.
4. Cando a prestación para conceder sexa a renda complementaria, antes de formular o informe-proposta de resolución, esixirase o compromiso voluntario da persoa solicitante e as posibles persoas beneficiarias, mediante a subscrición do acordo de inclusión social, de acordo ao título II desta lei. No caso de que a persoa destinataria manifestase a súa negativa á subscrición do acordo, farase constar dita circunstancia no expediente e os seus motivos, e remitirase dita





información ao órgano xestor competente coa proposta de asignación na modalidade de renda garantida.

Artigo 27. Solicitantes vítimas de violencias machistas.

As solicitudes de mulleres que sexan vítimas de violencias machistas para ser titulares da renda social galega tramitaranse mediante un procedemento abreviado, consistente na redución á metade dos prazos estandarizados e dando preferencia a estes expedientes. Para a iniciación do procedemento será suficiente acreditar a condición de vítima por calquera dos medios previstos no artigo 9 da Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Artigo 28. Resolución.

1. No caso da renda garantida:

a) A dirección territorial da consellería competente en materia de asistencia social resolverá sobre a concesión da renda garantida no prazo de tres meses desde a entrada no rexistro da Xunta do informe-proposta de resolución da autoridade municipal.

b) Transcorrido o prazo de seis meses desde a entrada da solicitude no rexistro xeral do concello correspondente ou da Xunta e da documentación pertinente, segundo se estableza regulamentariamente, sen que a resolución fose ditada e notificada, entenderase estimada a solicitude por silencio administrativo.

3. As resolucións da renda social galega en calquera das súas modalidades, terán unha vixencia de tres anos desde a data da súa resolución, transcorridos os cales deberá procederse á súa renovación, nos termos sinalados no artigo 34 da presente lei.

2. No caso da renda complementaria:





a) A dirección territorial da consellería competente en materia de asistencia social resolverá sobre a súa concesión no prazo de seis meses desde a data de rexistro da solicitude e a documentación preceptiva, segundo se estableza regulamentariamente.

b) Transcorrido o prazo de seis meses desde a entrada da solicitude no rexistro da Xunta e a documentación pertinente, segundo se estableza regulamentariamente, sen que a resolución fose ditada e notificada, entenderase estimada a solicitude por silencio administrativo.

Artigo 29. Deveño e pago.

1. Os efectos económicos da prestación da renda social galega produciranse a partir do día primeiro do mes seguinte da data da solicitude.

2. O abono da renda social galega realizarase directamente á persoa titular da mesma pola Xunta, mediante ingreso en conta nunha entidade de crédito. Os pagos posteriores efectuaranse por mensualidades vencidas desde a data do deveño da mesma.

3. Sen prexuízo do establecido no apartado 2, en caso de privación de liberdade do titular, poderán percibir a renda social galega as persoas beneficiarias, a condición de que se xustifique a súa oportunidade no informe social.

4. Excepcionalmente, e por causas obxectivas debidamente xustificadas no informe social, poderá realizarse o abono ás persoas titulares a través de entidades sen ánimo de lucro inscritas nun rexistro a tal efecto nos termos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 30 . Reintegro de pagos indebidos.

A consellería competente en materia de asistencia social exercerá as accións de resarcimento que lle poidan corresponder contra as persoas que percibisen a





prestación indebidamente. Devandito reintegro terá a consideración de dereitos de ingreso público para os efectos do procedemento aplicable ao seu cobranza.


Artigo 31. Recursos.

Contra a resolución que recaese respecto da renda social galega a persoa solicitante poderá interpoñer os recursos que sexan procedentes en atención ao disposto na normativa básica sobre procedemento administrativo común.

Artigo 32. Revisións periódicas.

1. Para comprobar se se manteñen as causas que motivaron a concesión da renda social galega os servizos sociais comunitarios correspondentes farán anualmente revisións periódicas de oficio, mediante unha mostra elixida de maneira aleatoria, sobre o cumprimento dos requisitos de acceso á prestación polas persoas titulares da renda social galega, a cuxo efecto poderán solicitar, do resto de administracións públicas e entidades que colaboran na renda social galega os datos e informes que resulten necesarios para o correcto exercicio das funcións de revisión e supervisión.

2. Para comprobar se se manteñen as causas que motivaron a concesión da renda complementaria, as direccións territoriais da consellería con competencias en materia de asistencia social farán anualmente revisións periódicas de oficio, mediante unha mostra elixida de maneira aleatoria, sobre o cumprimento dos requisitos de acceso á prestación polas persoas titulares da renda complementaria, a cuxo efecto poderán solicitar, do resto de administracións públicas e entidades que colaboran na renda social galega, os datos e informes que resulten necesarios para o correcto exercicio das funcións de revisión e supervisión.



CSV REXISTRO-X49cJoy08-7

Verificado

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Artigo 33. Modificación.

1. A contía da renda social galega en calquera das súas modalidades poderá ser modificada como consecuencia de cambios, tanto persoais como económicos, ocorridos na unidade de convivencia.

2. O procedemento de modificación da prestación económica poderase iniciar de oficio ou a instancia de parte e instruírse nos termos que se establezan regulamentariamente. O prazo máximo no que deberá resolverse e notificarse a resolución será de tres meses desde a adopción do acordo de iniciación, ou desde a presentación da solicitude e a documentación pertinente, segundo se estableza regulamentariamente, no rexistro da administración correspondente. Transcorrido devandito prazo sen resolver e notificar a resolución, entenderanse desestimadas as pretensións da persoa solicitante. No caso de modificacións instadas de oficio, transcorrido o prazo máximo para resolver e notificar o citado anteriormente, estarase ao disposto no artigo 25.1 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cando a persoa titular falecida fose perceptora da renda social galega e ao obxecto de que, en caso de vivir con outros beneficiarios, estes non queden en situación de desamparo, establecerase un procedemento, nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente.

3. A modificación da contía aplicarase a partir do primeiro día do mes seguinte ao da data da resolución que a recoñeza.

Artigo 34. Renovación.

1. O procedemento de renovación desenvolverase regulamentariamente sen que en ningún caso se interrompa o abono da prestación ata a data en que se produza a nova resolución.



CSV REXISTRO-X49-08-7
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



2. De conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 28 da presente lei, a renovación da renda social galega, en calquera das modalidades, efectuarase para favorecer a intervención social e a solicitude da persoa titular e deberase poder acreditar nese momento o cumprimento dos requisitos esixibles, durante o último semestre anterior ao fin da vixencia da resolución de concesión do dereito á prestación e, en todo caso, antes do último trimestre, no rexistro do concello do municipio onde se atope empadroada e teña a súa residencia efectiva, ou no rexistro da Xunta, segundo corresponda, sen prexuízo do disposto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. O proceso de renovación da renda complementaria suporá con carácter obrigatorio, en todos os casos, a avaliación do programa personalizado de inclusión da ou as persoas destinatarias, no seu caso, así como a formulación do novo programa para o novo período.

Artigo 35. Suspensión.

1. O dereito á renda social galega poderase suspender polas seguintes causas:

- a) Perda temporal dalgún dos requisitos esixidos para o seu recoñecemento.
- b) Incumprimento temporal por parte da persoa titular ou de calquera membro da súa unidade de convivencia das obrigacións e compromisos asumidos ao acceder á prestación incluíndo o incumprimento do programa personalizado de inclusión, se é o caso.

2. A suspensión do dereito á renda social galega implicará a suspensión do pago da prestación para partir do primeiro día do mes seguinte ao da data de resolución e manterase mentres persistan as circunstancias que desen lugar á mesma, por un período máximo de doce meses.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46311
Data envío: 13/02/2019 20:04:34.594



3. O recoñecemento do dereito á prestación poderá renovarse se desaparecen as circunstancias que motivaron a súa suspensión, nos termos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 36. Extinción.

O dereito á renda social galega, en calquera das súas modalidades, extinguirase polas seguintes causas:

- a) Transcorrido o período de tres anos desde a data de resolución sen solicitarse por parte da persoa titular o procedemento de renovación.
- b) Modificación das condicións tidas en conta para a concesión da prestación, de forma que sitúen á persoa titular fóra dos requisitos esixibles para a súa percepción.
- c) Perda definitiva dalgún dos requisitos esixidos para o seu recoñecemento.
- d) Falseamento na declaración de ingresos ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conservar a renda social galega.
- e) Mantemento dunha situación de suspensión por período continuado superior a doce meses.
- f) Renuncia da persoa titular.
- g) Incumprimento inxustificando e reiterado das obrigas previstas no artigo 14 desta lei.
- h) Falecemento da persoa titular.

CSV REXISTRO-x4g-cj08-7
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46311
Data envío: 13/02/2019 20:04:34.594



TÍTULO IV

RÉXIME DE FINANCIAMENTO

Artigo 37. Fontes de financiamento.

1. O financiamento da renda social galega establecerase a través das partidas orzamentarias necesarias para atendela economicamente, aprobadas anualmente na Lei de orzamentos da Xunta.

Artigo 38. Dos créditos da Xunta.

Os créditos destinados a satisfacer o pago das prestacións económicas reguladas nesta lei terán o carácter de créditos ampliáveis no orzamento da Xunta.

Artigo 39. Financiamento dos instrumentos de inclusión social e de inserción laboral.

1. Os instrumentos de inclusión social serán financiados con cargo aos orzamentos da consellería competente en materia de asistencia social.
2. Os instrumentos de inserción laboral serán financiados con cargo aos orzamentos da consellería competente en materia de emprego e formación.



CSV REXISTRO: x4g-bj08-7

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



TÍTULO V

RÉXIME COMPETENCIAL E ORGANIZATIVO

CAPÍTULO I

Réxime competencial


Artigo 40. Disposición xeral.

As competencias en materia de asistencia social, no marco dos servizos sociais xerais, corresponderán á Xunta e ás entidades locais no seu respectivo ámbito territorial e deberán exercerse baixo os principios xerais de coordinación e cooperación, sen prexuízo da autonomía que corresponde a cada unha delas, e de acordo co previsto no Estatuto de autonomía de Galicia, na lexislación autonómica de servizos sociais e na lexislación de réxime local.

Artigo 41. Xunta.

Corresponde á Xunta o exercicio das seguintes competencias:

- a) A elaboración das normas de desenvolvemento da presente lei.
- b) A resolución, financiamento e pago da renda social galega, así como de todas aquelas medidas contempladas nesta lei.
- c) A planificación, o control e a avaliación xeral das medidas contempladas na presente lei.
- d) A aprobación da planificación axeitada no marco da Estratexia de Inclusión Social de Galicia.



CSV REXISTRO: x4gcbj08-7

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Artigo 42. Entidades locais.

Na consecución da finalidade perseguida pola presente lei, as entidades locais, a través dos servizos sociais, dada a súa consideración de prestación básica do sistema público de servizos sociais, desenvolverán as seguintes atribucións:

- a) A detección das persoas ou as unidades de convivencia que se atopen en situación de exclusión ou risco de exclusión, o diagnóstico social, a subscrición coas persoas interesadas do acordo de inclusión social e o resto de instrumentos de inclusión social, como tamén participar, no seu caso, na elaboración do itinerario de inserción laboral en coordinación cos servizos públicos de emprego, e elevar o informe-proposta de resolución ao órgano local competente.
- b) A instrución e presentación do expediente, do informe social, no seu caso, así como do informe-proposta de resolución da autoridade municipal sobre a concesión da renda social galega, na modalidade que corresponda, no rexistro da dirección territorial en materia de asistencia social competente para resolver.
- c) O seguimento e avaliación dos instrumentos de inclusión social a través dos servizos sociais e do instrumento de inserción laboral a través das persoas profesionais dos servizos de emprego locais en colaboración e coordinación co servizo público de emprego.

CAPÍTULO II

Cooperación, coordinación e participación

Artigo 43. Deber de cooperación e coordinación entre administracións públicas





1. As administracións públicas galegas deben prestarse entre si a cooperación e coordinación necesarias para garantir a máxima eficacia e eficiencia no funcionamento da renda social galega.
2. A administración da Xunta colaborará coas diferentes administracións para a adecuada xestión da renda social galega, promovendo acordos precisos para o intercambio de información, en particular, no referente á concorrencia de incompatibilidades ou supostos de subsidiaridade, melloras na xestión da prestación e aqueloutros aspectos que se consideren adecuados á finalidade da prestación.
3. Regulamentariamente establecerase o órgano de coordinación permanente entre a administración da Xunta, as entidades locais, supramunicipais e as deputacións provinciais, para asegurar a eficacia e coherencia do sistema público de servizos sociais conforme ao disposto na lexislación galega de servizos sociais.
4. Poderanse subscribir convenios para o desenvolvemento e implementación do contido desta lei así como para o Estratexia de Inclusión Social de Galicia.

Artigo 44. Departamentos e organismos da Xunta.

1. Os departamentos e organismos da administración da Xunta colaborarán na definición e execución das actividades que se determinen nos instrumentos orientados á inclusión social e a inserción laboral, especialmente nas áreas de emprego, educación, vivenda e saúde, a través das formas de colaboración que se establecerán regulamentariamente.
2. A consellería competente en materia de asistencia social ofrecerá información sobre as persoas perceptoras das prestacións da renda social galega, no seu caso, aos departamentos da administración da Xunta con competencias en materia de emprego, formación, educación, vivenda, sanidade, transporte e facenda, co fin de favorecer e facilitar o seu acceso aos diferentes servizos públicos.





Artigo 45. Participación das entidades sociais.

As entidades locais poderán subscribir convenios de colaboración con entidades sociais públicas ou privadas sen ánimo de lucro, ou utilizar calquera das fórmulas reguladas na lexislación vixente en materia de contratación pública con criterios de calidade, sustentabilidade e de carácter social, incluíndo cláusulas sociais, para o desenvolvemento do contido das accións vinculadas aos itinerarios de inclusión social.

CAPÍTULO III

Gobernanza e participación

Artigo 46. Gobernanza da lei e comisión técnica de seguimento e aplicación.

1. Co fin de garantir a máxima eficiencia e utilidade da presente lei para a cidadanía galega, a coordinación política e orzamentaria residirá na consellería competente da renda social galega da Xunta.
2. A coordinación técnica residirá na comisión técnica de seguimento e implementación da renda social galega, adscrita á consellería competente en materia de asistencia social, que se constituirá coa participación de persoal directivo e técnico da consellería e das direccións territoriais con competencias en materia de asistencia social e en inserción laboral ou sociolaboral, así como das administracións locais. A súa composición, funcións e réxime xurídico determinaranse regulamentariamente, respectando en todo caso o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.





Artigo 47. Órganos de participación social.

1. A participación cidadá e dos axentes implicados na implementación desta lei materializarase nunha comisión de seguimento creada a tal efecto a nivel autonómico e nos consellos de inclusión social que se creasen nos municipios.
2. A comisión de seguimento autonómica realizará accións de sensibilización, coordinación, análise e propostas de mellora para a aplicación desta lei.
3. Nos organismos de participación respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes.
4. Na comisión de seguimento de ámbito autonómico estarán representadas, entre outras, as universidades públicas galegas, entidades do terceiro sector de acción social que desenvolvan instrumentos vinculados coa renda social galega, sindicatos, entidades locais, organizacións empresariais, como tamén persoas titulares do dereito á renda social galega.

TÍTULO VI

PLANIFICACIÓN, COORDINACIÓN, CALIDADE E AVALIACIÓN

Artigo 48. Disposicións xerais.

1. A planificación da implementación da presente lei materializarase, no ámbito autonómico, a través Estratexia de Inclusión Social de Galicia, debendo garantirse na súa elaboración a participación directa de todas as administracións públicas galegas, así como a doutras entidades públicas que interveñan no sector e do resto de axentes implicados.
2. Poderán elaborarse plans específicos ou territoriais para barrios, municipios, comarcas ou outros ámbitos xeográficos que, pola súa maior vulnerabilidade e polas súas elevadas taxas de pobreza e exclusión social, precisen dunha acción





integral a curto ou medio prazo, en coordinación coas liñas marcadas na Estratexia de Inclusión Social de Galicia.

Artigo 49. Dos plans xerais.

Corresponde ao Consello da Xunta o impulso e fomento dos servizos sociais, o emprego, a vivenda, a formación, a saúde, a educación e todos aqueles aspectos que faciliten a inclusión social e laboral das persoas en situación de exclusión social ou de vulnerabilidade social, mediante a implantación e o desenvolvemento de actuacións ou plans xerais, que deberán contemplar as medidas de inclusión propostas, en colaboración coas entidades locais.

Artigo 50. Da coordinación das actuacións.

As actuacións referentes tanto á renda social galega como á inserción social e laboral determinadas nesta lei que impliquen intervencións de distintas consellerías, coordinaranse nos termos que se establezan regulamentariamente coa finalidade de garantir a eficacia do conxunto das actuacións, a utilización racional dos recursos e a continuidade da atención ás persoas en situación de exclusión ou vulnerabilidade.

Artigo 51. Mellora da calidade da atención, formación de profesionais e investigación.

1. Ao obxecto de garantir unha atención de calidade e a mellora dos estándares de atención, a consellería competente en materia de asistencia social fomentará a aplicación de métodos acreditados de avaliación externa e mellora continua da calidade que contribúan a determinar as disfuncións ou os déficits que se produzan na satisfacción das necesidades e no funcionamento das estruturas de xestión da renda social galega.

2. As administracións públicas galegas coordinaranse para promover e planificar a formación da totalidade de axentes e profesionais que interveñen na





implementación dos instrumentos orientados á inclusión social e inserción laboral, en particular, de figuras profesionais especializadas en incorporación social e laboral, en intervención social e educación familiar e en mediación intercultural, dotando dos recursos económicos necesarios para iso.

3. A consellería competente en materia de asistencia social fomentará, en colaboración coas universidades de Galicia a investigación no ámbito da inclusión social e determinará os eixos prioritarios de estudo e avaliación con vistas a favorecer a eficacia das políticas públicas de protección e intervención social e o mellor aproveitamento da innovación.

4. A consellería competente en materia de asistencia social articulará os medios necesarios para proceder á identificación e o seguimento das boas prácticas desenvolvidas tanto no ámbito territorial galego como noutras comunidades autónomas e noutros países da contorna europea.

Artigo 52. Avaliación e seguimento.

1. A avaliación e seguimento xeral da renda social galega, que incluírá a valoración dos seus resultados e obxectivos conseguidos así como a articulación de propostas de mellora xeral da prestación, realizaraa a comisión técnica de seguimento e implementación da renda social galega, prevista no artigo 47.2 desta lei.

2. Con carácter anual dita comisión técnica realizará un informe de impacto da lei, no que se incluírán os perfís das persoas perceptoras, os resultados de inclusión social e inserción laboral, a coordinación dos departamentos do Consello da Xunta e das distintas administracións implicadas para garantir a inclusión social. Así mesmo, co fin de recoller propostas para un mellor desenvolvemento e alcance da finalidade da lei, trasladarase devandito informe ao Consello Económico e Social de Galicia e, no seu caso, a outras entidades





cuxos fins garden relación directa co obxecto desta norma. Garantirase a independencia e obxectividade na avaliación.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. Cesión de datos das persoas beneficiarias entre administracións.

Respectando o disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal, poderán cederse entre administracións os datos correspondentes ás persoas destinatarias da prestación, co obxecto tanto de promover as medidas de inclusión como de controlar a fraude. Garantirase a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes nos termos previstos na citada norma.

Segunda. Persoas perceptoras da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) á entrada en vigor da lei.

As persoas que, á entrada en vigor da presente lei, estean a percibir a RISGA deberán esperar á finalización do prazo de concesión da mesma antes de proceder a solicitar a renda social galega.

Terceira. Persoas perceptoras de rendas mínimas procedentes doutras comunidades autónomas.

Para aqueles casos en que se produza un traslado de residencia do titular ou a titular dunha renda mínima concedida noutra comunidade autónoma e que pase a fixar a súa residencia en calquera municipio da comunidade, habilitarase regulamentariamente un procedemento de urxencia. Nestes casos, non será esixible o requisito establecido no artigo 12.1.a, sendo suficiente acreditar o empadramento e residencia efectiva na data de presentación da solicitude.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46311
Data envío: 13/02/2019 20:04:34.594



Cuarta. Persoas con diversidade funcional.

Para os efectos desta lei terán a consideración de persoas con diversidade funcional as así definidas no artigo 4 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Quinta. Consideración da situación de vulnerabilidade.

Para os efectos das axudas, subvencións ou outras prestacións sociais das diferentes entidades e departamentos da administración autonómica galega, consideraranse persoas destinatarias da renda social galega a aquelas en situación de vulnerabilidade ou en situación de exclusión.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira. Expedientes de RISGA pendentes de resolver á entrada en vigor da presente lei.

1. Os expedientes de RISGA iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei sen que recaese resolución resolveranse de acordo á súa normativa de aplicación, salvo a renuncia das persoas interesadas de acordo á Lei 39/2015 que regula o procedemento administrativo.
2. A xestión e tramitación dos devanditos expedientes corresponderá ás direccións territoriais da consellería competente en materia de asistencia social.

CSV: REXISTRO-x4g-cj08-7
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46311
Data envío: 13/02/2019 20:04:34.594



Segunda

Durante o primeiro ano de vixencia desta lei, a consellería competente en materia de asistencia social habilitará e coordinará cos concellos os recursos necesarios para a tramitación e estudo das solicitudes presentadas.

Terceira

As contías do conxunto das prestacións reguladas por esta lei serán revisadas á alza ante posibles melloras no financiamento autonómico que permita acceder a un gasto por habitante superior, de xeito que se chegue ao obxectivo de complementar ingresos tendo como referencia, canto menos, a contía íntegra do SMI.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Única

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular, a seguinte:

- Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia

As referencias contidas en normas vixentes ás normas que se derrogan expresamente deberán entenderse efectuadas ás disposicións desta lei.



CSV: REXISTRO-X49-08-7

Verificado

https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46311
Data envío: 13/02/2019 20:04:34.594



DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira. Habilitación normativa.

Habílitate ao Consello da Xunta para aprobar as disposicións xerais precisas para o desenvolvemento e execución da presente lei.

Segunda. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor aos catro meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Con todo, as previsións relativas á modalidade de renda garantida producirán efectos a partir do ano da entrada en vigor da lei, e as relativas á modalidade de renda complementaria aos dous anos da entrada en vigor da lei.

Terceira

Aos seis meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia elaborárase un mapa social galego, cun estudo específico e a fondo sobre as persoas en risco de exclusión potencialmente beneficiarias da renda social galega.

Cuarta

Aos seis meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia elaborárase un cronograma de implementación por fases da renda social galega e un estudo económico que teña en conta a elevación do SMI a 1000 € en 2020, máis unha Memoria económica e proxecto gradual de elevación das contías da renda social galega.

CSV REXISTRO: x4g-joy08-7
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46311
Data envío: 13/02/2019 20:04:34.594



Quinta

Aos seis meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia desenvolverase un Decreto regulador da renda social galega, en colaboración coas entidades de iniciativa social e colectivos interesados, incluíndo aos sindicatos de clase.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 13/02/2019 20:03:44

Luis Villares Naveira na data 13/02/2019 20:03:52

CSV REXISTRO-x4g-cj08-7
Vázquez
https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

2. Comparecencia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día


2.1 48487(10/CPP-000098)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por
petición propia, para informar sobre a situación que está a
atravesar a industria en Galicia

 XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Economía, Emprego e Industria para informar “sobre a situación que está a atravesar a industria en Galicia”.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA SERRAÍNS ALVAREZ, BLANCA
Data e hora: 02/04/2019 09:05:34

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

QR XACOBEO
Verificación: <https://verifica.xunta.gal/xo>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 48321(10/MOC-000135)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 47129, publicada no BOPG n.º 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 12:39:55
Nº Rexistro: 48321
Data envío: 29/03/2019 12:39:55.044



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para a substanciación da **Interpelación 47129 (10/INT-001567)** debatida na sesión plenaria do 26 de marzo de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego no sector do telemárketing.

MOCIÓN:

“A) O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Dar cumprimento de inmediato aos acordos tomados na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 21 de marzo.
2. Reiterar o rexeitamento ao ERTE de Bosch no centro de Vigo e esixir a súa paralización a dita compañía, para garantir que as traballadoras e traballadores non perdan máis poder adquisitivo.
3. Vencellar o outorgamento de subvencións, axudas públicas ou convenios e contratos que a Xunta realice con empresas de telecomunicacións á xeración de emprego de calidade en Galicia, a non aplicación de despedimentos inxustificadas e ao respecto da lexislación laboral en materia de dereitos do persoal traballador, rescindindo os contratos en caso de incumprimento.
4. Adoptar un papel activo de mediación a través da Consellería competente para acadar un acordo entre a patronal do sector do telemárketing e a representación das traballadoras que mellore os salarios,

CSV: 5K-GQJZW1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 12:39:55
Nº Rexistro: 48321
Data envío: 29/03/2019 12:39:55.044



a calidade do emprego, reduza a temporalidade, limite o abuso da subcontratación e mellore as condicións de traballo.

5. Realizar un estudo sobre as condicións laborais neste sector, avaliando a situación das contratacións, a existencia de riscos laborais e as consecuencias na saúde das traballadoras e traballadores.

B) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a:

1. Derrogar as últimas reformas laborais que supoñen unha perda de dereitos para as traballadoras e traballadores.
2. Modificar a Lei Xeral de Telecomunicacións para esixir a todas as compañías con licenzas no Estado Español en calquera actividade de voz, datos ou servizos audiovisuais a dar os servizos de atención ao cliente, soporte técnico e comercial por compañías establecidas no Estado Español.”

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: 5f1-Q0L-zW1
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 12:39:55
Nº Rexistro: 48321
Data envío: 29/03/2019 12:39:55.044



Paula Quinteiro Araújo na data 29/03/2019 12:37:19

Luis Villares Naveira na data 29/03/2019 12:37:31

CSV: 5r1-Q0L-zW1
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 48332(10/MOC-000136)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 46711, publicada no BOPG n.º 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 13:34:40
Nº Rexistro: 48332
Data envío: 29/03/2019 13:34:40.592



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para a substanciación da **Interpelación 46711 (10/INT-001549)** debatida na sesión plenaria do 26 de marzo de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde.

MOCIÓN:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Recuperar as xerencias de Atención Primaria, asegurando orzamento propio, autonomía de xestión e capacidade resolutiva.
- Elaborar un verdadeiro Plan de Atención Primaria que recolla as demandas dos diferentes colectivos de profesionais, planificando nas diferentes anualidades a execución de mellora nas infraestruturas e o incremento de persoal.
- Dotar o Plan de mellora, dun orzamento que supoña un incremento de peso da Atención primaria respecto ao orzamento do Sergas, de ata un 25% en 4 anos.
- Comezar a aplicación da suba orzamentaria na presente anualidade, empregando as ferramentas legais para rexistrar as modificacións de crédito pertinentes.

CSV: SA44y0qz81
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 13:34:40
Nº Rexistro: 48332
Data envío: 29/03/2019 13:34:40.592



- Contemplan en dito Plan, as demandas en materia de persoal expostas polas profesionais dos Puntos de Atención Continuada, así como a dimensión necesaria do cadros de persoal das diferentes categorías. Neste sentido, porase especial atención ás categorías con maior déficit.
- Negociar coas organizacións sindicais un verdadeiro modelo de contrato temporal que permita estabilidade ás traballadoras e traballadores.”

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luis Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/03/2019 13:32:02

Luis Villares Naveira na data 29/03/2019 13:32:10

CSV Solla Fernández
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 48353(10/MOC-000137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia no ano 2019 para a mellora da atención primaria no Sistema público de saúde. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 47099, publicada no BOPG n.º 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 26 de marzo de 2019, sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa posición amosada polos colectivos e profesionais respecto das medidas anunciadas para reformular o modelo de atención primaria no sistema público sanitario, así como a incidencia destas nos problemas existentes (10/INT-001565, doc. núm. 47099)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver as medidas necesarias para cumprir, durante o ano 2019, cos seguintes obxectivos para a atención primaria:

1. Establecer, nun horizonte de catro anos, un tope máximo de 30 pacientes ao día para cada médico/a de atención primaria, e asumir o compromiso de incrementar a convocatoria de prazas ata o número necesario para cumprilo no caso dos servizos onde non se acade.
2. Achegar os recursos necesarios e axilizar os procesos e diálogo co Goberno de España para que se poidan cumprir os obxectivos de:
 - a) Aumento para Galicia do 20 por cento de solicitudes de acreditación de prazas MIR para as categorías de Medicina Familiar e Comunitaria e de Pediatría, respectivamente, nos vindeiros dous anos.
 - b) Solicitar o máximo número posible de prazas nas vindeiras dúas convocatorias MIR, esgotando as prazas acreditadas, para as especialidades de Medicina Familiar e Comunitaria e de Pediatría, respectivamente.
3. Recuperar a Xerencia de Atención Primaria dentro das estruturas da EOXI, con responsabilidade e capacidade de xestión directa do orzamento dedicado á atención primaria para cada área sanitaria, e co mecanismo de participación necesario para as distintas categorías profesionais.
4. Definir, coa participación das organizacións de médicos/as que representan aos/ás profesionais de atención primaria, un catálogo de probas diagnósticas para





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48353
Data envío: 29/03/2019 16:03:49.128

os facultativos/as de atención primaria en liña coas capacitacións dos profesionais.

5. Creación de novas prazas de interinidade, con compromiso de estabilización nas vindeiras OPE, asignadas con prioridade aos cupos de TIS superiores e con elevada media de idade entre as persoas que se atenden.

6. Profundizar na definición do contrato de continuidade, establecendo un mínimo de contratación de dous anos.

7. Manter aberta a negociación cos profesionais dos PAC para tratar de achegarse a unha solución que resolva os conflitos laborais que están plantexados.

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 29/03/2019 16:02:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/03/2019 16:02:40



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4. Proposicións non de lei

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 42462(10/PNP-003196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia
conxuntamente coas tres universidades de Galicia para revisar
o actual sistema de taxas académicas

Publicación da iniciativa, 410, 14.01.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa da deputada **Concepción Burgo López**, do deputado-portavoz, **Xoaquín Fernández Leiceaga** e do deputado, **Luis Manuel Álvarez Martínez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Sistema Universitario ten un papel decisivo na implantación dun modelo económico de crecemento sustentado na investigación o desenvolvemento e a innovación e na captación e formación do capital humano, que defendemos os socialistas.

Da mesma maneira, defendemos que a formación superior debe ser entendida como un dereito individual e un recurso do conxunto da sociedade para o seu desenvolvemento, e por iso o acceso á universidade debe basearse nos méritos e capacidades académicas e nunca pode depender das condicións económicas. Non podemos aceptar que nunha sociedade avanzada se renuncie ao talento de parte dos seus membros por cuestións de renda familiar.

Entendemos que as políticas universitarias de calquera goberno deben garantir a equidade e a igualdade de oportunidades no acceso a educación, ademais de considerar a inversión en coñecemento como unha prioridade absoluta.

Por outra parte, a situación actual da mocidade é unha grande preocupación social por, ente outras, as negativas situacións de desemprego e a precariedade que manteñen o que condiciona todo o desenvolvemento das súas circunstancias vitais.

Non podemos obviar que a preparación e a cualificación profesional son elementos básicos para conseguir emprego, e que a educación superior é unha formación diferenciadora esencial no momento de enfrontarse ao mercado laboral polo que, tanto dende o punto de vista das necesidades da sociedade no seu conxunto, como das necesidades da mocidade, é esencial favorecer o acceso aos estudos universitarios.

Por iso, os socialistas entendemos que unha medida necesaria é facilitar ese acceso a través da gratuidade da primeira matrícula dos graos universitarios.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 11:20:03
Nº Rexistro: 42462
Data envío: 04/01/2019 11:20:03.967

Esta é unha medida que nos acercaría a política universitaria que manteñen os países mais avanzados economicamente de Europa onde manteñen matrículas gratuítas.

En efecto, parte dos países europeos avalan ca súa experiencia unha medida como a que propoñemos: é o caso de Austria, Dinamarca, Finlandia, Noruega e Suecia, entre outros, onde o acceso a universidade é gratuíto e todos manteñen unha alta calidade dos seus sistemas universitarios. Outros países como Alemaña o Francia teñen matrículas simbólicas, 50 euros en Alemaña, 184 en Francia.

Así, en Galicia, todo o alumnado paga moito máis que en Alemaña para poder entrar na universidade cunha renda per-cápita que non resiste a comparación.


Non cabe dúbida que durante os anos da crise deixaron de cursar estudos superiores ou os abandonaron moitos mozos e mozas por falta de recursos económicos, tal e como demostraron os análises das universidades, e isto é un luxo que non nos podemos permitir.

Por outra parte, Galicia debe aumentar a súa porcentaxe de alumnado universitario xa que a súa taxa de escolarización en estudos universitarios está moi por debaixo da media española, a cale é dun 31,1 %, mentres que en Galicia é do 27,6 %, sendo a número 11 das comunidades autónomas que a ten mais baixa.

E por riba, esta medida de gratuidade da primeira matrícula axudará a incentivar un comportamento eficiente do alumnado universitario xa que prima os bos resultados académicos.

Por suposto, unha medida de este tipo non pode significar un descenso dos ingresos das universidades galegas. Os seus custos serían sufragados pola Xunta de Galicia como unha parte da súa política de impulso das universidades e do coñecemento.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 11:20:03
Nº Rexistro: 42462
Data envío: 04/01/2019 11:20:03.967

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a establecer unha negociación cas tres Universidades de Galicia co fin de revisar o sistema de taxas académicas actual e garantir a gratuidade da primeira matrícula en todos os títulos de graos do Sistema Universitario de Galicia, de maneira que, no prazo de catro anos, sexan eliminadas as taxas de todas as primeiras matrículas e se mellore a eficiencia do sistema. Esta revisión do sistema levará aparelada a compensación económica ás universidades.”

Pazo do Parlamento, 04 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/01/2019 11:18:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/01/2019 11:18:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/01/2019 11:19:05



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 43484(10/PNP-003250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da
situación da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, 417, 23.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 11:35:33
Nº Rexistro: 43484
Data envío: 15/01/2019 11:35:33.879

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas que debe tomar o Goberno galego diante da grave situación da sanidade pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública.

Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado desde 2009, que están poñendo en risco a saúde e a vida das persoas.

A política sanitaria de Núñez Feixóo á fronte da Xunta de Galiza ao longo destes anos está poñendo contra as cordas a sanidade pública e ten un fin moi claro: converter o dereito á saúde nun negocio para grupos afíns. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade.

Fronte ao desastre que está provocando non vale nin a propaganda nin a manipulación. O deterioro é tan evidente que existe unha onda de malestar social polo deterioro da sanidade que cada día vai a máis:

CSM-REXISTRO-42gdl2qV3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 15/01/2019 11:35:33

Nº Rexistro: 43484

Data envío: 15/01/2019 11:35:33.879

Miles de persoas nas rúas protestando contra os recortes, os traballadores e traballadoras dos PAC's levan un ano en pé de guerra denunciando a falta de medios, recursos e a precariedade que fai que se estea debilitando a atención que se lle presta ás persoas que necesitan con urxencia ser atendidos por un médico. A semana pasada iniciaron folga indefinida. No 061, no transporte sanitario urxente, hai grande precariedade e unha ameaza de non seguir prestando o Servizo a partir de marzo. Dimisión masiva de xerentes de atención primaria na EOXI de Vigo por non estar dispost@s a seguir xestionando a situación de “miseria” que teñen en Atención Primaria. Nas urxencias do CHUS levan anos denuncia a falta de medios que provoca unha saturación constante das urxencias e levan dez semanas de folga reclamando os medios necesarios para evitar os amoreamentos de persoas nos corredores e a falta de medios humanos e técnicos.

Hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do Partido Popular e en que non estamos na fase de grupos de traballo, nin de enquisas virtuais, nin de auditorías. Estamos na fase de asumir responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade. Despois de ver como no mes de Agosto, falecía un doente no PAC da Estrada por falta de persoal sanitario para atendelo, 2019 empeza cunha denuncia en fiscalía para que investiga a morte de dúas persoas no servizo de urxencias do Chus sen recibir a atención debida. nuns servizos de urxencias saturados sen os medios necesarios que fai que as persoas non teñen a atención que precisan, situación pola que @s traballadores/as levan 10 semanas de folga demandando solucións.

CSV REXISTRO: r2gdl.2qV-8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 11:35:33
Nº Rexistro: 43484
Data envío: 15/01/2019 11:35:33.879

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“a.- O Parlamento de Galiza insta ao Presidente da Xunta a cesar ao Conselleiro como recoñecemento de que asume os erros e está disposto a iniciar unha nova etapa que deixa atrás recortes, privatizacións e o sufrimento que causaron.

b.- O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruindo a sanidade pública d@s galeg@s e poñendo en risco o dereito á saúde:

1. Aumento do orzamento destinado a Sanidade

2. Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías(as 6.000 ofertadas en concurso de traslados) / contratos estábeis e dignos /substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia / aumento das prazas de formación de especialistas, MIR

3. Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.

4. Plan de Mellora de Atención Primaria: incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros). Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria./ Incrementar as prazas de especialistas en



CSV REXISTRO: r2gdrl_24v-8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 11:35:33
Nº Rexistro: 43484
Data envío: 15/01/2019 11:35:33.879

pediatría e medicina familiar e comunitaria./ Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs / Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.

5. Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios

6. Eliminación dos copagos farmacéuticos.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2019 10:57:44

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2019 10:57:48

CSV REXISTRO-j2gdl.2qV-8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 15/01/2019 11:35:33

Nº Rexistro: 43484

Data envío: 15/01/2019 11:35:33.879

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2019 10:57:50

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2019 10:57:51

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2019 10:57:52

Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2019 10:57:53

CSV REXISTRO-j2gdl.2qV-8
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 46671(10/PNP-003503)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de interese, coas portas xiratorias e cos posible casos de enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas

Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:19:21
Nº Rexistro: 46671
Data envío: 21/02/2019 18:19:21.208



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As interaccións entre a esfera pública e a privada foron normalizadas grazas á necesidade do Estado de contar con profesionais altamente formados para cubrir cargos específicos. Estes profesionais soen adquirir devandita experiencia en empresas estratéxicas do ámbito privado para despois integrarse temporalmente nas estruturas do Estado. A súa procedencia non debe ser un condicionante para exercer un cargo público. Sen embargo fomos testemuñas de como unha multitude de casos desenvolveron as súas funcións públicas dun xeito pouco neutral, en favor de intereses particulares ou con intencións relacionadas co seu futuro individual por riba do ben común.

Se ben entendemos que os expertos que veñen do sector privado se converten en cargos públicos, é preocupante que non existan mecanismos que garantan a desvinculación real que debe producirse cando un empregado dunha empresa privado pasa a exercer un cargo público de responsabilidade. O enorme número de casos de portas xiratorias actual amosa que os actuais mecanismos de prevención non son efectivos. Os cargos de alta relevancia política poden (e soen) asegurarse un posto dentro de grandes empresas á finalización do seu mandato. Estes movementos sóense afianzar con adxudicacións ou promulgando lexislación beneficiosa para os intereses particulares da empresa.

CSM-KrVUGuLT9
Verificado
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





A lexislación española procura poñer freo a este fenómeno mediante a Lei 3/2015, de 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración do Estado, onde se crea un órgano de vixilancia e control dos altos cargos da Administración Xeral do Estado a través da Oficina de Conflitos de Intereses. Lamentablemente, esta oficina non pode atallar os movementos de alternancia entre a esfera pública e a privado. Este pode ser debido aos seus limitados recursos ou a súa dependencia orgánica ministerial.

Tamén existen outras medidas, dispersas nunha multitude de leis, que tampouco son eficaces para frear o problema das portas xiratorias. Tanto a Lei 10/2019, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, como a Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, acercan posicións en canto a transparencia e incompatibilidades, mais a dispersión normativa e a multiplicidade de niveis e órganos propostos non bloquean as incidencias privadas no sector público a través das portas xiratorias.

A días de hoxe non pode negarse que a aceptación e normalización histórica das portas xiratorias supuxo unha derrota democrática, propiciando unha dinámica de depredación que deteriorou gravemente ao Estado de Benestar español. A pesar disto non podemos resignarnos a aceptar este bloqueo como algo inevitable.

Os efectos combinados de por un lado unha regulación insuficiente para atallar os casos de portas xiratorias sumado á dependencia dos órganos de decisión sobre as incompatibilidades, propiciaron a priorización política e lexislativa das grandes empresas sobre os intereses da cidadanía. Este feito derivou en numerosas ocasións en profundas distorsións do mercado español. As consecuencias de non poñer freo a este fenómeno hoxe poden verse na esaxerada precariedade do mercado laboral, nos prezos excesivos da electricidade, na






destrución do mercado das renovables ou nos abusos do mercado inmobiliario, sectores que en gran medida están desvirtuados como consecuencia de políticas clientelares froito da intromisión constante de intereses privados e individuais na xestión das políticas públicas.

Da normalización das portas xiratorias resultou o saqueo de servizos e fondos públicos que afectan ás maiorías máis necesitadas. Deste xeito dinamitouse o verdadeiro sentido do Estado de Benestar, que non é outro que protexer e chegar a suplir as necesidades das clases máis desfavorecidas alí onde o mercado non chega. As portas xiratorias deixáronnos unha sociedade cada vez máis dividida entre ricos e pobres e un Estado baleiro de contido que tende a ser privatizado grazas á acción carroñeira das grandes empresas.

Podemos atopar claros exemplos onde ex dirixentes políticos ou ex altos cargos forman parte de consellos de administración de empresas que encabezan sectores con vantaxes comparativas. A “fichaxe” destas poderosas e influentes personaxes propiciou medidas contrarias ao ben común, como o rescate á Banca, o rescate de autopistas, a venda de bens inmobiliarios a fondos voitres a prezos irrisorios, entre outros. Deste xeito construíuse unha relación de favoritismo entre o poder público e cercas empresas que deterioraron gravemente os servizos públicos.

Este fenómeno, que no seu interior leva consigo a esencia dun modelo de depredación neoliberal, xustifica a ineficacia do público a través das atrocidades cometida en favor do privado. Beneficiando ás empresas grandes sobre as pequenas e ao privado sobre o público. Este esquema político de privatizacións e de detrimento do público deixa nunha posición de debilidade ao Estado, derivando en abusos por parte das grandes empresas.



CSV: KxVVOGULT9

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:19:21
Nº Rexistro: 46671
Data envío: 21/02/2019 18:19:21.208




A actividade máis frenética en canto a movementos de información sensible e de entrada e saída de persoas influentes na Administración Pública, veuse rexistrada en relación con empresas que operan no mercado de valores. Non é casualidade que estes movementos se dan xustamente nas empresas con maior capacidade económica representadas no mercado de valores. Estas entradas e saídas do aparato público ao privado propician, sen dúbidas, a corrupción e a promoción dos intereses particulares sobre as estruturas do Estado.

Co obxectivo de reforzar o Estado e asegurar a súa integridade, é preciso dar unha resposta contundente mediante unha política activa en materia de conflito de intereses e portas xiratorias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Garantir a independencia dos cargos públicos dentro das institucións autonómicas respecto á esfera privada a través dun código de conducta vinculante.
2. Dotar de independencia ás entidades públicas encargadas dos réximes de incompatibilidades, con especial atención a aquelas que regulan os altos cargos autonómicos, membros do Goberno e Parlamento.
3. Crear unha entidade independencia con exclusiva competencia sobre o réxime de incompatibilidades e conflito de intereses con capacidade para responsabilizar a aquelas empresas que infrinxan a normativa referente a portas xiratorias, que garanta a transparencia e que teña capacidade de avaliación e seguimento de políticas públicas.



CSX-Kv1VQGuLT9

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:19:21
Nº Rexistro: 46671
Data envío: 21/02/2019 18:19:21.208



4. Proponer un período de carencia mínimo de cinco anos para membros do Goberno, altos cargos autonómicos e membros electos do Parlamento de Galicia que sexan susceptibles ás portas xiratorias.
5. Promover a tipificación das portas xiratorias como delito.
6. Establecer tres declaracións patrimoniais (ao comezo, final e durante o período de carencia) co fin de detectar casos de enriquecemento ilícito cando non se poda xustificar o incremento patrimonial.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Vicevoceira do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 21/02/2019 18:17:15

CSX-KvVQGuLT9
Vicevoceira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 46917(10/PNP-003525)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a declaración de impacto ambiental que debe emitir o
Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da mina
de Touro

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46917
Data envío: 26/02/2019 19:00:30.356



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A mina de Touro só conta co apoio do Partido Popular que, como de costume, pretende facer negocio malvendendo os recursos naturais do noso territorio. O resto de actores políticos e sociais fai tempo que nos pronunciarnos en contra da explotación debido aos danos inmensos que está provocando na súa contorna.

Durante o mes de xaneiro, as fortes choivas –comúns nesta época do ano– provocaron o desbordamento do río Portapego ao seu paso por Touro. As súas augas laranxas chegaron ata as rúas da localidade, levando con elas a contaminación da mina. Nada novo. A Plataforma Veciñal da Mina de Touro denunciara un mes antes o desborde da balsa mineira de Bama, que verteu o seu lixo nun afluente do Ulla. A mesma situación repetiuse en varias ocasións durante o ano pasado.

Os riscos que supón a mina de Touro para o medio ambiente son, así, claros, polo que non se explica que a súa Declaración de Impacto Ambiental non sexa negativa. Como sinalaron varios científicos galegos, a documentación presentada na DIA é inconcreta, repetitiva e pouco definida. Dito doutro xeito, é un traxe feito a medida para satisfacer os intereses espurios do conglomerado de empresas encabezadas por Cobres San Rafael.

CSV: wH_Zmcj060
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>






Agora, novos datos extraídos dos informes incorporados ao proxecto mineiro de Touro veñen de confirmar que a práctica totalidade dos materiais xeolóxicos da mina xerarían drenaxes ácidas e mobilizarían metais tóxicos.

Na “Documentación técnica asociada a la solicitud de autorización de vertido de las aguas pluviales procedentes de la balsa de Bama” recoñécese a necesidade de xestionar e tratar *“las aguas de escorrentía circulantes a través de las superficies afectadas por la anterior actividad minera”*, ás que denominan “augas brutas”. Isto non se admitira con anterioridade. Estas “augas brutas” portan unha alta carga contaminante debido á natureza dos materiais afectados pola actividade mineira.

Ademais de recoñecer a existencia de augas contaminadas, na documentación recoñécese que máis do 90% dos materiais in situ da mina (zonas mineralizadas, anfíbolitas, xisto e paragneises) provocarían problemas de acidez e de mobilización de metais tóxicos. Así mesmo, a empresa asume que *“los únicos materiales que no tienen un potencial acidificante son prácticamente los suelos superficiales y algunas saprolitas fuertemente oxidadas de naturaleza caolínica. El resto de los materiales siempre producirá acidez y, prácticamente en todos los casos, si no se realizan actividades preventivas de mitigación de los procesos oxidativos y de tamponización llegarán a condiciones hiperácidas”*. E polo que atinxe aos produtos da actividade mineira, Explotaciones Gallegas S.L. afirma *“A idénticas conclusiones, sólo que todavía con mayor riesgo de acidificación se llega analizando el contenido de azufre y la cinética de oxidación forzada en laboratorio, de materiales recogidos en escombreras y cortas de la mina Touro”*.

Todo isto contratas de maneira significativa con que dixera a empresa ata o momento. Segundo Explotaciones Gallegas S. L., o volume de estériles que





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46917
Data envío: 26/02/2019 19:00:30.356



xeraría drenaxe ácida sería do 50%, mentres que os materiais non acidificantes serían o 50%.

Así, dado que se admite que a practica totalidade dos materiais da mina (o 90%) xeraría drenaxes ácidas, tense que recoñecer que tódalas medidas de tratamento dos estériles, as de contención e mitigación da drenaxe ácida e as propostas de restauración feitas ata o de agora son incorrectas e ineficientes, porque se fixeron considerando só un 50% de drenaxes ácidas, polo que o conxunto do proxecto non é viable.

Cómpre, polo tanto, que a Xunta de Galicia emita una unha Declaración de Impacto Ambiental desfavorable que poña fin á actividade da mina de Touro.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a emitir unha Declaración de Impacto Ambiental desfavorable ao proxecto mineiro de Touro que poña fin á actividade contaminante do lugar.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2019.

.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.






PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46917
Data envío: 26/02/2019 19:00:30.356



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 26/02/2019 18:53:45

Antón Sánchez García na data 26/02/2019 18:53:49



CSV: wLl-Zmjd60

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 47818(10/PNP-003612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 3 máis

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa aplicación do superávit orzamentario das comunidades autónomas e dos incentivos previstos na disposición adicional 151 da Lei de orzamentos xerais do Estado, así como a actuación que debe levar a cabo para o impulso dun plan anual de mellora da atención primaria da saúde

Publicación da iniciativa, 450, 27.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 10:45:34
Nº Rexistro: 47818
Data envío: 15/03/2019 10:45:34.774

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga** e dos deputados **Julio Torrado Quintela** e **Abel Losada Álvarez** e da deputada **Begoña Rodríguez Rumbo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

No Pleno do Parlamento de Galicia do pasado 13 de marzo de 2019, o presidente da Xunta anunciou a remisión dunha carta á ministra de Facenda do Goberno de España, que despois coñecemos a través da prensa escrita, con dous obxectivos:


1. Solicitar a autorización para investir en gasto social o superávit estimado para 2018, que algunhas informacións cifran en 125 millóns de euros, en función da disposición adicional 116ª da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018.
2. Solicitar a aplicación do incentivo previsto na disposición adicional 151ª da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018 para as comunidades autónomas de positivo desempeño fiscal.

Non podemos menos que compartir a idea de reforzar os fondos destinados a gasto social, pois as emendas presentadas polo noso grupo no debate de orzamentos da Xunta de Galicia para 2019 incidían nesta necesidade.

A lectura atenta da disposición adicional 116ª antes citada obriga a contemplar con algunha perplexidade a efectividade do solicitado polo presidente da Xunta de Galicia na citada misiva.

Pois esa disposición inclúe, cando menos, tres condicionantes relevantes:

- a) Deben destinarse a “investimentos”, como se reitera en distintos apartados da disposición, que, ademais, deben ser “financeiramente sustentables”. Non cabe, polo tanto, usar eses recursos adicionais para gastos correntes como a contratación de persoal ou o pagamento de salarios e tampouco ao “mantemento de investimentos nin á compra de mobiliario ou aparellos”.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 10:45:34
Nº Rexistro: 47818
Data envío: 15/03/2019 10:45:34.774

b) Serán considerados “investimentos financeiramente sostíbeis”, aqueles que teñan un impacto directo, positivo e verificable sobre a sustentabilidade das finanzas públicas e o crecemento potencial da economía, e en concreto, sobre o cambio climático, a eficiencia enerxética, a redución de gastos recorrentes ou o incremento de aforros.


c) O superávit deberá destinarse primeiro a “amortizar as operacións de endebedamento vixentes”, cando menos, para non incorrer en déficit no exercicio de que se trate.

A lectura da disposición adicional 151ª da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018 indica que para facer efectivos os incentivos reclamados debe existir un informe do Consello de Política Fiscal e Financeira e un informe da AIREF, para que o Goberno de España poida determinar, con carácter xeral para as comunidades autónomas, os incentivos aludidos. Descoñecemos que a Xunta de Galicia teña instado a convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira para cumprir os trámites previos á aplicación deste precepto legal.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno de España co obxecto de proceder a impulsar as modificacións lexislativas destinadas a establecer as regras especiais para o destino do superávit orzamentario das Comunidades autónomas para flexibilizar a súa aplicación e poder ser destinado a programas de carácter social. Garantindo, en todo caso, que ese incremento do gasto, non computable para a regra de gasto, non comprometa a sustentabilidade a medio e longo prazo das finanzas de cada comunidade.

2. O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno de España co obxecto de proceder a substanciar os trámites necesarios no Consello de Política Fiscal e Financeira e a AIREF para regular a aplicación dos incentivos previstos na disposición adicional 151ª da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 10:45:34
Nº Rexistro: 47818
Data envío: 15/03/2019 10:45:34.774

3. O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que impulse un Plan anual de mellora da atención primaria que garanta en tres anos a recuperación de 190 millóns de euros e proceda a reforzar, coa máxima urxencia posible, os fondos destinados á sanidade no orzamento para 2019, cun importe mínimo de 60 millóns de euros.”

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Julio Torrado Quintela
Abel Losada Álvarez
Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/03/2019 10:44:31

Julio Torrado Quintela na data 15/03/2019 10:44:43

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/03/2019 10:44:48

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2019 10:44:53



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 47995(10/PNP-003627)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 450, 27.03.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:26:12
Nº Rexistro: 47995
Data envío: 21/03/2019 13:26:12.167

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 15 de marzo anunciouse a decisión da avogacía do Estado de desistir de defender a prórroga de ENCE nas causas abertas na Audiencia Nacional como consecuencia dos recursos presentados contra a ampliación da concesión aprobada polo goberno do PP en xaneiro de 2016.

Esta decisión de ampliar a concesión ate o ano 2073 foi recorrida polo concello de Pontevedra, pola Asociación en Defensa da Ría e por Greenpeace. O concello de Pontevedra baseou o seu recurso na existencia de irregularidades na tramitación e aprobación da prórroga, entre elas o feito de que se sobrepase o máximo legal de 75 anos de concesión e que no expediente non se explicitaron as razóns que xustifiquen que a fábrica ten que estar no emprazamento actual, é dicir, en terreos de dominio público marítimo-terrestre.

Agora a avogacía do Estado vén de recoñecer estas anomalías e de desistir de defender a prórroga. Ábrese pois unha posibilidade real para conseguir unha demanda maioritaria da sociedade e da corporación municipal de Pontevedra.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:26:12
Nº Rexistro: 47995
Data envío: 21/03/2019 13:26:12.167


Fronte a esta posición maioritaria, tanto a empresa ENCE como o PP defenden unha decisión arbitraria e que beneficia intereses privados fronte ao interese xeral. Aínda que no pasado tanto o presidente da Xunta como o PP defenderon a saída do complexo industrial da ría, posteriormente cambiaron de postura e actuaron na práctica como voceiros do consello de administración de ENCE.

A saída de ELNOSA dos terreos de dominio público en Lourizán marcou o inicio dun camiño que debe ser continuado agora co desmantelamento da fábrica de ENCE, de maneira que se poidan liberar os 600.000m2 ocupados e cumprir as normas de ordenación do territorio aprobadas polo goberno galego, concretamente o previsto nas DOT e no POL.

No que atinxe ao Plan de Ordenación do Litoral, na súa Disposición Adicional 3ª prevé na zona ocupada pola fábrica unha Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área “é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización”.

Segundo o POL, “O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretarase mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as actuacións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.

Estamos pois diante dunha oportunidade histórica para poñer fin á desfeita da ría e da contorna, unha agresión iniciada no franquismo e continuada décadas despois, prórroga incluída. Unha oportunidade para iniciar unha nova etapa de respecto polo





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:26:12
Nº Rexistro: 47995
Data envío: 21/03/2019 13:26:12.167

medio, de reconciliación coa contorna e de devolución a Pontevedra e á ría do que en xustiza lle corresponde.

Por outra parte, a Xunta de Galiza como administración competente en materia de ordenación do territorio e tendo en conta que no seu día aprobou a declaración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a actividade de ENCE en Lourizán, debe liderar as negociacións para procurar un emprazamento alternativo para a fábrica.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Apoiar as iniciativas encamiñadas a deixar sen efecto a prórroga concedida a ENCE para a súa continuidade nos terreos de dominio público marítimo terrestre de Lourizán-Pontevedra ate o ano 2073.

2. Dar cumprimento ás previsións das Directrices de Ordenación do Territorio e do Plan de Ordenación do Litoral, singularmente o previsto na Disposición Adicional 3ª do POL, que prevé para os terreos ocupados por ENCE unha Área de Mellora Ambiental e Paisaxística, co obxecto de conseguir a recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado das instalacións da fábrica a outra localización.

3. Encargar a redacción dun instrumento de ordenación territorial para abordar conxuntamente as actuacións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados polo complexo industrial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:26:12
Nº Rexistro: 47995
Data envío: 21/03/2019 13:26:12.167

4. Iniciar as xestións, en coordinación co goberno central, para procurar un novo emprazamento para a fábrica de ENCE actualmente asentada en Lourizán.”

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG


Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2019 13:01:59

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2019 13:02:14

Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2019 13:02:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/03/2019 13:02:16



CSV: xttvpxj08
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:26:12
Nº Rexistro: 47995
Data envío: 21/03/2019 13:26:12.167

Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2019 13:02:17

Noa Presas Bergantiños na data 21/03/2019 13:02:19

CSV: xjTTPnXJUB
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 48070(10/PNP-003633)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 14 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co Plan director para o corredor Atlántico presentado o 20 de febreiro en Madrid. (Procedemento de urxencia)

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 450,
27.03.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2019 13:12:10
Nº Rexistro: 48070
Data envío: 22/03/2019 13:12:10.122

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Beatriz Mato Otero, Teresa Egerique Mosquera, Raquel Arias Rodríguez, Marian García Míguez e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Xustificación da Urgencia:

A urgencia ven motivada pola necesidade de transmitir canto antes ao Goberno de España a necesidade de rectificar un proxecto que non foi previamente consensuado coas Comunidades Autónomas afectadas.

Exposición de Motivos:

No Pleno dos días 12 e 13 de febreiro desde este grupo parlamentario formulamos unha pregunta urxente ao Goberno da Xunta ante as dúbidas que xeraba o Plan Director para o Corredor Atlántico presentado polo Ministerio de Fomento o día 20 de febreiro en Madrid, pola ausencia nese documento de actuacións que se entenden como imprescindibles para garantir a competitividade da liña ferroviaria do noroeste peninsular.

Na súa resposta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade sinalaba que, pese a non contar aínda co documento íntegro, no Plan Director presentado polo Ministerio de Fomento se aprecian lagoas e esquecementos. Tamén explicaba que ese plan contabiliza como investimentos obras que xa están executadas, como a Variante de Pajares; incorpora outras que non se corresponden aos treitos do Corredor Atlántico; mentres obvia actuacións estratéxicas como poden ser o baipás de Monforte, a saída sur de Vigo ou a solución á forte pendente existente no porto que conecta Galicia e Castela e León, no porto do Manzanal. O documento de Fomento tampouco recolle conexións ferroviarias imprescindibles, como as conexións coas instalacións portuarias, coa PLISAN ou a mellora da conexión de Galicia con Portugal.

Indicaba a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade na súa resposta no Pleno que o documento do Ministerio de Fomento tiña tamén eivas, en canto ás características da



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2019 13:12:10
Nº Rexistro: 48070
Data envío: 22/03/2019 13:12:10.122

liña (ao non recoller a implantación do sistema ERTMS nin o ancho europeo en toda a liña) e lamentaba que para o trazado noroeste do Corredor Atlántico o Ministerio de Fomento contemple menos da metade dos 3.100 millóns de euros de investimento que as comunidades do noroeste español -Galicia, Asturias e Castela e León-, calcularon necesarios para acometer unha verdadeira modernización deste itinerario ferroviario, como así lle tiñan trasladado ao Goberno central. A este respecto, tamén chamaba a atención sobre os 18 millóns por quilómetro que prevé destinar o Ministerio de Fomento ao Corredor Mediterráneo, fronte aos 1,5 millóns de euros por quilómetro que Fomento achegará para a liña León-Monforte-Ourense-Vigo.

Sinalaba, ademais, que o feito de que a liña Porto-Vigo quede fóra do corredor pon máis difícil o acceso aos fondos, polo que incidía na necesidade de traballar con máis intensidade ca nunca e esixir do Ministerio de Fomento bos documentos técnicos para a solicitude de cofinanciamento europeo.

Ante estes feitos, e tendo en conta a necesidade de que a inclusión do noroeste español no Corredor Atlántico se traduza nunha infraestrutura moderna que incida na competitividade deste territorio no eido do transporte de mercadorías e na loxística, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a **seguinte proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Fomento:

- 1.- A remisión, á maior brevidade, do documento íntegro do Plan Director para o Corredor Atlántico que foi presentado o pasado 20 de febreiro en Madrid, ao obxecto de que este poida ser avaliado en profundidade polas Comunidades Autónomas do noroeste peninsular que se verán beneficiadas da súa inclusión neste corredor ferroviario.
- 2.- A elaboración dun Plan Director para o Corredor Atlántico consensuado, que recolla planificación e proxectos concretos de calidade para conseguir fondos europeos que se traduzan nunha verdadeira modernización desta liña ferroviaria, situando este corredor no mesmo nivel de prioridade que o Corredor Mediterráneo e no que se teña en conta o traballo coordinado e conxunto que veñen realizando nesta materia as comunidades de Galicia, Asturias e Castela e León.
- 3.- O nomeamento dun Comisionado de ADIF para o Corredor Atlántico con similares funcións e competencias que o nomeado para o Corredor Mediterráneo.
- 4.- Traballar con intensidade de cara á elaboración de documentos técnicos de calidade que favorezan a recepción de fondos europeos para a liña Vigo-Porto.



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2019 13:12:10
Nº Rexistro: 48070
Data envío: 22/03/2019 13:12:10.122

5.- A redacción dun Plan de conservación e modernización do resto da rede ferroviaria de Galicia no que, en coordinación co Plan Director para o Corredor Atlántico, se recollan as actuacións necesarias para favorecer e mellorar a mobilidade dos cidadáns”.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/03/2019 13:06:50

Martín Fernández Prado na data 22/03/2019 13:07:07

Jaime Castiñeira Broz na data 22/03/2019 13:07:27

Diego Calvo Pouso na data 22/03/2019 13:07:35

Jacobo Moreira Ferro na data 22/03/2019 13:07:45

Marta Novoa Iglesias na data 22/03/2019 13:08:01

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/03/2019 13:08:15

Gonzalo Trenor López na data 22/03/2019 13:08:29

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/03/2019 13:08:40

Paula Prado Del Río na data 22/03/2019 13:08:56

Alberto Pazos Couñago na data 22/03/2019 13:09:11

Beatriz Mato Otero na data 22/03/2019 13:09:24

Teresa Egerique Mosquera na data 22/03/2019 13:09:35

Raquel Arias Rodríguez na data 22/03/2019 13:09:49

María Ángeles García Míguez na data 22/03/2019 13:10:04



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2019 13:12:10
Nº Rexistro: 48070
Data envío: 22/03/2019 13:12:10.122

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 22/03/2019 13:10:13



CSV: 31G5V7K468

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 48111(10/PNP-003635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 16 máis

Sobre a posición e as demandas que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da Avogacía do Estado de avirse nos recursos interpostos contra o acordo de prórroga da concesión de Ence nos terreos de Lourizán, en Pontevedra, así como sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos seus traballadores.
(Procedemento de urxencia)

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 450,
27.03.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2019 18:18:40
Nº Rexistro: 48111
Data envío: 25/03/2019 18:18:40.507

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Jacobo Moreira Ferro, Guadalupe Murillo Solís, Miguel Tellado Filgueira, Moisés Blanco Paradelo, Moises Rodríguez Pérez, Marta Novoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Sandra Vazquez Dominguez, María Antón Vilasánchez, Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira, César Manuel Fernández Gil e Marta Rodríguez Arias** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:


A urxencia ven motivada polos últimos acontecementos acaecidos en relación a planta de Ence en Pontevedra por coñecer en sede parlamentaria o posicionamiento sobre este tema.

Exposición de Motivos:

O pasado 14 de marzo tívose coñecemento público de que a Abogacía General del Estado allanouse procesualmente en tres recursos contencioso-administrativos que se seguen ante a Audiencia Nacional contra o acordo da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar do 20 de xaneiro de 2016 pola que se acordaba prorrogar a concesión á empresa Ence Energía y Celulosa S.A. nos terreos de Dominio Público Marítimo-Terrestre en Lourizán, onde se atopa a a súa factoría.

Esta decisión entraña un profundo impacto socioeconómico para a bisbarra de Pontevedra e para toda Galicia, xa que os montes galegos producen máis da metade da madeira que se comercializa en España e a factoría radicada en Pontevedra supón, neste contexto, a terceira parte da actividade forestal.

A retirada da Administración Xeral do Estado da defensa dunha resolución técnica que ditou hai 3 anos pon en risco os ingresos de máis de 80.000 familias que venden a súa madeira en Galicia. A actitude do Goberno de España implica que a industria forestal galega se sitúe nun escenario de perda do seu liderado en exportacións a nivel estatal, coa eliminación do tráfico portuario da terminal de Marín-Pontevedra de 400.000 toneladas anuais, o 60% do total da mercancía xeral convencional que saen por mar desde Pontevedra.



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2019 18:18:40
Nº Rexistro: 48111
Data envío: 25/03/2019 18:18:40.507

O desamparo do Goberno central na defensa dun procedemento administrativo que a propia Administración Xeral do Estado tomou, leva á cidade de Pontevedra, na que ENCE representa o 23% do produto interior bruto, a ver ameazados os máis de 5.000 postos de traballo que supón o funcionamento da sede de Pontevedra entre empregados, provedores e produtores forestais. A decisión do Goberno de España xa provocou a conxelación inmediata dos investimentos previstos por esta empresa no plan de negocios para este complexo, postergados ata coñecer que ocorrerá con este procedemento.

Desde o Grupo Parlamentario Popular enténdese que esta decisión quebra o principio de seguridade xurídica e confianza lexítima que debe prevalecer nun Estado de Dereito, xa que unha resolución que foi ditada no seo da instrución dun procedemento administrativo debe de continuar a ser defendida pola propia Administración Pública que a ditou.

Por outra parte, a inexistencia de ningunha comunicación á Xunta de Galicia sobre unha decisión desta transcendencia para o noso territorio supón unha quebra respecto ao principio de lealdade institucional entre administracións públicas. Non obstante, declarouse o coñecemento da mesma por parte de cargos do PSOE, xa que esta información foi preludiada o día 6 de marzo polo portavoz socialista en Pontevedra, quen manifestou entón publicamente que “en breve podería existir unha resolución favorable a demanda do Concello de Pontevedra contra a prórroga concedida polo Goberno de Mariano Rajoy a Ence”. Esta información (privilexiada) que tiñan membros da forza política que ocupa o goberno constitúe un feito insólito de instrumentalización das institucións públicas así como unha clara ausencia de respecto institucional do Goberno central para co Goberno de Galicia, ao que a día de hoxe non se ten facilitado información algunha ao respecto.

Este coñecemento previo denota que estamos ante un novo caso de utilización política da Abogacía del Estado por parte do Partido Socialista para interferir nas decisións técnicas adoptadas polo Goberno, chegando ao punto de desautorizar de forma absoluta á Dirección General de Sostenibilidade de la Costa y del Mar, co consecuente descrédito institucional e xeración de inseguridade xurídica.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular formulan a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“1.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para:

a) Expresar o seu rexeitamento no cambio de criterio da Abogacía del Estado de allanarse aos recursos interpostos contra o acordo da propia Administración Xeral do



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2019 18:18:40
Nº Rexistro: 48111
Data envío: 25/03/2019 18:18:40.507

Estado de prorrogar a Ence Energía y Celulosa S.A. a concesión de ocupación dos terreos de dominio público marítimo-terrestre en Lourizán (Pontevedra) onde se atopa a súa factoría.

- b) Solicitar que asuma un compromiso expreso cos máis de 5.000 postos de traballo directos e indirectos ameazados, así como coas 80.000 familias galegas que verían afectadas as súas rendas da venda de madeira, e rectifique a decisión de allanarse aos recursos xudiciais indicados no punto anterior, ao supoñer un acto de inxerencia política nunha decisión administrativa que seguiu un expediente regrado.
- c) Instar a salvagardar os principios de lealdade institucional, cooperación e coordinación entre Administracións, comunicando e consensuando co Goberno Galego as decisións que afecten á nosa Comunidade Autónoma.
- d) Solicitar a avaliación dos custos que a declaración de nulidade da prórroga podería implicar para o erario público en concepto de responsabilidade patrimonial do Estado.

2.- O Parlamento de Galicia manifesta o apoio a todos os traballadores da empresa Ence que desenvolven o seu traballo na factoría ubicada en Lourizán (Pontevedra) e a todos aqueles que, de xeito directo ou indirecto, dependen na súa actividade laboral, da permanencia da empresa, ante a decisión adoptada polo Goberno central que compromete o futuro destes empregos”.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/03/2019 18:09:26

Jacobo Moreira Ferro na data 25/03/2019 18:09:46

María Guadalupe Murillo Solís na data 25/03/2019 18:10:01

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/03/2019 18:10:08

Moisés Blanco Paradelo na data 25/03/2019 18:10:19

Moisés Rodríguez Pérez na data 25/03/2019 18:10:27



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2019 18:18:40
Nº Rexistro: 48111
Data envío: 25/03/2019 18:18:40.507

Marta Novoa Iglesias na data 25/03/2019 18:10:38

Cristina Isabel Romero Fernández na data 25/03/2019 18:10:49

Sandra Vázquez Domínguez na data 25/03/2019 18:11:02

Maria Antón Vilasánchez na data 25/03/2019 18:11:13

Raquel Arias Rodríguez na data 25/03/2019 18:11:24

Alberto Pazos Couñago na data 25/03/2019 18:11:36

Paula Prado Del Río na data 25/03/2019 18:11:51

María Isabel Novo Fariña na data 25/03/2019 18:12:09

Antonio Mouriño Villar na data 25/03/2019 18:12:18

María Julia Rodríguez Barreira na data 25/03/2019 18:12:28

César Manuel Fernández Gil na data 25/03/2019 18:12:39

Marta Rodríguez Arias na data 25/03/2019 18:12:45



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 29769(10/INT-000977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 11:18
Nº Rexistro: 29769
Data envío: 20/04/2018 11:18:47.555



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No Diario Oficial de Galicia do 17 de abril de 2018 publicouse a Resolución do 3 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 4 de xullo de 2017 pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva para os anos 2017 e 2018.

As axudas teñen por obxecto a posta en funcionamento de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, así como a normativa de desenvolvemento, se for o caso.

O crédito orzamentario disposto é de 1.400.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.781.0, distribuído en dúas anualidades, correspondendo 350.000 euros á anualidade de 2017 e 1.050.000 euros á anualidade de 2018.

As entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas a cada unha delas, expresado en euros, recóllense no anexo desta resolución:

Número expediente	Entidade solicitante	Importe axuda
BS403D-1/2017	Asociación de empresarios de Mos-AEMOS	200.000 €
BS403D-3/2017	Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial da Tomada	200.000 €

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos obxectivos previstos polo goberno galego a respecto da creación de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais?
2. Cantas solicitudes de axudas económicas para a creación de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais, recibiu a Xunta de Galicia?
3. Das axudas recibidas, cantas foron rexeitadas?
4. No caso de que se rexeitaran algunhas solicitudes de axudas, cales foron os motivos en cada caso?
5. Cal cre a Xunta de Galicia que son os motivos do reducido número de entidades beneficiarias recibidas por parte dos parques empresariais e polígonos industriais para a creación de escolas infantís?
6. Tendo en conta o baixo grado de execución do crédito orzamentario para a concesión destas axudas económicas, qué medidas ten previsto poñer en marcha o goberno galego para incrementar o número de escolas infantís de 0-3 anos para a creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e parques empresariais?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 11:18
Nº Rexistro: 29769
Data envío: 20/04/2018 11:18:47.555



 **Grupo Parlamentario**

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 19/04/2018 17:07:07

María Luisa Pierres López na data 19/04/2018 17:07:13

Julio Torrado Quintela na data 19/04/2018 17:07:17

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 31757(10/INT-001058)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a política laboral da Xunta de Galicia en relación co
dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais

Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

No dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais conviven diversos actores, pero á hora do ataque directo na primeira liña de lume atópase o persoal que dirixe as tarefas (axentes e técnicos fundamentalmente) e o persoal que se enfronta ás lapas: brigadas contratadas directamente pola Consellería de Medio Rural e brigadas contratadas a través da empresa pública SEAGA.

Non existe diferenza ningunha entre estes dous tipos de traballadores e traballadoras á hora da extinción dos lumes forestais, están baixo o mesmo mando e actúan conxuntamente.

Pero si existen varias diferenzas previas posteriores:

- O persoal contratado directamente pola Consellería está incluído no V Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.
- O persoal contratado a través de SEAGA non ten convenio nin se lle aplica o V Convenio. Aplícaselle o Estatuto dos Traballadores excepto, curiosamente cando se trata de reducir o salario pola aplicación dos recortes salariais aos empregados públicos.
- Os salarios dos traballadores de SEAGA son inferiores aos do persoal contratado directamente. Non se lles recoñece o tempo traballado en SEAGA para acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.



- Aos traballadores de SEAGA a empresa obrígaos, mediante un protocolo imposto que denunciaron ante a inspección de traballo, a realizar na mesma xornada tarefas de prevención e extinción, co risco que isto supón para a seguridade e a merma de efectividade na extinción dos lumes. Teñen constatadas xornadas laborais de 4 horas de traballo de prevención, máis 8 de extinción.

Desde os Comités de Empresa e a título individual, os traballadores-as denunciaron e gañaron sentenzas que lles recoñecen dereitos do V Convenio único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, están agardando resolución da Inspección de Traballo polo protocolo que lles obriga a duplicar tarefas e están demandando ante a dirección de SEAGA e ante Función Pública que se lles aplique a disposición transitoria sexta da LOFAXGA, que di: *“En relación co persoal regulado no título III desta lei cuxo réxime xurídico lle asigne retribucións inferiores ás establecidas no convenio colectivo do persoal da Xunta de Galicia para as correspondentes categorías procederase, nun prazo de dous anos desde a aprobación desta lei, a negociar coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos a aplicación do convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia.”*

Esta lei é a 16/2010 de 17 de decembro, co cal van case 5 anos desde a súa aprobación.

Por todo o exposto a deputada e o deputado que subscriben presentan a seguinte Interpelación:

1. Vai recoñecer o tempo traballado en SEAGA á hora de acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia? De ser afirmativa esta resposta en que termos?
2. Ten prevista a equiparación en condicións laborais entre os traballadores e traballadoras de SEAGA e as traballadoras e traballadores contratados directamente pola Xunta?

3. Váiselles recoñecer os dereitos do V Convenio único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia?
4. Vaise producir unha revisión da xornada laboral das traballadoras e traballadores de SEAGA, que duplica tarefas de prevención e extinción na mesma xornada de 12 horas, coa fin de adaptala para evitar riscos na súa seguridade?
5. Cando se lles vai aplicar a disposición transitoria sexta da LOFAXGA para negociar coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos a aplicación do convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia?
6. Está prevista algunha reunión co Comité de Empresa de SEAGA?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 31/05/2018 18:07:41

David Rodríguez Estévez na data 31/05/2018 18:07:50

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 43462(10/INT-001432)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de mellora da atención primaria

Publicación da iniciativa, 417, 23.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 10:32:24
Nº Rexistro: 43462
Data envío: 15/01/2019 10:32:24.734

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar para reverter a situación de deterioro da Atención Primaria.

Todos os camiños da política sanitaria do PP tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Durante os últimos nove anos, o PP, con Nuñez Feixóo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron no desmantelamento da sanidade pública: Redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados...

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, destínanse nos orzamentos da Xunta para 2019 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.

As consecuencias son tremendas: Masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listas de espera





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 15/01/2019 10:32:24

Nº Rexistro: 43462

Data envío: 15/01/2019 10:32:24.734

dunha semana, 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite...

Polas razóns expostas formúlase a seguinte interpelación:


-Coida o Goberno galego que é posíbel sacar á Atención Primaria da situación de emerxencia da que se atopa sen un Plan de Mellora que contemple aumento de investimento, profesionais, substitución de ausencias, mellora de equipamentos...?

-Coida que a Atención Primaria de Galiza ten unha dotación orzamentaria suficiente, non chega ao 13%, cando todas as recomendacións aconsellan que debe estar no entorno do 25%?

-Que actuacións vai realizar, e en que prazo, para incrementar o número de profesionais en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PACs?

-Vai cambiar a infame política laboral da intersubstitución por unha política de contratación laboral digna e substituír aos profesionais nas súas ausencias?

-Vai poñer en marcha unha estratexia para mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs en que prazo e con que orzamento?



CSV REXISTRO-Sb1mwOGWH-9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 10:32:24
Nº Rexistro: 43462
Data envío: 15/01/2019 10:32:24.734

-Van seguir secundarizando a Atención Primaria ou van realizar actuacións para a recuperación de Xerencias propias con capacidade resolutive e orzamentaria?

-Teñen realmente algunha estratexia para incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria sen que a asistencia sanitaria d@s galeg@s se vexa afectada aínda máis?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2019 10:31:05

CSV REXISTRO-Sb1mwOGWH-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 10:32:24
Nº Rexistro: 43462
Data envío: 15/01/2019 10:32:24.734

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2019 10:31:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2019 10:31:13

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2019 10:31:15

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2019 10:31:17

Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2019 10:31:19



CSV REXISTRO-Sb1mwOGWH-9

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 48467(10/POPX-000139)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as razóns do incumprimento da normativa vixente en
materia de transparencia

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. Presidente, cal é a razón para o seu incumprimento da normativa en materia de transparencia?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 01/04/2019 17:15:42



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 48481(10/POPX-000140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a incidencia do centralismo para o desenvolvemento de
Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2019 18:25:12
Nº Rexistro: 48481
Data envío: 01/04/2019 18:25:12,740

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr. Feijóo, non considera que o centralismo madrileño que defende o seu partido é un atranco para o desenvolvemento de Galiza?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2019 18:24:55

CSV: ecdk/zq27
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 48482(10/POPX-000141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a situación na que se atopa o compromiso do Goberno galego respecto das residencias de persoas maiores



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2019 18:26:02
Nº Rexistro: 48482
Data envío: 01/04/2019 18:26:02,487

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.


Sr. presidente, en que punto está o seu compromiso sobre as residencias de maiores?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2019

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/04/2019 14:09:26



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 42134(10/POP-004895)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 7 máis

Sobre as medidas da Xunta de Galicia destinadas a garantir o
abastecemento de auga

Publicación da iniciativa, 410, 14.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 13:17:09
Nº Rexistro: 42134
Data envío: 27/12/2018 13:17:09.975

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trénor López, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Teresa Egerique Mosquera e Marián García Míguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno.

O pasado 16 de outubro celebrábase en Madrid unha nova xuntanza do Consello Nacional da Auga, un foro do que forman parte a Administración xeral do Estado, as Comunidades Autónomas, os entes locais e os organismos de conca, ademais de organizacións profesionais e económicas relacionadas coa auga, así como entidades empresariais e sindicais do sector e grupos ecoloxistas.

Coñecemos que, entre os asuntos abordados nese encontro estiveron os plans de prevención das inundacións e os plans especiais contra a seca, cuestións de máximo interese para o Goberno galego, dado o actual contexto de cambio climático e tendo en conta as situacións que se viviron non hai tantos meses, en particular, nos concellos que se alimentan dos recursos hídricos procedentes dos encoros de Eiras e de Zamáns.

Neste Grupo Parlamentario consideramos prioritario que as distintas administracións traballen de forma conxunta para evitar posibles situación de seca que deriven en falta de abastecemento á poboación, de competencia municipal, adoptando as medidas preventivas oportunas para tratar de evitar no futuro estas situacións.

Sabemos que desde o Goberno galego se está a traballar nunha serie de medidas e ferramentas comúns para actuar ante episodios de seca, pero tamén somos conscientes da necesidade de que todas estas actuacións deben ser consensuadas e coordinadas entre as distintas administracións afectadas.

Neste sentido, no marco do recente Debate sobre o Estado da Autonomía, desde este Grupo Parlamentario presentamos unha Resolución instando á Xunta a elaborar e acordar coas entidades locais e a Administración Xeral do Estado unha estratexia para garantir o abastecemento á poboación ante situacións de seca, prestando especial atención a aquelas zonas que poidan presentar unha maior vulnerabilidade, como pode ser o caso das poboacións que se abastecen dos encoros de Zamáns e Eiras.

E por isto que os deputados e deputadas asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-UBaT9yCX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 13:17:09
Nº Rexistro: 42134
Data envío: 27/12/2018 13:17:09.975

-Que medidas está a impulsar a Xunta de Galicia para garantir o abastecemento de auga á poboación ante posibles episodios de seca, en especial, naquelas zonas nas que os sistemas de abastecementos presentan unha maior vulnerabilidade?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 27/12/2018 13:14:22

Jaime Castiñeira Broz na data 27/12/2018 13:14:36

Martín Fernández Prado na data 27/12/2018 13:14:44

Jacobo Moreira Ferro na data 27/12/2018 13:14:57

Marta Novoa Iglesias na data 27/12/2018 13:15:15

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/12/2018 13:15:40

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/12/2018 13:15:53

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2018 13:16:04

María Ángeles García Míguez na data 27/12/2018 13:16:16



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 42696(10/POP-005014)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coas obras en centros educativos da rede pública galega para este exercicio orzamentario

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:15:14
Nº Rexistro: 42696
Data envío: 08/01/2019 13:15:14.013

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Unha das liñas de actuación da consellería consiste en levar a cabo, de xeito permanente, obras de acondicionamento, reforma e mellora dos centros educativos en Galicia. Deste xeito conséguese contar con unha rede de centros educativos renovada, modernizada e adaptada ás necesidades do sistema educativo galego do século XXI.

O Goberno galego realiza en cada anualidade un importante esforzo económico para levar a cabo estas actuacións na rede de centros educativos de Galicia, establecendo prioridades e xestionando con eficiencia os recursos públicos para, dese xeito, actuar en función das necesidades existentes en cada momento.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que previsións ten o Goberno galego de obras en centros educativos da rede pública galega para este exercicio orzamentario?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 08/01/2019 13:07:14

María Antón Vilasánchez na data 08/01/2019 13:07:21

Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2019 13:07:28

Carlos Gómez Salgado na data 08/01/2019 13:07:35

María Isabel Novo Fariña na data 08/01/2019 13:07:42

Antonio Mouriño Villar na data 08/01/2019 13:07:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



CSM-REXISTRO-FKNIHlw-9

Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:15:14
Nº Rexistro: 42696
Data envío: 08/01/2019 13:15:14.013

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/01/2019 13:07:56

Martín Fernández Prado na data 08/01/2019 13:07:58



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 45387(10/POP-005417)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación da atención sanitaria na comarca do Condado-Paradanta, no que atinxe aos centros de saúde das Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e Ponteareas

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:43:35
Nº Rexistro: 45387
Data envío: 05/02/2019 13:43:35.200

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A situación sanitaria da comarca do Condado-Paradanta está a sufrir unha importante perda de capacidade asistencial como resultado dunha política de recortes moi estrita aplicada polo Goberno galego nos últimos anos. As persoas profesionais do sistema sanitario redobran esforzos e tratan de manter o maior nivel de calidade posible, mais a situación está a sobrepasar o aceptable e estanse a perder servizos que empeoran a situación.

As condicións xeográficas e demográficas do Condado-Paradanta caracterizan unha Galicia rural, con poboación dispersa e envellecida, cuxos membros máis activos das familias están desprazados aos grandes núcleos de poboación, con dificultades de comunicación polas condicións persoais e polas deficiencias de transporte público e de comunicacións para a mobilidade por medios propios. A comarca conta con varios centros de saúde (As Neves, Mondariz e Mondariz-Balneario, entre outros), estes nucleados en torno ao de Ponteareas, que conta tamén cun PAC. A maiores, ese mesmo centro de saúde presta o servizo de RX que chegara a funcionar 2 días á semana en A Cañiza, Crecente, Arbo e O Covelo. Nesta comarca existe un claro déficit tanto de infraestruturas e de persoal.

O Centro de Saúde de As Neves conta cun so cuarto de baño para todo o persoal e pacientes do centro de saúde, con dificultades de accesibilidade e que dificulta o desenvolvemento normal da actividade.

O caso dos centros de saúde de Mondariz e Mondariz-Balneario é paradigmático desta situación. Máis en concreto, o censo de cativos destes tres concellos é de 593, que o Sergas e a consellería pretenden derivar ao Centro de Saúde de Ponteareas, que xa ten adscritos a 3342, o que fará un total de 3935 crianzas con, na teoría, tres pediatras, dous en horario de mañá e un de tarde, na teoría porque a pediatra de tarde de Ponteareas leva case un ano de baixa. Con estes datos é practicamente imposible que o Centro de Saúde de Ponteareas poida asumir o cupo infantil de 593 cativos e cativas máis dos que xa teñen, polo que seguro vai pasar que sexan derivados ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, a uns 35 quilómetros de distancia.

En repetidas ocasións nos últimos catro anos os veciños e veciñas desta comarca téñense manifestado en contra desta política sanitaria do Goberno galego e non só polas condicións das instalacións e dos servizos dos centros de saúde de As Neves,

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:43:35
Nº Rexistro: 45387
Data envío: 05/02/2019 13:43:35.200

Mondariz e Mondariz-Balneario, senón tamén porque o de Ponteareas non consegue cubrir as necesidades asistenciais de forma eficaz e eficiente: ten todos os espazos ocupados, non podendo ofrecer, nin sequera, a posibilidade de resituar servizos, polo que a acumulación de pacientes é diaria. Ademais, a escaseza de persoal fai que a situación estea a entrar en coidados intensivos: a non substitución de persoal provoca que as proporcións de pacientes por facultativo sexa de 50/1 de media. A realidade é que os médicos de familia atenden aos seus pacientes máis ás urxencias e moitos médicos da quenda de mañá teñen que facer catro horas de tarde se algún dos médicos desa quenda está de baixa.

A reiterada petición do persoal sanitario dun técnico pola tarde para a utilización da máquina de RX segue sen atender, cando a presenza deste profesional permitiría usar o aparato de raios de maneira continuada de mañá e tarde e liberaría da necesidade de desprazar pacientes a Vigo, permitindo unha maior calidade de traballo, facilidade para a diagnose e mellores condicións para os profesionais e dando servizo tanto a unidade de atención primaria como ao PAC. O caso do desprazamento aos centros hospitalarios de Vigo evidencia tamén as condicións nas que se atopa Ponteareas, pois a existencia dunha soa ambulancia polas noites impide desenvolver un traballo eficiente no plano puramente asistencial, estando saturado o seu uso e non podendo ser un recurso optimizado.

A situación global, en todos os planos, é preocupante para veciños e veciñas de O Condado-Paradanta, que comprobán a perda de capacidade do sistema asistencial a pesares do esforzo dos profesionais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está satisfeito o Goberno galego coa situación sanitaria da comarca do Condado-Paradanta (respecto dos centros sanitarios de As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e Ponteareas)?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:43:35
Nº Rexistro: 45387
Data envío: 05/02/2019 13:43:35.200

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/02/2019 13:36:25

Julio Torrado Quintela na data 05/02/2019 13:36:31

Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2019 13:36:56



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 47467(10/POP-005666)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos

Sobre a elaboración pola Consellería de Sanidade dalgún plan para a protección da saúde humana en relación coa contaminación por lindano

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47467
Data envío: 07/03/2019 16:29:18.804



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O Lindano, segundo a Organización Mundial da Saúde, é un canceríxeno de tipo 1 que foi fabricado pola compañía Zeltia durante moitos anos, nunha planta situada no polígono de Torneiros, no concello do Porriño. Estímase que máis de 1.000 toneladas de residuos xerados nesta fábrica, foron vertidos na zona e outros puntos da rexión, empregando unha parte deste compoñente químico como material para o arranxo de estradas, orixinando diferentes focos de contaminación.

Outra zona de contaminación no concello do Porriño foi a zona de Contrasto, na que no mes de outubro realizáronse analíticas para as que se lles tomaron mostras de sangue as veciñas e veciños da zona.

En relación a estas analíticas, a alcaldesa de Porriño, informou no pasado pleno do luns a instancias dunha pregunta rexistrada por EU Son Porriño, sobre os resultados positivos de Lindano atopados nas analíticas e a falta absoluta de información e coñecemento relativo a algún plan ou actuación por parte tanto por parte da Consellería de Sanidade, así como dos comités científico técnicos anunciados pola Consellería de Medio Ambiente.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

CSM-B6GN6q5E8
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47467
Data envío: 07/03/2019 16:29:18.804



- Ten elaborado a Consellería de Sanidade algún Plan para a protección da saúde en relación á contaminación por Lindano?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 07/03/2019 16:24:29

Marcos Cal Ogando na data 07/03/2019 16:24:38

CSV: SIGON65EB
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 48474(10/PUP-000239)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade
para o deseño dun plan para abordar a situación da atención á
saúde mental en Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2019 17:39:16
Nº Rexistro: 48474
Data envío: 01/04/2019 17:39:16.371



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta **oral en Pleno, con carácter urxente**, relativa á saúde mental.

Xustificación da Urxencia.

O Movemento Galego da Saúde Mental ven de emitir un informe sobre o estado das dotacións públicas para a atención á saúde mental. Nel constatan as carencias graves na dotación profesional e organizativa actual da rede asistencial. A atención ás necesidades da poboación galega neste eido non é posible sen dotacións suficientes.

O informe do MGSM reflexa que a crise económica producida nos últimos anos e a resposta do goberno á mesma incrementaron os trastornos psíquicos, as problemáticas de saúde mental e o sufrimento insoportable relacionado coas condicións de vida das persoas.

A pesar de que esta era unha consecuencia previsible e anunciada pola OMS, dende a Xunta de Galicia non se seguiu ningunha das súas recomendacións para reducir o impacto sobre a saúde mental da poboación.

A política de saúde mental en Galicia caracterízase pola parálise do desenvolvemento de recursos asistenciais e plans, polos recortes de prestacións e polo traslado a entes de titularidade privada atencións que correspondían á rede pública. Mentres, os informes sobre consumo de fármacos, frecuentación de servizos e percepción do estado de saúde daban conta do empeoramento da saúde mental de galegas e galegos neste período.

CSM-JVAXD/C45
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2019 17:39:16
Nº Rexistro: 48474
Data envío: 01/04/2019 17:39:16.371



O informe do MGSM alerta da necesidade de dotación profesional. Temos no noso país un déficit de profesionais moi irregular en relación coas distintas profesións que traballan de forma especializada no ámbito da saúde mental: o 12% de déficit en TCAES, do 32% de psiquiatras, do 49 % en psicoloxía clínica e enfermaría, do 68% en terapia ocupacional e do 73.2 % en traballo social.

Por outra banda, as zonas con menor poboación vense practicamente privadas de facultativos especializados nas franxas de idades extremas, tanto da infanto-xuvenil como da atención psicoxeriátrica, precisamente de maior vulnerabilidade. O informe tamén identifica unha maior necesidade de dotación de recursos orientados á integración na comunidade dos pacientes con trastorno mental grave.

Ante a situación que describe o informe do Movemento Galego de Saúde Mental da que nos facemos partícipes, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter Urxente:**

Que iniciativas vai a adoptar a Consellería de Sanidade para coñecer a situación da atención á saúde mental en Galicia e deseñar o necesario plan para abordala coa dotación suficiente de medios, recursos e profesionais?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena
Deputada do G.P. de En Marea.

CSV: J7A5XDC45
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2019 17:39:16
Nº Rexistro: 48474
Data envío: 01/04/2019 17:39:16.371



Flora María Miranda Pena na data 01/04/2019 17:38:35

CSV XERXEN
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 48480(10/PUP-000240)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns dos atrancos que está a poñer o Sergas para a
construción canto antes do centro de saúde de Moaña



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2019 18:20:24
Nº Rexistro: 48480
Data envío: 01/04/2019 18:20:24.374

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola alarma creada entre as veciñas e os veciños de Moaña polo escrito remitido pola Directora de Recursos Económicos do SERGAS o 27 de marzo, comunicando que a parcela proposta polo concello para construír o centro de saúde non é considerada axeitada. Reclama unha parcela de 3100 metros cadrados, baixo a xustificación de que o tamaño da mesma é “clave para non hipotecar o futuro do Centro de Saúde” e que “a tendencia xeral, é a de tentar realizar os Centros de Saúde de forma ideal nas menos plantas posibles, ou integramente en planta baixa”

Chama poderosamente a atención esta posición por parte do Sergas, toda vez que o concello de Moaña está en disposición de poñer a disposición da Xunta para a construción dun novo centro de saúde unha parcela reservada no PXOM na zona de Sixalde de 2.066,87 m², e que polos parámetros urbanísticos vixentes permite unha edificabilidade de 7.750,76 m² segundo certifica o Arquitecto Municipal e que o SERGAS está executando na actualidade centros de saúde en varias plantas.

Do mesmo xeito sorprende a referencia ao “Plan de Necesidades de Atención Primaria de Cangas-Moaña”, xa que a vinculación ao mesmo é rexeitado tanto polo

CSV: skG0urT9G1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 01/04/2019 18:20:24

Nº Rexistro: 48480

Data envío: 01/04/2019 18:20:24.374

Concello de Moaña como pola veciñanza, xa que implicaría a perda de servizos básicos como o P.A.C ou a odontoloxía no novo centro de Saúde.

Todo indica que estamos diante dunha política de sectarismo contra un concello polo feito de non estar gobernado polo Partido Popular, dunha manobra de dilación e obstrución por parte do Sergas para non dotar @s veciñ@s de Moaña do centro de saúde que precisan para poder recibir unha asistencia sanitaria de calidade.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Cal é a razón para que por parte do SERGAS se estean poñendo todo tipo de atrancos para non construír canto antes o Centro de Saúde que precisa o concello de Moaña?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz


Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2019 18:20:24
Nº Rexistro: 48480
Data envío: 01/04/2019 18:20:24.374

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2019 17:07:07


Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2019 17:07:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/04/2019 17:07:13

Olalla Rodil Fernández na data 01/04/2019 17:07:15

Noa Presas Bergantiños na data 01/04/2019 17:07:16

Xosé Luis Bará Torres na data 01/04/2019 17:07:18



CSV: sUQGrT9G1

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 46815(10/POP-005582)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas nos anos 2017 e 2018 ao plan para fixar poboación no rural elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 23 de marzo de 2017, o Consello da Xunta aprobou un documento elaborado pola Consellería do Medio Rural para fixar poboación no rural dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial, innovación e formación, agricultura sustentable, mellora da competitividade, impulso da cooperación e remuda xeracional.

Segundo manifesta o Goberno, o Plan xira arredor de seis grandes eixes, a través de 23 medidas, coa previsión de crear uns 3.000 empregos directos no agro galego e a posta en valor de case 330.000 hectáreas dende o punto de vista agrogandeiro e forestal no período 2017-2020; sendo o seu principal obxectivo a cohesión territorial e o mantemento da poboación, apoiando os modelos de negocio no rural, tanto a través do aproveitamento dos seus recursos endóxeos (agrogandeiro e forestal) como dos novos eidos de negocio. Busca tamén acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais e a creación e conservación do emprego.

Case dous anos despois da aprobación deste plan, a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Cal foi a execución orzamentaria da partida ou partidas destinadas a este plan nos anos de vixencia (2017-2018)?


Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/02/2019 12:05:33

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/02/2019 12:05:41

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es






PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 12:16:11
Nº Rexistro: 46815
Data envío: 25/02/2019 12:16:11.635

Jóse Manuel Pérez Seco na data 25/02/2019 12:05:54

Raúl Fernández Fernández na data 25/02/2019 12:06:01



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 47943(10/POP-005722)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da resposta do comisario de Medio Ambiente da Comisión Europea a unha pregunta dunha eurodeputada galega en relación co posible aumento da superficie forestada con eucalipto en Galicia

Publicación da iniciativa, 450, 27.03.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 10:57:33
Nº Rexistro: 47943
Data envío: 20/03/2019 10:57:33.591

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O día 8 deste mes de marzo, respondendo a unha pregunta formulada pola eurodeputada do bng Ana Miranda sobre o aumento do cultivo en Galicia de especies invasoras pirófitas o comisario de Medio Ambiente sr. Karmenu Vellu, entre outras cousas di que a Comisión reconece ser consciente do uso de especies de eucalipto na silvicultura galega; porén asegura que o programa de desenvolvemento rural actual “exclúe o aumento da superficie forestal con esta especie” e que o Regulamento (UE) n.º 1143/2014 “estabelece un marco para previr a introdución e propagación de especies exóticas invasoras”.

Esta exclusión choca frontalmente coas previsións de incremento de hectáreas adicadas a eucalipto pola revisión do Plan Forestal Galego, pendente na actualidade de aprobación.

CSX-UGJdIw61
Certificado
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 10:57:33
Nº Rexistro: 47943
Data envío: 20/03/2019 10:57:33.591

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que opinión lle merece ao goberno galego a prohibición tácita de aumento de superficie forestada con eucalipto á que alude o comisario na resposta citada anteriormente?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/03/2019 10:41:07

CSX VUQJgw91
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 10:57:33
Nº Rexistro: 47943
Data envío: 20/03/2019 10:57:33.591

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2019 10:41:12

Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2019 10:41:14

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2019 10:41:16

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2019 10:41:18

Xosé Luis Bará Torres na data 20/03/2019 10:41:19

CSV VIGI
Vigilado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 48458(10/PUP-000238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as consecuencias da vaga de lumes rexistrada en Galicia
no primeiro trimestre de 2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48458
Data envío: 01/04/2019 16:20:55.735

Á Mesa do Parlamento

Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente** en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola vaga de lumes en Galicia, con especial intensidade na última semana de marzo, ao provocar unha manifesta alarma social.

Nos tres primeiros meses de 2019, xaneiro, febreiro e marzo, Galicia foi escenario dunha intensa actividade incendiaria espallada ao longo e ancho do seu territorio. Os incendios destacaron pola súa virulencia e intensidade, impropia nesta época do ano, aportando unha superficie queimada que xa supera a todo o ano 2018. Os expertos veñen alertando que este tipo de lumes, agresivos e desestacionalizados, xa están en Galicia para quedarse.

Con estas premisas, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Que consecuencias saca o Goberno galego da vaga de lumes do primeiro trimestre de 2019?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2019


Asdo.: Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 01/04/2019 16:20:04

Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/04/2019 16:20:10

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.04.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.10 46881(10/POP-005599)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rey Varela, José Manuel e 9 máis

Sobre a existencia dalgún contacto doutras administracións coa Consellería do Mar para o asinamento dun convenio ou colaboración para a implantación de melloras produtivas na ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2019 10:14:30
Nº Rexistro: 46881
Data envío: 26/02/2019 10:14:30.135

A Mesa do Parlamento

José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, Martín Fernández Prado, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Ría de Ferrol é un recurso turístico e natural único na nosa cidade. Aproximadamente 500 familias traballan no sector do marisqueo, promovendo unha economía sostible medioambientalmente e traballando día a día por mellorar a calidade da nosa ría.

Desde fai anos, o Goberno de Galicia ven traballando por mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros, promovendo medidas de conservación e rexeneración dos espazos marisqueiros das rías, recuperando novas superficies, e colaborando coas diversas confrarías e entidades asociativas na execución de varios proxectos.

Nestes últimos anos conseguiuase, por un lado, mellorar a calidade das augas en tres zonas da ría de Ferrol, incluído todo o banco das Pías que, clasificado como zona C dende 1998, pasou a clasificarse como zona B no 2017; e por outro lado, poñendo en marcha a batea de reinstalación, coa que o volume de descargas e o valor económico en primeira venda nas lonxas incrementouse de forma sensible do 2012 ao 2018.

Todo este traballo viuse reflexado cun aumento do número de permisos de explotación nun 20% desde 2011 e, segundo, recuperando a tendencia positiva na facturación media anual.

Recentemente as confrarías de Ferrol e Barallobre plantexaron a necesidade de facer diferentes xestións cara a viabilidade da apertura de fondos e, en todo caso, para a plantación de semente en toda a ría que posibilite a renovación dos produtos marisqueiros na mesma.

En todo caso, a propia Consellería do Mar xa lle anunciou aos representantes das confrarías da ría a súa intención de destinar 268.000 euros a tarefas de mellora das zonas e recuperación da produción, así como ao control das mesmas áreas. Do mesmo xeito, tamén brindou o apoio dos servizos técnicos da Consellería para contribuír a un mellor coñecemento das condicións oceanográficas da ría e dos

CSV: AFB, BXHIG
Certificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2019 10:14:30
Nº Rexistro: 46881
Data envío: 26/02/2019 10:14:30.135

recursos marisqueiros, ampliando a labor que ven desenvolvendo desde hai anos neste eido.

Tendo presente a vontade da Xunta de Galicia de colaborar coas confrarías da ría e co sector marisqueiro, falta saber se desde outras Administracións como a Deputación Provincial e o Goberno do Estado, déronse tamén estes pasos para implantar melloras produtivas na ría de Ferrol.

Por todo isto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Houbo algún contacto por parte de outras Administracións (Deputación, Estado) coa Consellería do Mar para a sinatura de algún convenio ou colaboración para a implantación de melloras produtivas na ría de Ferrol?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Rey Varela na data 26/02/2019 10:11:45

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/02/2019 10:11:52

Diego Calvo Pouso na data 26/02/2019 10:12:01

Martín Fernández Prado na data 26/02/2019 10:12:10


Teresa Egerique Mosquera na data 26/02/2019 10:12:16

María Ángeles García Míguez na data 26/02/2019 10:12:27

Alberto Pazos Couñago na data 26/02/2019 10:12:33

Marta Rodríguez Arias na data 26/02/2019 10:12:43

María Soraya Salorio Porral na data 26/02/2019 10:12:55



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2019 10:14:30
Nº Rexistro: 46881
Data envío: 26/02/2019 10:14:30.135

Daniel Vega Pérez na data 26/02/2019 10:13:02



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com